

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de febreiro de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTEN:

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día catorce de febreiro de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Están presentes, por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, a interventora, Sra. Guarner González, e o titula da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(116).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión 31 de xaneiro de 2005. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(117).- ANTEPROXECTO DE CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS DA CIDADE DE VIGO E PROXECTO DE DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓNS DE “CASA MAR”. DOC 40120798 E 40085514.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Novos Proxectos, do 3.02.05, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, previo coñecemento da Comisión Especial de Seguemento creada para os efectos, en sesión extraordinaria e urxente de 23 de novembro de 2004, adoptou o acordo de someter a información pública,

conxuntamente, os expedientes de referencia para a “presentación de observacións sobre a ubicación e características da obra”, ao mesmo tempo que se solicitaban informes á xefa da Unidade de Licencias da Xerencia Municipal de Urbanismo, ao xefe do Departamento de Cultura á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e á Autoridade Portuaria, achegándolles o correspondente exemplar do proxecto.

Sometida a información pública na forma legalmente prevista, mediante a publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia e no Rexistro Xeral do Concello, foron presentados catro escritos de alegacións polos representantes legais de:

- Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo
- Federación de Usuarios do Porto de Vigo.
- Pereira Productos do Mar, S.A.
- Asociación de Participación Cidadá OUTROVIGOEPOSIBLE.

As dúas primeiras de igual contido, opóñense á construción da pasarela que une o Auditorio cos fonteadoiros e os peiraos de Beiramar por vulnerar as previsións do Plan Especial do Porto e impedir o uso dos espazos portuarios afectados, fundamentando o seu contido nas determinacións do subámbito 9-A da Ordenanza 9 do Plan Especial do Porto de Vigo, no plano de situación do anteproxecto exposto ao público, obsérvase unha pasarela elevada por enriba da Avda. de Beiramar.

A entidade Pereira Productos do Mar, S.A. manifesta:

- Que participou na tramitación do proxecto de demolición e que o anteproxecto de construción non respecta as determinacións do mesmo, senon que lles perxudica aínda máis, polo que a súa actividade empresarial quedará gravemente mermada no seu funcionamento, se se ten en conta que as actividades que desenvolven nas súas instalacións son a fabricación de produtos alimentarios para os que a lexislación vixente esixe as maiores medidas de seguridade e salubridade posibles.
- Mostran a súa disconformidade coa ubicación na Avda. de Beiramar na entrada do aparcadoiro subterráneo, precisamente no lugar que teñen reservado para efectuar as labores de carga e descarga, e que ademais afectaría ao paso inferior previsto baixo o sistema xeral viario en dita avenida, sobre a que se xenerarán zonas verdes e espacios libres de uso público.
- Advirten sobre o risco que se poida derivar na construción dos sotos do novo edificio na zona colindante as súas instalacións tendo en conta as características dos sistemas construtivos que se empregaron cando se construíron ámbalas dúas edificacións e as xeotécnicas propias do terreo.
- Por último, sinalan a insuficiencia do estudo de viabilidade aprobado para o suposto de que, efectivamente, se produzan danos que darían lugar ao peche total da empresa, redución do cadro de persoal e graves prexuízos económicos na actividade empresarial.

OUTROVIGOEPOSIBLE ratifica o contido do escrito de alegacións presentado ao Estudo de Viabilidade Económica xa aprobado e, en congruencia co mesmo, interesan a redacción dun novo anteproxecto que defina claramente o obxecto principal da concesión de obra pública e os elementos complementarios e que se recollan a totalidade das obrigas que terá o concesionario e a contribución na explotación do Auditorio, ao seren obxecto de explotación conxunta as actividades comerciais coas congresuais e culturais.

En relación coas características do Auditorio opinan que:

- A denominada Sala de Congresos, que debería chamarse Sala de Cámara, carece da máis absoluta referencia no texto do anteproxecto que a destinan, exclusivamente, ao uso congresual.
- Deberíase prever a existencia de actividades conxuntas que permitan representacións de gran formato na Sala Sinfónica e de pequeno formato na Sala de Cámara, polo que deberá dispor das mesmas dotacións técnicas.
- Débense evitar os elementos móbiles na boca do escenario pola súa repercusión negativa na acústica da sala, non sendo conveniente que a anchura da boca se reduza a 11 ou 14 metros nos espectáculos de ópera.
- As actividades congresuais se subordinen en todo momento ás características técnicas que requira o Auditorio.
- As dimensións dos hombros e da chácena son insuficientes para montar escenografías completas e carecen de intercomunicación entre eles.
- O almacenamento das paredes rodantes da cuncha acústica deberíase realizar nos hombros e non na parte traseira do escenario porque é menor a distancia de desprazamento e dispor de máis fondo.
- A dimensións da chácena deben ser equivalentes ás do escenario; carece de foxo para a orquestra, da salas de ensaio para músicos e de quentamento para bailaríns e artistas, de sala para albergar o piano de concertos, de instalación dun sistema de tradución simultánea visual no respaldo de cada butaca e de equipamento de tradución simultánea nas dúas salas coas súas cabinas correspondentes.
- Deberá incrementarse a superficie dos aseos de mulleres, dos camerinos individuais e dos colectivos e prever a accesibilidade para minusválidos.
- Deberá contratarse unha dirección técnica de prestixio pola complexidade dos elementos que se contemplan no anteproxecto para garantir, dende o inicio, as mellores condicións posibles no seu funcionamento.
- A xestión do Auditorio non se debe entregar ao concesionario polo que se deberá constituir un ente ou fundación (Fundación Auditorio Beiramar) que sexa a responsable, tanto da programación como da explotación da actividade cultural quen decida a política de descontos, bonos, abonos etc. e, por último, manifestan que non se inclúe no proxecto un estudo relativo ao réxime de utilización e explotación da obra, polo que tampouco se inclúe a incidencia e contribución que nas tarifas terán os rendementos da zona de explotación comercial.

Feito o traslado das alegacións presentadas ao equipo redactor, achegan informe no que responden individualmente a cada alegante, aos que se lles comunicará integramente o mesmo no momento da notificación da resolución que adopte a Xunta de Goberno Local do que, atendendo única e exclusivamente ao obxecto da exposición ao público do anteproxecto, é dicir, “a formulación de cantas observacións se consideren oportunas sobre a ubicación e características da obra, así como calquera outra circunstancia referente a súa declaración de utilidade pública”. segundo dispón o artigo 228.3 da Lei13/2003, reséñanse as seguintes precisións:

- A razón de que existise a plataforma de paso sobre a Avenida de Beiramar no proxecto así como a conexión peonil co monte de O Castro, é que o plano de situación do anteproxecto foi extraído directamente dos paneis do concurso inicial, e ditas actuacións non están contempladas no desenvolvemento do anteproxecto, como se pode comprobar nos planos de planta e sección nos que non se recolle en absoluto dito elemento.
- Que o emprazamento definitivo dos accesos ao aparcadoiro pola Avenida Beiramar, modificaranse unha vez acreditada a autorización do vado para carga e descarga da Autoridade Portuaria. Os accesos ao aparcadoiro delimitaranse no proxecto de construción por canto está sen resolver unha consulta que foi formulada á Autoridade Portuaria.
- Especificanse os datos contidos no proxecto de derrube e incorpóranse unhas medidas de protección a ter en conta durante a escavación do subsolo da parcela e durante a construción dos sotos que serán recollidas no proxecto de execución definitivo.
- O uso das dúas salas do Auditorio será flexíbel podendo acollerse no seu interior, tanto actividades culturais como congresuais, e as características acústicas permiten todo tipo de actividades culturais que requiran un menor aforo e as instalacións técnicas necesarias para asegurar o seu bo funcionamento. A existencia dos elementos móbiles na boca do escenario é o que permite un uso máis flexíbel do mesmo, a súa repercusión

acústica é inapreciabel e as características do Auditorio están previstas para o desenvolvemento de todo tipo de actividades culturais no seu interior.

- *As dimensións dos hombros e da chácena son suficientes para as actividades culturais previstas e tan so o Teatro Real de Madrid e o Liceo de Barcelona contan cuns hombros e chácenas das mesmas dimensións que a escea para permitir o cambio completo dos escenarios. A súa comunicación producizárase, dependendo das características da montaxe, polo escenario, polas conexións exteriores que a roedan e polas galerías superiores.*
- *O almacenamento das paredes rodantes da cuncha acústica, previuse na chácena por ser o punto onde causaríase menos molestias ao uso da escena.*
- *As dimensións do foxo da orquestra permiten acoller comodamente entre 100 e 120 músicos, os ensaios xerais realizaranse sobre o propio escenario, porén, durante o desenvolvemento do proxecto, contemplárase a posibilidade de reservar un espazo adecuado para sala de ensaios, indispensable únicamente no caso de existir unha orquestra ou compañía que teñan a súa sé no Auditorio de Vigo, e adaptárase un dos almacéns próximos a escena é ao foxo da orquestra para acoller un piano e, parte dos espazos de control previstos no torno en ámbalas dúas salas, destinaranse a recoller os sistemas de tradución simultánea. As dotacións de cuartos de baño están sobradamente dimensionadas para que non se produzan colas na súa utilización. Estudiarase a posibilidade de redimensionalos.*
- *O número de camerinos individuais e colectivos está dimensionado para espectáculos que esixen un gran número de figurantes e para coros, e os camerinos da orquestra permiten acoller aos 120 músicos previstos no foxo, polo que non son só suficientes senon que están incluso por enriba dos estándares habituais en Auditorios semellantes ao previsto, e na definición do anteproxecto tivéronse en conta as condicións de accesibilidade esixibels nun edificio desas características e xustificárase no proxecto o cumprimento da normativa actualmente vixente.*
- *Durante o desenvolvemento das distintas fases do proxecto do Auditorio e Pazo de Congresos, traballaouse coa estreita colaboración do estudo de acústica de Higinio Arau, responsable do deseño acústico do Teatro Liceo de Barcelona, do reinaugurado Teatro de La Scala de Milán e, entre outros, dos Auditorios de Barcelona, León, Palma de Mallorca, Forum de Barcelona, Kursaal (San Sebastián), Euskalduna (Bilbao) e Baluarte (Pamplona).*
- *Achegan varias das cuestións formuladas no contido das alegacións a posterior trámite administrativo, que se deben realizar como é a elaboración e aprobación dos correspondentes Pregos de Condicións reguladores do concurso para a adxudicación do contrato de concesión de vía pública.*

A delegada provincial da Consellería de Cultura resposta o 16 de decembro de 2004 á solicitude de informe interesado, interesado debido a que o lugar de emprazamento se inclúe no ámbito de protección de xacemento arqueolóxico Marques de Valterra-Juan Ramón Jimenez, comunicando que:

- *A demolición da actual edificación non pode incluír movementos de terra.*
- *Previamente ao comezo da obra nova se deberá realizar unha intervención arqueolóxica (sondaxes de carácter mecánico) na parcela. Á vista dos informes dos resultados, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural determinará se é necesario estender a intervención a todo ou parte da área da parcela afectada por movementos de terra, ou ben dar por terminada a mesma.*
- *Antes ou en paralelo á intervención arqueolóxica deberase presentar o proxecto de construción da obra nova para su autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural*

A arquitecta municipal da oficina técnica de Licencias da Xerencia Municipal de Urbanismo, emite informe con data 26 de xaneiro de 2005 no que despois de describir os aspectos técnicos da obra e o correspondente cadro de superficies, destacáse:

- *Que a ocupación da edificación das plantas baixo rasante, exceden da superficie da parcela ocupando subsolo da rúa Jacinto Benavente con superficie destinada a garaxe e, na parte da Avenida Beiramar, os accesos rodados a os sotos.*
- *Que non é posible comprobar a nivel de anteproxecto, o cumprimento da norma básica sobre condicións de protección contra incendios nen as determinacións do Regulamento de Desenvolvemento da Lei de Accesibilidade e Supresión de Barreiras Arquitectónicas na Comunidade Autónoma Galega que deberá xustificar no proxecto básico.*
- *Que o acceso pola Avenida de Beiramar, non está previsto no Plan Especial do Porto, polo que no proxecto básico de desenvolvemento do anteproxecto deberanse modificar ditos accesos ou ben acreditar a correspondente autorización da Autoridade Portuaria, compatibilizando os mesmos coa futura execución do paso inferior previsto, respetando a reserva de carga e descarga da entidade Pereira Productos del Mar, S.A.*
- *Que a pasarela que atravesa a Avenida de Beiramar non forma parte do anteproxecto.*

Por imposibilidade de extractar o informe do xefe do Departamento de Cultura debido a súa xeneralidade porque abarca termos que deben ser ter tidos en conta en fases posteriores do proceso para a implantación e posta en funcionamento do Auditorio-Pazo de Congresos, transcríbese íntegramente o mesmo:

“O Secretario Xeral do Pleno do Concello de Vigo remite á esta xefatura do departamento de Cultura as alegacións presentadas pola Asociación “OUTROVIGOEPOSIBLE” relativas ó Anteproxecto do Auditorio e Pazo de Congresos de Beiramar (Vigo) elaborado pola UTE César Portela-Idom, datado en novembro de 2004 e sometido a información pública (BOP de Pontevedra num. 231 do 30 de novembro).

ALEGACIÓN PRIMEIRA.-

A “alegación primeira” non parece procedente xa que o “Estudo de viabilidade económica e necesidades de financiación” redactado por Idom e datado en agosto de 2004 está aprobado por parte da Xunta de Goberno Local.

ALEGACIÓN SEGUNDA.-

A parte máis sustancial da “alegación segunda” (puntos 3 e 4) deberá ser informados por técnicos municipais en aspectos económicos ou xurídicos.

ALEGACIÓN TERCEIRA.-

A “alegación terceira” contén aspectos de interés relativos á viabilidade e bó desenvolvemento da programación cultural que se deberá realizar no Auditorio-Pazo de Congresos. Esta xefatura entende que os redactores do Anteproxecto deberán emitir un informe complementario que aclare, informe, matice, incorpore ou descarte fundamentadamente as alegacións técnicas do documento de OUTROVIGOEPOSIBLE. Se ben deberán ser os técnicos municipais (arquitectos, inxeñeiros técnicos, etc.) quen realicen o informe final e a proposta de resolución que deba adoptar o órgano de goberno correspondente sobre o Anteproxecto.

Denominacións de Salas.-

No Anteproxecto denomínase “Auditorio” ou “Sala 1500” á Sala de máis capacidade (1567 butacas) e “Sala de Congresos” ou “Sala 500” á de menor capacidade (492 butacas). No convenio asinado o 5 de agosto de 2004 as referencias son “Auditorio principal” e “outro auditorio”. A alegación de “Outrovigoeposable” parece indicar que as denominacións deberían ser “Sala Sinfónica” e “Sala de Cámara”, para as de maior e menor capacidade, respectivamente.

Se as dúas salas vansen utilizar, indistintamente, para actividades tanto congresuais como culturais a referencia “de congresos” non debería estar asociada a unha soa; obviamente na de maior capacidade é onde se realizarán os congresos (e a programación cultural) de máis entidade da cidade.

A opción que propón “Outrovigoeposable” é máis propia dun Auditorio no que só, ou principalmente, se realiza programación musical, polo que se poderían estudar outras solucións intermedias:

- a) denominar (durante a fase de proxectos e de construción) como “Auditorio principal” (“Auditorio-1”) ó de máis capacidade e “Auditorio segundo” (“Auditorio-2”) ó de menor capacidade;
- b) asignar nomes propios para cada Sala ou Auditorio, (figuras relevantes da Cultura, persoeiros vencellados á cidade ou o seu desenvolvemento, denominacións emblemáticas, etc.); neste caso o acordo debería establecerse pola Corporación Municipal do Concello de Vigo e debería figurar como requisito a cumprir polo concesionario para comezar a empregalo cando se produza a difusión do Auditorio-Pazo de Congressos.

Dotacións do Auditorio segundo (ou de Congressos según o anteproxecto).-

A alegación considera que o Auditorio segundo deberá dispoñer, na súa proporción, das mesmas dotacións técnicas que o Auditorio principal. Esta proposta resulta razonable nunha situación de máxima idoneidade, pero cumpriría que os redactores informen sobre o asunto; no anteproxecto dispónse dunha información básica sobre equipamento na sala principal, pero non sobre o relativo ó auditorio segundo. En canto ós criterios acústicos figuran referenciados para as dúas salas.

Elementos móbiles na bocas do escenario/reducción de anchura de boca.-

O anteproxecto considera que o total do ancho previsto (17 metros) “se utilizará únicamente no caso de congresos e nalgúns ballets de gran formato”; a alegación estima que precisamente na ópera é onde se require o maior ancho disponible e estima que se deben evitar os elementos móbiles na boca do escenario.

Esta cuestión técnica xunto a outras require que o Concello de Vigo dispoña dunha asesoría técnica que permita unha valoración das propostas cualificadas dos redactores.

Dimensións de ombros e chácena.-

A alegación considera que as dimensións de ombros e chácena son insuficientes e non hai intercomunicación entre estes espazos, polo que as montaxes escénicas estarían limitadas. Outra vez cumpriría dispoñer dunha asistencia técnica para resolver esta cuestión (en condicións idóneas deberíase dispoñer de “catro escenarios” e opcións mecanizadas para movementos horizontales das escenografías).

Compre que os redactores complementen a información sobre este aspecto, para ter coñecemento das posibilidades reais do novo equipamento, e sobre as posibilidades de mellorar se é o caso.

Almacenaxe e elementos da concha acústica.-

A alegación propón realizala nos ombros. Compre que polos redactores se analicen as dúas posibilidades e se fundamente a que finalmente se escolla.

Foso de orquestra.-

Non se fai referencia ó foso no anteproxecto. Este elemento resulta fundamental nun equipamento destas características e debería acoller a agrupación tan numerosas como a especificada na alegación (120 músicos), para ter abertas as máximas posibilidades de programación.

No plano 7492 B 0013 da sección lonxitudinal represéntase un foso pero na descripción das características técnicas do auditorio non se aportan datos deste elemento. Resulta necesario que os redactores clarifiquen este aspecto e a súa interrelación co escenario e a platea.

Salas de ensaio, de piano, camerinos, etc.-

A alegación indica que o anteproxecto ignora estas dependencias complementarias do escenario, ou ben que resultan insuficientes no caso dos camerinos.

Dende a fase de anteproxecto, resulta de interés abordar de algunha forma estas dependencias de apoio ó traballo escénico e artístico, xa que non resulta intrascendente a súa ubicación, número ou tipoloxía: salas de ensaio, de piano, camerinos individuais, colectivos, etc. Compriría definir número e características mínimas para cada tipoloxía, ubicación, etc.

Traducción simultánea e tecnoloxía.-

A alegación tamén indica que se ignora o equipamento de traducción simultánea (cabinas necesarias nos dous auditorios, sistema de traducción visual no respaldo das butacas...).

Esta xefatura entende que no anteproxecto non se aborda sustancialmente o aspecto tecnolóxico do complexo, en especial na zona pública (Auditorio-Pazo de Congressos); compre considerar que a tecnoloxía é determinante neste equipamento porque será un dos últimos en incorporarse á rede de Auditorios e Pazos de Congressos e polo tanto terá que ofertar elementos claramente diferenciados, atractivos e de calidade.

A tecnoloxía na traducción simultánea, nas telecomunicación, na accesibilidade integral, na montaxe escénica e congresual, na seguridade, na climatización, etc. deberán ter un tratamento exhaustivo no proxecto básico (mesmo o proxecto escénico e acústico debería ter unha memoria e descripción específicas), polo que o anteproxecto debería ser máis clarificador.

O sistema de traducción simultánea visual nas butacas resulta un elemento a considerar, que se ben resulta de interés para todo tipo de públicos en especial o é para a comunidade xorda.

Accesibilidade.-

A alegación indica que o anteproxecto non fai referencia ás condicións de accesibilidade dos minusválidos.

A accesibilidade é un concepto máis amplo que a superación de barreiras arquitectónicas; no anterior infome desta xefatura xa se indicaba a importancia deste tema; decíase: *“Outro aspecto de gran interés a ter en conta é a “accesibilidade”, que se debe tratar detalladamente en tódalas fases dos novos equipamentos, dende o primeiro momento do deseño, en liña cos conceptos de “deseño universal” e “accesibilidade integral”.* (Por exemplo: as pantallas visuais poderían ser un elemento do sistema de accesibilidade).

Aseos públicos.-

A alegación realiza consideracións sobre superficies para aseos de homes e de mulleres; compriría que o estudio desta proposta amplie as dotacións e distribución destes servicios en todo o complexo.

Acústica e Dirección técnica.-

A alegación considera imprescindible a contratación dunha dirección técnica de prestixio, que relaciona especialmente coa acústica das salas e que coñeza as necesidades e funcións das instalacións. Este tema merece unha atención especial, pero corresponderá ós órganos de goberno do Concello de Vigo establecer as liñas orientativas para resolvela.

DOTACIÓN DE ASESORÍA TÉCNICA PARA O CONCELLO.-

As cuestións técnicas e funcionais que se poden presentar en relación co Anteproxecto son de moi diversa natureza, amplitude e trascendencia; as alegacións presentadas por “Outrovigoeposible” non abordan de forma exhaustiva as observacións técnicas que se deberían considerar (tampouco sería propio dunha asociación desta natureza desenvolverlas, xa que as respostas técnicas deben situarse no ámbito dos especialistas nomeados pola administración municipal, titular do equipamento e concedente da xestión).

No informe desta xefatura, do 27 de outubro de 2004, respecto ó compromiso do Concello de Vigo de someter a exposición pública e aprobar o estudio de viabilidade e o anteproxecto de construción, decíase:

“Este compromiso sobre o anteproxecto de construción reviste unha especial importancia, xa que require informes técnicos municipais sobre aspectos arquitectónicos, funcionais, tecnolóxicos ou de infraestructuras que van resultar cruciais para un axeitado desenvolvemento do proceso (proxectos básicos e de execución, recepción da obra, etc.).

Dende o anteproxecto debería constituir un equipo técnico (municipal ou contratado para unha asistencia técnica), para atender ó elevado nivel de especialización que se vai requirir neste equipamento,

con obxecto de detallar as necesidades e solucións dos proxectos básicos e de execución e, á vez, amparar as conformidades ou acordos que deben adoptar os órganos de goberno do Concello de Vigo ata a recepción definitiva da obra.

Estes aspectos resultan relevantes para a programación cultural, xa que as solucións técnicas de son, acústica dos auditorios, iluminación, infraestrutura de telecomunicacións, tecnoloxía empleada, etc. van posibilitar, limitar ou impedir certa programación ou o acceso a determinado tipo de espectáculos. Compriría revisar a experiencia de problemas sustanciais que teñen ou tiveron Auditorios e que para superalos compre realizar novos investimentos despois da súa apertura.”

Actualmente, trala presentación do Anteprojecto e trala súa exposición pública, compre insistir na necesidade de que o Concello de Vigo se dote dunha asistencia técnica que lle permita a valoración dos aspectos técnicos e funcionais do Auditorio-Pazo de Congresos, recollidos ou propostos en:

- documentación redactada pola UTE César Portela-Idom,
- alegacións presentadas,
- redacción de pregos de condicións técnicas e administrativas que rexerán o concurso para a adxudicación de concesión de obra pública,
- redacción de proxectos básico e de execucións que debe asumir o concesionario

Os órganos de goberno do Concello de Vigo teñen que adoptar resolucións en diversas fases que requiren unha fundamentación técnica que debería ser aportada por especialistas, asesores ou consultores que actúen dende a perspectiva dos intereses municipais e que sirvan de validación ou contraste das solucións que aporten a UTE César Portela-Idom.

Compre ter en conta que a proxecto básico e de execución resultarán determinantes e vaille corresponder ó Concello de Vigo a súa aprobación, para o que cabe supoñer que intervirán técnicos municipais (o Concello terá que designar ó arquitecto que visará as certificacións de obra para que a CPTOPV realice as transferencias destinadas ó concesionario, por exemplo).

Tal como está estruturado o proceso, enténdese que será o concesionario resultante do concurso de adxudicación de obra pública quen deberá asumir a redacción dos proxectos, que presumiblemente se realizarán coa UTE César Portela-IDOM; se ben o Concello de Vigo deberá aprobar os proxectos e mesmo resolver diverxencias posibles entre o concesionario e os proxectistas.

O desexable sería ter contado coa asesoría técnica dende a fase de anteprojecto, pero de non ter sido así debería resolverse esta cuestión o máis axiña posible, para que poida realizar aportacións na fase de redacción das cláusulas técnicas e administrativas que rexerán o concurso para a concesión.

O máis axeitado sería someter o anteprojecto e as alegacións a un informe de especialistas externos para que, como se dixo, validen ou contrasten as aportacións dos redactores para chegar, coas máximas garantías, á fase de redacción de pregos do concurso para a concesión. O anteprojecto que se aprobe será o documento base a partir do que se redactarán os proxectos básicos e definitivos que terá que presentar ó Concello o concesionario.

Se as administracións públicas fosen a xestionar o equipamento, ben directamente ou ben a través de algunha sociedade mercantil pública ou por calquera outro fórmula dotaríase dende o primeiro momento da figura dunha dirección técnica (entendida como a máxima responsabilidade nas instalacións do Auditorio, na línea das direccións técnicas que funcionan nos Auditorios ou Teatros).

Como o caso é ben distinto (a concesión de obra pública implica a xestión e o mantemento do complexo) a dirección técnica podería ser unha figura esixible no organigrama do concesionario para garantir a continuidade entre as diversas fases: proxectos, obras e funcionamento trala apertura.

En paralelo a administración titular e concedente (o Concello), deberá dotarse de apoio técnico para asesorar ós técnicos municipais e ós órganos de goberno sobre os informes e resolucións que se deben adoptar en canto á redacción de proxectos, seguimento de obra, certificacións municipais, etc.

O perfil da asesoría técnica da que se deberá dotar o Concello de Vigo debería orientarse hacia persoas con especialización e experiencia en Auditorios e Teatros para garantir o desenvolvemento da programación cultural e artística nunhas condicións óptimas. O perfil dos especialistas asesores deberán proceder de alguna das seguintes especialidades:

- Xerencias ou dirección xeral de Auditorios ou Teatros
- Dirección técnica, principalmente de Teatros,
- Xerencia de orquestras.

Estes expertos de ampla polivalencia deberán asesorar á Administración sobre outros especialistas en campos específicos, como podería ser a acústica, por poñer un exemplo; o seu cometido deberá desenvolverse, polo menos, ata que se constitúa o órgano que impulse a Administración para promover a programación cultural.

En calquera caso, con independencia da dispoñibilidade das asesorías externas, o anteproxecto e as alegacións polo seu carácter deberá estar informado por técnicos municipais (arquitectos, inxeñeiros técnicos, etc.).

ALEGACIÓN CUARTA, SOBRE O RÉXIME TARIFARIO.-

A “alegación cuarta” presentada por “Outrovigoeposible” refírese ó réxime tarifario do anteproxecto.

Consideran que non se debe ceder ó futuro concesionario a facultade prevista no anteproxecto (pax. 23): “O concesionario será retribuído directamente mediante tarifa que abonen os usuarios da obra pública...”.

A este respecto o informe desta xefatura xa mencionado do 27 de outubro pasado abordaba este tema (pp. 25 e 26). Considérase que as tarifas que deben constituir retribución directa do concesionario deben ser:

- a) As tarifas a satisfacer ó concesionario polos promotores ou organizadores das actividades (congresuais, culturais ou outras), que veñen sendo son os usuarios directos das instalacións (e que se supón unha relación contractual ou convenio co concesionario); os conceptos tarifados deberán referirse á utilización de dependencias e servizos prestados polo concesionario.
- b) As tarifas a satisfacer polos usuarios finais (congresistas, espectadores, etc.) ó concesionario cando este sexa o promotor ou organizador da actividade.

O prego de condicións do concurso deberá recabar do concesionario unha proposta deste sistema de tarifas que constituirán retribución, pero referido ó primeiro apartado. En canto ás tarifas aplicables ós espectadores por actividades programadas directamente polo concesionario non parece necesario que se aproben polo Concello, xa que non será posible determinar a tipoloxía dos actos que vaia organizar e as tarifas poderán ser moi variables e estarán en función dos prezos do mercado e do custo que lle supoña ó promotor-concesionario.

En xeral, os prezos a abonar polos usuarios finais (congresistas, espectadores, etc.) deberán establecerse polos promotores de cada actividade de acordo co que consideren máis axeitado ó éxito da súa convocatoria, é dicir, o que se denominaría “prezos de mercado”. Neste mesma situación estaría o concesionario cando actue como empresario promotor dunha actividade (congresual, cultural ou de calquera outra índole). En cambio, podería ser asumible que o réxime tarifario establecera, ademais, percepcións de porcentaxes sobre recadación dos promotores das actividades.

Mesmo os promotores poderían establecer a gratuidade dos actos que organizan para os usuarios finais, o que non mermaría a capacidade de ingresos do concesionario que sempre percibiría os prezos establecidos para o uso de dependencias e prestación de servizos.

O anteproxecto debería aprobarse coas correccións no sistema tarifario, derivadas do antes exposto, que en ningún caso incidirían negativamente nos ingresos previstos.

A PROGRAMACIÓN CULTURAL DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS E O CONCESIONARIO.

O estudo de viabilidade económica aclara en varios párrafos as seguintes ideas:

- A actividade congresual podería cubrir custos de explotación e mantemento anuais. A actividade *operística ou musical*, xeneraría un déficit operativo en caso que fose xestionada polo Pazo, debido ós altos custos de mantemento.
- Non se consideran actividades culturais na conta de explotación do Pazo á hora de realizalas proxeccións económicas.
- O desenvolvemento de actividades culturais por parte de organismos locais supoñerán maiores ingresos (en concepto de aluguer de salas disponibles) e a posibilidade de mellorar os resultados da concesión.

No informe de IDOM sobre as alegacións ó estudo de viabilidade e sobre os informes dos técnicos municipais realízanse “propostas para inclusión no estudo de viabilidade como consecuencia da exposición ó público”, que se entenden incorporadas ó documento aprobado pola Xunta de Goberno Local.

Na pax. 18 dese documento IDOM insiste nas ideas recollidas anteriormente e extraídas do estudo de viabilidade; e, en resumo, sobre a posibilidade de inversión anual da iniciativa privada en iniciativas culturais, fórmulanse as seguintes ideas:

Reserva de disponibilidad (enténdese que por parte de algunha entidade allea ó concesionario)

- A reserva de disponibilidad (días de Auditorio para eventos culturais) pode acordarse co explotador privado, con pago dos servizos que preste e que non incidiría nas hipóteses de cálculo realizadas.
- Asegurar días de ocupación por parte da entidade ou institución que poida crearse para potenciar actividades culturais reduciría a incertidumbre e equilibraría o risco de explotación ó asegurarse o operador privado un cobro por estas actividades.
- A actividade congresual é a que pode xenerar máis incertidumbre.

Custo da xestión da actividade cultural e reserva de disponibilidad ó explotador privado

- Neste caso o modelo plantexado indica que dende o punto de vista económico a empresa privada non podería cofinanciar a obra e no seu caso xa que xeneraría un déficit de explotación tanto maior en función do número de eventos ou días de reserva sin pago que se lle esixa.

Do exposto nos documentos de IDOM parece claro que:

- O concesionario non poderá asumir a programación cultural.
- Considérase a posibilidade da existencia dunha entidade para a potenciación da actividade cultural.
- A reserva de días de programación por parte da entidade cultural aseguraría ó operador privado un cobro polas actividades.
- A reserva de días de uso sen pago ó concesionario xeneraría un déficit de explotación, tanto maior en función do número de eventos.
- O custo da xestión da actividade cultural con cargo ó explotador privado poría en perigo o cofinanciamento da obra ou xeneraría unha subvención anual.

Con estas referencias parece contradictorio que no Anteproxecto se establezan “tarifas aplicables ós espectadores en caso de organización polo propio concesionario de actividades culturais e artísticas” que deberán incluírse no sistema tarifario proposto polo concesionario.

A proposta do concesionario dunha política de descontos que se propón no anteproxecto parece ter sentido se se refire ás tarifas por uso das dependencias e servizos dos usuarios que á vez son promotores de actividades; aínda así a tipoloxía de beneficiarios dos descontos debería ser revisada profundamente pola administración municipal xa que algunhas categorías resultan pouco prácticas (por ex. “artistas galegos”).

Parece que o máis coherente sería:

- Que o concesionario non desenvolvera programación cultural ou artística
- Que a programación cultural e artística se programe e xestione a través dunha Fundación para a programación cultural institucional, impulsada polo Concello de Vigo, outras administracións públicas e con participación de entidades privadas.
- Que o concesionario programe, xestione e explore a actividade congresual como se plantexa no estudo de viabilidade.
- Que o concesionario se integre na Fundación, como mínimo pola necesidade de coordinar programación cultural e congresual con ampla antelación (dous anos).

Se se considerase a posibilidade de que o concesionario desenvolvera programación cultural ou artística, non se debería incluír un criterio no prego de cláusulas para a concesión que valore esa programación, xa que o proxecto cultural a desenvolver no Auditorio deberá estar orientado polo organismo de programación cultural institucional.

En todo caso, no concurso debería ser valorable as propostas dos licitadores sobre:

- gasto cultural ou artístico que asumiría de resultar concesionario (a aportar ó organismo de programación; poderían buscarse fórmulas de recuperar algunha porcentaxe dos ingresos proporcionalmente ás aportacións, etc.)
- número de xornadas de uso gratuíto do Auditorio e outras dependencias da zona pública (auditorio secundario, zona de exposicións, salas polivalentes) por parte da entidade impulsada pola Administración para a programación cultural;
- número de xornadas con prezos reducidos, polo anterior concepto (haberá que establecer unha tarifa específica para o Concello de Vigo, as administracións públicas en xeral, a Fundación ou entidade que se ocupe da programación cultural);
- cesión de espazos da zona pública do Auditorio-Pazo de Congresos para o desenvolvemento da programación cultural, por parte da Fundación ou entidade que se constituía
- o prego de bases técnicas e administrativas do concurso para a concesión de obra pública deberá establecer os mínimos relativos ós conceptos anteriores

As propostas anteriores están encamiñadas a potenciar as posibilidades da programación cultural, implicando ó concesionario na medida necesaria sen que se poñan en perigo os resultados económicos previstos.

A dispoñibilidade de xornadas exentas de pago ou con pagamento reducido para o organismo promotor da programación cultural, a cesión de espazos mínimos para funcionamento, certa aportación económica para o desenvolvemento da programación son contrapartidas que se producen dalgunha forma noutros equipamentos semellantes (Baluarte, Pazo de Congresos da Coruña, etc.).

Polos datos do Anteproxecto parece que as posibilidades de explotación teñen mellorado sobre as expostas no estudo de viabilidade: incremento de prazas de aparcamento, de 704 a 927; incremento da superficie

de hotel, de 7.000 m² a 8.248 m²; incremento do número de butacas, de 1.450 a 1.567 no Auditorio principal, de 400 en Auditorio secundario a 492, a superficie comercial

Neste sentido compre seguir buscando fórmulas de colaboración entre o organismo cultural e o concesionario para o aproveitamento do Auditorio-Pazo de Congressos; estas fórmulas deberán recollerse nos pregos de condicións técnicas e administrativas analizando pormenorizadamente as cuestións plantexadas no informe desta xefatura do 27 de outubro (páxinas 22-24, 27-28)

OUTROS ASUNTOS SOBRE O ANTEPROXECTO.-

- Compriría que os redactores do anteproxecto aclarasen as superficies destinadas ós distintos usos (Auditorio-Pazo de Congressos; zona comercial, hotel, aparcamento, instalacións; espazos ou oficinas para xestión do complexo, zona pública e zona complementaria...); por plantas e o total correspondente a cada uso.
- En canto á zona pública (Auditorio-Pazo de Congressos) compriría clarificar:
- a superficie destinada ós espazos de exposición
- a capacidade do Auditorio principal e do Auditorio secundario (atópanse datos contradictorios no documento, unha veces refírense á “Sala 1.500” ou “Sala 400” e outras veces as butacas constan como 1.567 e 492)
- a localización e características das salas polivalentes, así como a súa capacidade total
- a superficie das instalacións técnicas correspondentes á zona pública (Auditorio-Pazo de Congressos)”

Como complemento do informe transcrito, ao expresarse no mesmo que nalgún aspecto deberá ser informado polos servizos xurídicos ou polo equipo redactor do anteproxecto, aclárase que o xefe do Departamento de Cultura descoñecía, no momento da súa emisión, o informe emitido por dito equipo ás alegacións presentadas, no que queda claro a súa vontade de introducir cantas melloras poidan terse en conta na redacción do proxecto básico de construción e no Prego de Condicións Administrativas Particulares, xustificación que se asume por ser xurídica e administrativamente o instrumento adecuado para definir as obrigas que asumirán os adxudicatarios e, incluso, contemplarase que os licitadores nas súas proposicións deberán establecer a repercusión que terán os rendementos derivados da demanda de uso da obra pública e os beneficios derivados da explotación da zona comercial, no suposto de que ditos rendementos e beneficios excedan do umbral máximo na redución das tarifas. Dita medida ven imposta pola conclusión á que chegou o Estudo de Viabilidade aprobado no que se demostraba que non existía marxe operativo algún para esixir ao futuro concesionario a súa participación ou aportación económica anual ao desenvolvemento da explotación das actividades culturais que se programen no Auditorio, xa que os beneficios que se obteñan por enriba do umbral máximo dependerá dos diferentes usos, de entre os permitidos polo planeamento vixente, que os licitadores propoñan nas súas proposicións.

Para entender xurídica e economicamente o anteriormente expresado, débese ter en conta que no artigo 230.1 f) da Ley 13/2003 Reguladora del Contrato de Concesión de Vías Públicas, esixe que no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares se estableza “o umbral mínimo de beneficios derivados da explotación da zona comercial por debaixo da que non poderá incidirse nos elementos económicos da concesión”.

Está previsto que o Concello realice o correspondente contrato de asistencia técnica para a dirección e supervisión da execución das obras e, así mesmo está previsto, a realización por parte do Concello dun plan estratéxico da cultura na cidade de Vigo no que, sen dúbida, se incluírá a correspondente forma de xestión das actividades culturais do Auditorio.

En canto ao réxime tarifario, o anteproxecto expresa que os licitadores deberán propoñer o réxime de tarifas e a súa actualización, que deberá ser aprobado polo Concello, razón pola que non se da o problema alegado pola Asociación OUTROVIGOEPOSIBLE.

Dende o punto de vista estrictamente xurídico, a decisión de que unha vez aprobado o estudo de viabilidade, a Administración Municipal optou pola facultade que lle confire o artigo 228 da Lei 13/2003 de acordar a redacción dun anteproxecto de construción e explotación da obra, co contido que prevé o apartado 2 do mesmo, é dicir:

- a) Unha memoria na que se exporán as necesidades a satisfacer, os factores sociais, técnicos, económicos, medoambientais e administrativos considerados para atender o obxecto fixado e a xustificación da solución que se propón. A memoria acompañarase dos datos e cálculos básicos correspondentes.*
- b) Os planos de situación xerais e de conxunto necesarios para a definición da obra.*
- c) Un presuposto que comprenda os gastos de execución da obra, incluído o custo das expropiacións que houbese que levar a cabo, partindo das correspondentes medicións aproximadas e valoracións.*
- d) Un estudo relativo ao réxime de utilización e explotación da obra, con indicación da súa forma de financiamento e do réxime tarifario que rexirá na concesión, incluíndo, no seu caso, a incidencia ou contribución nestas dos rendementos que poideran corresponder á zona de explotación comercial.*

É dicir, como obsérvase da súa simple lectura, os diferentes documentos refírense a cuestións xerais e de conxunto para definir a execución da obra e a forma do seu financiamento polo que, a inmensa maioría das alegacións, debense entender como suxerencias e, evidentemente, hai que agradecer aos alegantes a súa colaboración, non so por ter axudado á formación profesional dos propios funcionarios municipais nun asunto de tanta complexidade, senon tamén pola súa participación, por canto o contido dos seus escritos xa influíron na vontade municipal á hora de redactar os borradores dos correspondentes pregos de condicións reguladores do concurso para a adxudicación do contrato de concesión de obra pública e nos redactores dos proxectos básicos e de execución do Auditorio-Pazo de Congressos.

Con posterioridade ao recibo de todos os informes anteriormente relatados, mantiveronse reunións de traballo co equipo redactor, coa Autoridade Portuaria e coa entidade Pereira Productos do Mar, S.A. nas que se chegou á conclusión de modificar os accesos aos sotos destinados a aparcadoiro pola Avenida de Beiramar, ubicandoos na calella lateral perpendicular á mesma lindante co edificio da Escola Náutico Pesqueira e, para garantir a seguridade durante a execución das obras no subsolo de forma que evite calquera dano ou prexuízo que poida sufrir a actividade empresarial que desenvolven, no Prego de Condicións Técnicas establecerase que os técnicos directores da execución das obras estarán, en todo momento, en coordinación cos técnicos que designe a entidade Pereira Productos del Mar, S.A. e no Prego de Condicións Administrativas, esixírase a presentación da correspondente póliza de seguros que ampare os posibles danos e prexuízos que se poidan orixinar con motivo da realización das obras a terceiros.

O informe da Delegación Provincial da Consellería de Cultura, tampouco formula problema algún posto que se autoriza o derrube, por certo xa autorizado tamén polo Consello de Administración da Autoridade Portuaria, estimándose o seu prazo de execución en seis meses e a intervención arqueolóxica debe ser realizada sobre o solo das parcelas, é dicir, é necesario que se realice previamente ou derrube da edificación existente e solucionase no correspondente prego de condicións técnicas establecéndose como unha esixencia aos licitadores a execución de dita intervención arqueolóxica na parcela e, ao mesmo tempo, remitírase o proxecto básico para obter a correspondente autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, xa queo prazo que se establecerá para a presentación do proxecto básico será o de catro) meses contados a partir da da sinatura do contrato de concesión de obra pública, puidéndose, polo tanto, compaxinar ámbalas dúas actuacións.

No día de hoxe, recibíuse escrito do presidente da Autoridade Portuaria de Vigo polo que se contesta favorablemente á proposta achegada o pasado día 1 de febreiro respecto ao cambio dos accesos ao aparcadoiro polo espazo libre perpendicular á Avenida de Beiramar lindante co edificio da Escola Náutico Pesqueira, non constando no mesmo a autorización expresa de ocupación de dito espazo, non sendo tal omisión obstáculo algún para a aprobación do presente expediente, por canto tal determinación deberá ser resolta previalmente á aprobación dos correspondentes pregos de condicións reguladores do concurso, como tampouco é impedimento e,

polas mesmas razóns, que non se recibisen aínda neste Concello os termos e condicións que impoña o Ministerio de Facenda á entidade Puertos del Estado sobre a cesión gratuíta da totalidade da parcela, por certo, interesada por primeira vez por este Concello o día 19 de xaneiro de 2004, cuestión que sí ten que ser resolta previamente á iniciación do correspondente expediente de contratación.

Por último, en relación co proxecto de execución do derrube das edificacións existentes sobre a parcela, exposto ao público conxuntamente co o anteproxecto obxecto do informe, téñense por incorporados ao mesmo, sen prexuízo de que se teñan en conta no proxecto de execución da obra nova, as medidas de protección a adoptar durante a execución das obras de escavación do subsolo e durante a execución das obras de construción dos sotos expresadas no informe ás alegacións polo equipo redactor.

Polo exposto procede que, segundo o manifestado ao longo de todo o informe, ao cumprir o anteproxecto de obra e de explotación do Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo, tanto dende o punto de vista formal como material coas determinacións e previsións contidas no artigo 228.2.d) que a Xunta de Goberno Local, órgano competente para a adopción do acordo conforme dispón a lexislación vixente, aprobe o mesmo, dándose traslado do acordo adoptado e dos informes emitidos polos servizos municipais ao equipo redactor para ser cumpridos na súa integridade nas seguintes actuacións que se leven a cabo previamente ao inicio da execución da obra de nova edificación e, paralelamente, interesar da Autoridade Portuaria do Porto de Vigo o outorgamento da correspondente autorización administrativa a favor deste Concello que posibilite determinar nos proxectos de construción (básico e de execución) o acceso aos sotos pola fachada leste da parcela lindante co edificio da Escola Náutico Pesqueira, razón pola que se propón a adopción do seguinte acordo:...

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Consta no expediente acta de 8.02.05 da reunión realizada pola “Comisión Especial de Seguimento para a contratación da obra pública do Auditorio Pazo de Congresos de Vigo” na que se dá conta dos trámites administrativos efectuados: exposición pública por acordo da Xunta de Goberno de 23.11.04 durante a que se presentaron catro alegacións que foron informadas polas dependencias municipais competentes e polos redactores do anteproxecto e, á vista do informado, redactouse o precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co informe-proposta do xefe da Unidade de Novos Proxectos transcrito anteriormente, acorda:

Primeiro:

Estimar parcialmente a alegación presentada pola entidade Pereira Productos del Mar, S.A., no referente á ubicación dos accesos aos sotos do edificio pola Avenida de Beiramar e informarlle que durante a execución das obras de derrube e de construción de sotos, ademáis das medidas de protección especificamente adoptadas, en todo momento o Concello e a dirección facultativa da execución das obras coordinaran os traballos a realizar co persoal técnico que a entidade designe.

Informar á Cooperativa de Armadores del Puerto de Vigo e a Federación de Usuarios del Puerto de Vigo, que o anteproxecto non contempla a construción dunha pasarela que una o Auditorio cos fonteadoiros e os peiraos de Beiramar e que as actuacións se realizan ademáis de no subámbito 9-A da Ordenanza 9 do Plan Especial do Porto de Vigo no subsolo da rúa Jacinto Benavente de dominio público municipal

Informar a OUTROVIGOEPOSIBLE, dándolle traslado dos informes íntegros que figuran no expediente, de que as súas preocupacións, no sentido reflectido na parte expositiva do presente acordo, e

na medida que sexa posibel técnica e económicamente, segundo o Estudo de Viabilidade Económica, serán tidas en conta na elaboración dos pregos de condicións que regulen o concurso para a adxudicación do contrato de obra pública.

Segundo:

- a) Aprobar o anteproxecto de construción e de explotación do Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo, coa modificación introducida sobre a supresión aos accesos dos sotos do edificio na Avenida de Beiramar, ubicandoos na zona leste da parcela lindante co edificio da Escola Náutico Pesqueira.
- c) Aprobar o proxecto de execución do derrube das edificacións existentes sobre a parcela denominada “Casa Mar”, incorporando ao mesmo as medidas de protección a ter en conta durante a escavación do subsolo da parcela e durante a construción dos sotos da nova edificación.

Terceiro:

Solicitar á Autoridade Portuaria do Porto de Vigo o outorgamento a favor deste Concello da correspondente autorización administrativa que posibilite a ubicación dos accesos aos sotos do edificio polo lindeiro leste da parcela, lindante co edificio da Escola Náutico Pesqueira.

3(118).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE DATA 10.02.05 POLA QUE SE DESIGNA AOS FUNCIONARIOS QUE REDACTARÁN O PREGO DE CONDICIÓN PARTICULARES QUE REXERÁ O CONTRATO DE CONCESIÓN DA CONSTRUCIÓN E EXPLOTACIÓN DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS DA CIDADE DE VIGO.

Dáse conta da resolución de Alcaldía de referencia, que di como se transcribe de seguido:

Aprobado no seu día o Estudo de Viabilidade, próximo a aprobarse pola Xunta de Goberno Local o Anteproxecto de Construción e Explotación do Auditorio-Pazo de Congresos da Cidade de Vigo e considerando que asemesmo está previsto que en breve prazo polo ente público “Portos do Estado”, a través da Autoridade Portuaria de Vigo, acorde a cesión a este Concello da parcela na que se ubicará a instalación mencionada, é dicir, unha vez cumpridos os trámites preparatorios citados resulta procedente que o órgano adxudicatario competente aprrobe o expediente de contratación da concesión da obra pública mencionada que levará implícita a do Prego de Cláusulas Particulares que rexirá no contrato.

Ós últimos efectos citados, dada a complexidade que dende as distintas materias afectadas xurídicas, culturais e económicas pode presentar un prego destas características no que se refire a dereitos e obrigas das partes durante a execución da obra e explotación desta procede que tal elaboración se efectúe coa participación daqueles funcionarios con experiencia e coñecemento dos ámbitos afectados, a tal efecto e en virtude do sinalado no art. 21.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril dispoño:

Primeiro.- Que baixo a coordinación do Secretario Xeral do Pleno e sen prexuízo da colaboración técnica que neste aspecto poda prestar a Xunta de Galicia na súa condición de parte firmante do Convenio do 5 de Agosto de 2004 o Prego de Condicións Particulares que ha de rexer no contrato de concesión de obra pública mencionado redactarase polos seguintes funcionarios.

- D. Arsenio Díaz del Río Fery, Xefe da Unidade de Novos Proxectos.*
- D. Ignacio Oliveira López, Xefe do Departamento de Cultura.*
- D. Benjamin Suarez Sánchez, Xefe do Servizo de Inversións.*

Segundo.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que realice este órgano e notifica-la presente resolución ós interesados.

Acordo

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da devandita resolución.

4(119).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 210/2004 INTERPOSTO POR CONSTRUCCIONS E MONTAJES SANTOS HÉCTOR, S.L. CONTRA A DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL POR FALLA DE PAGAMENTO DAS OBRAS E SERVIZOS REALIZADOS NO CAMPO DE FÚTBOL DE VALLADARES(EXPTE 2359/333). ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 13.01.04, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso administrativo interposto por CONSTRUCCIONES E MONTAXES ELECTRICOS SANTOS HECTOR S.L., contra desestimación presunta polo Concello de Vigo, da reclamación patrimonial efectuada pola actora na data 13.01.04, no expte. nº 2359/333, ante o Instituto Municipal de Deportes do Concello de Vigo, polo Impago das Obras e servizos realizados por parte da empresa recorrente no campo de futbol de Valadares, desta cidade; resolución que anulo, ao entendela contraria a dereito; condenando á Administración demandada a aboar á actora a suma de 5.634,13 €, máis o xuro devengado pola citada cantidade nos termos establecidos no art. 110.4 da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Sen condena de Custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ós departamentos de Deportes, Patrimonio e Contratación, e Intervención.

5(120).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 204/2004 INTERPOSTO POR Dª. SATURNINA POLO SALVADOR CONTRA A DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL POR ACCIDENTE (EXPTE 16420/240). ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 30.12.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso administrativo interposto por SATURNINA POLO SALVADOR contra a desestimación presunta polo Concello de Vigo, da reclamación patrimonial efectuada pola actora na data 28.05.03, no expte. nº 16420/240, por razón dos danos sufridos na finca sita no nº 50 da Avda. Antonio Cominges; resolución que anulo; ao entendela contraria a dereito; condenando á Administración demandada a aboar a actora a suma de 3.564,11€ polos danos e prexuízos irrogados á mesma, máis o xuro legal devengado por dita cantidade dende a data da reclamación patrimonial en vía administrativa. Sen condena en custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta aos departamentos municipais de Intervención e Patrimonio.

6(121).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 155/204 INTERPOSTO POR D. LEOPOLDO LAMAS SEOANE CONTRA A DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL POR ACCIDENTE. (EXPTE 16434/240). DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 14.01.05, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto por LEOPOLDO LAMAS SEOANE contra a desestimación presunta polo Concello de Vigo, da reclamación patrimonial efectuada polo actor en data 28.05.03, no Expte. nº 16434/240-03; resolución que confirmo, ó entendela axustada a dereito. Sen condena de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Patrimonio.

7(122).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 42/2003 INTERPOSTO POR D. JUAN CARLOS LÓPEZ RIVADA E OUTROS CONTRA O ACORDO PLENARIO DE 14.01.03 QUE APROBA A RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO ANO 2003. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 30.12.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto por JUAN CARLOS LOPEZ , ANONIO ALEMPARTE GONZALVO e Mª VICTORIA ROMERO GIL-DELGADO contra o acordo do Pleno da Excma. Corporación Municipal do Concello de Vigo de 14.01.03, aprobatorio de relación de postos de traballo, que desestima a solicitude de rectificación de complemento específico retributivo (BOP, de 27/01/03), formulado polos actores; resolución que confirmo, ao entendela axustada a dereito. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Persoal.

8(123).- SENTENZAS DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO R.C.A. Nº 321/2003 INTERPOSTO POR D. URBANO MONROY MAGDALENA CONTRA A RESOLUCIÓN DO XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN DE MONTES VECIÑAIS DE PONTEVEDRA DE 20.02.03 E 10.10.03 SOBRE MONTES DA PARROQUIA DE CASTRELOS. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 30.12.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo estimar e estimo o recurso contencioso administrativo interposto polo Procurador Sr. Valdés Albillo en nome e representación de D. Urbano Monroy Magdalena contra a resolución do Xurado Provincial, de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra de data 10 de outubro de 2003 desestimatoria do recurso de reposición a súa vez deducido contra a resolución do citado Xurado de data 20.02.03 mediante a cal se clasificou como veciñais en man común a favor da Comunidade en Man Común da parroquia de Castrelos de Vigo os montes “A Mina”, “A Serra”, e “Outeiro” a excepción dos enclavos existentes nos dous primeiros que anulo no único sentido de que dentro da clasificación do Monte A Mina como veciñal en man común debe quedar excluída de dita clasificación a finca “ Cerrado O Asno Morto”. Sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta aos departamentos de Patrimonio e Montes

9(124).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/5008/2001 INTERPOSTO POR D^a. CASTORA VÁZQUEZ PÁRAMO CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR ACCIDENTE (EXPTE. 13866/240). ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 06.02.01 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimamos en parte o recurso contencioso administrativo interposto por D^a Castora Vázquez Páramo contra a desestimación presunta polo Concello de Vigo da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada en relación cos danos sufridos o 18.12.00 polo vehículo PO-3337-BT na rúa Cañiza como consecuencia do auga acumulada na calzada, desestimación que declaramos contraria a dereito, polo que condenamos á Administración demandada a que abone á actora a cantidade de 4.707,98 €, incrementada cos xuros legais dende o 06.02.01. No demáis desestimamos o recurso. Non se fai imposición de custas

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta aos departamentos de Patrimonio e Contratación.

10(125).-SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4853/2001 INTERPOSTO POR Dª Mª DEL CARMEN LAGO CARBALLO CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR ACCIDENTE (EXPTE 13383/240). ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 14.08.00 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que rechazando a alegación de inadmisibilidade, estimamos parcialmente o recurso contencioso administrativo interposto por Dª MARIA DEL CARMEN LAGO CARBALLO contra a desestimación presunta do Concello de Vigo da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada en data 14.08.00, expte. 13383/240, e condeamos ao Concello de Vigo e a Seragua- FCCSA, a que abonen en forma solidaria e a favor de Dª MARIA DEL CARMEN LAGO CARBALLO a cantidade de 1.140,71 €, así como a que a mesma xere por aplicación de xuros legais computados dende o 26 de febreiro de 2001 ata a data de notificación desta sentenza. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desta sentenza, da que deberá darse conta aos departamentos de Intervención e Patrimonio.

11(126).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4667/2001 INTERPOSTO POR D.ÓSCAR FERNANDÉZ PÉREZ E OUTROS CONTRA A DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR ACCIDENTE. (EXPTE 13514/240). ESTIMADO.

Dáse conta do auto de data 20.01.04 dictado pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que falla o seguinte:

Estimar o recurso contencioso-administrativo interposto por D.Oscar Fernández Pérez e Dª Helena Alvarez Veloso contra desestimación presunta do Concello de Vigo da reclamación de responsabilidade patrimonial por danos, formulada na data 16.10.00; referencia expte nº 13514/240. Anulamos dita resolución por ser contraria a dereito condenando á Administración demandada a que abone a D. Oscar Fernández Pérez 1.536,50 euros e Dª Helena Alvarez Veloso 632,83 euros, actualizadas á data que puso fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de prezos ao consumo e cos xuros de demora; sen facer especial condena en custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta aos departamentos de Intervención, Patrimonio e de Seguridade (Policía Local).

12(127).-AUTO DO TRIBUNAL SUPREMO NO REC. CASACIÓN Nº 913/2003 INTERPOSTO POLA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO CONTRA A SENTENZA

DICTADA POLO TSXG SOBRE AS LIQUIDACIÓNS PRACTICADAS EN CONCEPTO DE IBI. INADMISIÓN DO RECURSO DE CASACIÓN.

Dáse conta do auto de data 28.10.04 dictado pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo no recurso de casación interposto contra sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (desestimatoria dos recursos contencioso-administrativos interpostos pola Autoridade Portuaria de Vigo contra a desestimación por silencio administrativo do Concello de Vigo do recurso de reposición deducido contra o Padron do IBI correspondente ao 1997 e contra o Acordo da Comisión de Goberno do 30.01.98, que desestima o recurso de reposición formulado contra as liquidacións xiradas polo concepto de IBI correspondentes a 1997), que falla o seguinte:

Declarar a inadmisión do recurso de casación interposto pola representación procesual da Autoridade Portuaria de Vigo contra a sentença de 25.11.02 da sala do Contencioso Administrativo (Sección Terceira) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dictada no recurso nº 10282/97, ao que acumulouse o recurso nº 7477/98, resolución que se declara firme; con imposición das custas procesuais causadas neste recurso á parte recorrente.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido deste auto, do que deberá darse conta ao departamento de Tributos.

13(128).-PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA NO SERVIZO EXPTE: 13/1030, 11/502, 11/529, 23/441.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo cos informes do xefe de Sector de Acción Social, conformados polo concelleiro-delegado do Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda concede-la prestación do Servizo de axuda no fogar ás seguintes persoas:

- D^a Rosario Fernández Pino. Expte. 13/1030.
- D^a. Manuela Posada Taboas. Expte. 11/502.
- D^a. Isabel E. Campo Campo. Expte. 11/529.
- D^a. Regina Fernández Pazos. Expte. 23/441.

14(129).-POSTA A DISPOSICIÓN DA CONSELLERÍA DE EMIGRACIÓN DUN PISO DE ACOLLIDA PARA A SÚA INTEGRACIÓN NA REDE GALEGA DE ATENCIÓN E ORIENTACIÓN DO INMIGRANTE. EXPTE. 11259/301

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión do 2.08.04 aprobou o proxecto de convenio de colaboración entre a Consellería de Emigración da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para poñer en marcha o programa de atención a inmigrantes e emigrantes retornados na cidade de Vigo, que foi asinado na mesma data.

Na cláusula terceira de dito convenio recollíase aue “Así mesmo o Concello de Vigo, dende o 1 de xaneiro de 2005, porá a disposición da Consellería de Emigración para a súa inclusión na Rede Galega de Atención e Orientación do Inmigrante un piso de acollida”.

Cumprindo coa citada cláusula a xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, con data 3.02.05, emite informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais.

Acordo

A Xunta de Goberno local de conformidade co informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, acorda:

Autorizar, con data 1 de febreiro, en réximen de CESIÓN DE USO á Consellería de Emigración, e durante a vixencia do Convenio, da vivenda situada na rúa Anduriña, nº 21-3º A, destinada a “piso de acollida para as persoas inmigrantes”coa finalidade de formar parte da Rede Galega de Atención.

Esta cesión de uso estará ligada ás posibeis prórrogas que poidera ter o Convenio. No caso de prórroga do Convenio, a cesión do uso do inmovible sería renovada de forma automática durante a vixencia do mesmo.

No suposto de que non se renove o Convenio esta cesión de uso da vivenda sita na rúa Anduriña, nº 21-3º A, será valorada e requirira nova aprobación por esa Xunta de Goberno Local.

15(130).-DEREITOS DE AUTOR DA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE CULTURA PARA O ANO 2005. EXPTE 8718/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Actividades Culturais, do 1.02.05, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, o concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais e a interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar un gasto de 24.000 € (veinticatro mil €) a favor da Sociedad General de Autores y Aditores (SGAE) CIF.: G-28029643, para atender as previsións de pagamentos en concepto de dereitos de autor derivados da programación do departamento de cultura da Concellería de Asuntos Sociais para o ano 2005; con cargo a partida 4510.226.08.03 “Programación de música, teatro e danza” do presuposto municipal prorrogado para o ano 2005.

2º.- Autorizar un gasto xenérico de 3.000 € (tres mil euros) para atende-las previsións de pagamentos en concepto de dereitos de autor derivados da programación do departamento de Cultura para o ano 2005 con outras entidade xestoras tales como Vegap, Monje e Boceta, etc, con cargo a partida 4510.226.08.03 “Programación de música, teatro e danza” do presuposto municipal prorrogado para o ano 2005.

3º.- Facultar ao Concelleiro-delegado de Cultura para asinar coas anteditas entidades os contratos de autorización de espectáculos concertos e as correspondentes liquidacións de dereitos.

4º.- Que o pagamento se realicen a través da conta habilitada 2091 0501 61 3110002567 en función da programación e liquidacións concretas

16(131).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTOS MENOR REALIZADOS POLO DEPARTAMENTO DE CULTURA EN XANEIRO DE 2005. EXPTE 8724/331.

Mediante escrito de data 2.02.05, en cumprimento coa base 31 das de execución do presuposto, o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, Ignacio López-Chaves Castro, da conta á Xunta Local de Goberno dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Cultura no mes de xaneiro de 2005, e que son os seguintes:

DEPARTAMENTO: CULTURA FUNCIONAL: 4510

CONCEPTO.- Autorización de gasto para concertos de panxoliñas na rúa pola festa dos Reis Magos.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8691/331	04/01/05	2260803	1028	2.595,00 euros	<i>Coral Polifónica Olívica (CIF: G36838431)</i>

CONCEPTO.- Mantemento e reparación do ascensor do Verbum-Casa das Palabras.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8696/331	11/01/05	2270607	1371	4.000,00 euros	<i>Ascensores Ascel S.L. (N.I.F.: B36702199)</i>

CONCEPTO.- Adquisición de material de oficina específico para a Casa Galega da Cultura.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8698/331	11/01/05	2200002	1364	2.199,91euros	<i>Planitec S.L. (C.I.F.: B36621050)</i>

CONCEPTO.- Dixitalización do fondo antigo de monografías dos séculos XVII-XVIII e anexo.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8699/331	11/01/05	2270605	1325	11.970,00 euros	<i>Enrique Touriño Marcen (C.I.F.: 36021659W)</i>

CONCEPTO.- Mantemento de ordenadores e equipamento informático no Verbum-Casa das Palabras.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8701/331	13/01/05	2160000	1311	11.400,00 euros	<i>Soluciones Informáticas La Guía S.L. (C.I.F.: B36916666)</i>

CONCEPTO.- Subministro e mantemento de colectores hixiánicos na Biblioteca Central.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8702/331	13/01/05	2210800	1321	377,88 euros	<i>Limpiezas del Noroeste S.A. (C.I.F.: A36621464)</i>

CONCEPTO.- Autorización de gasto para subministro de combustible para calefacción e grupos electrógenos no Verbum-Casa das Palabras.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8705/331	17/01/05	2210300	1366	10.520,43 euros	<i>Cepsa Comercial Galicia S.A. (C.I.F.: A36154789)</i>

CONCEPTO.- Servizo de atención ao público en exposicións de dependencias culturais.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8709/331	24/01/05	2270600	2379	11.991,28 euros	<i>Servicios Securitas S.A. (C.I.F.: A28986800)</i>

CONCEPTO.- Asistencia técnica para obradoiros didácticos en inglés na Biblioteca Central.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8710/331	25/01/05	2270600	2387	10.675,00 euros	<i>María Vidal Rodríguez-Sabio (N.I.F.: 46913415Q)</i>

CONCEPTO.- Servizo de distribución de invitacións e publicacións editadas polo departamento de Cultura.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8711/331	25/01/05	2230000	2398	12.000,00 euros	<i>Sinsello S.L. (C.I.F.: B36769685)</i>

CONCEPTO.- Reserva de crédito para servizos de transportes lixeiros de mercancías.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8712/331	27/01/05	2230000	2878	3.000,00 euros	<i>Aquilino Molina Valín (N.I.F.: 35985317T)</i>

A Xunta de Goberno local queda enterada.

17(132).- SOLICITUDE DA FEDERACIÓN DE PEÑAS EL OLIVO DE AUTORIZACIÓN PARA CELEBRAR A FESTA DAS PEÑAS NO PARQUE DE CASTRELOS OS DÍAS 25 E 26 DE XUÑO DE 2005. EXPTE. 70551/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 7.02.05, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR á Federación de Peñas "El Olivo", á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración da FESTA DAS PEÑAS, os vindeiros 25 e 26 de xuño de 2005 no Parque de Castrelos, na zona marcada e delimitada no plano que se achega no expediente, debendo: delimitalo recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; así mesmo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, randeiras, carruseis, tiro ao branco e outras similares.

Deberán así mesmo presentar con anterioridade á celebración da citada festa póliza de responsabilidade civil que cubra a contía de 300.506,05 €.

De non presentarse esta póliza, entenderase non autorizada a Festa das Peñas.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

- Deberán absterse de colocar carteis ou pancartas nas árbores do Parque.
- A efectos de inclusión dunha garantía na Póliza de Responsabilidade Civil terase en conta unha cantidade de 600 €.
- Horario máximo autorizado.....3:30 horas.
- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

18(133).-PRÓRROGA POR UN ANO DO CONTRATO DE XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA ADXUDICADO A TOBEIRO S.L. EXPTE 4177/332.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación do 31.01.05, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, que di o seguinte:

A Comisión de Goberno de 11.03.02 adxudicou o concurso para a xestión da Escola Municipal de Música a Trobeiro, S.L.

Na cláusula 5 do prego de condicións administrativas que rexeu a contratación establecíase como prazo do contrato o de dous anos dende o día un do mes seguinte a aquel no que se notifique o acordo de adxudicación. (ntificado no mes de marzo de 2001). En esta mesma cláusula prevíase a posibilidade de prorroga-lo contrato por anualidades ate un máximo de dúas.

Unha das prorrogas xa fora autorizada por acordo da Xunta de Goberno 22-03-2004.

A xefa do servizo de Educación propón a prorroga do contrato por un ano .

Na cláusula 3 do prego de condicións s administrativas se establece que a revisión de prezos do contrato se efectuará o un de xaneiro de cada ano de vixencia do contrato e reflectirá a variación experimentada polo IPC

nacional respecto do ano anterior. Esta variación de acordo coa información obtida do Instituto Nacional de Estadística foi do 3,4%.

Tamén respecto da cantidade aprobada como prezo do contrato para o ano 2004 (Xunta de Goberno 22-03-2004) incrementase debido ao aumento de alumnos na escola que xa se factura dende o mes de outubro de 2004.

A vista das anteriores consideracións proponse a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

1.- Autoriza-la prorroga para o periodo comprendido entre o 01-04-2005 ó 31-03-2006 do contrato para a xestión da Escola Municipal de Música adjudicado a Trobeiro S.L. por acordo da Comisión de Goberno de 11.03.2002

2.- Fixa-lo prezo do contrato na cantidade de 355.511,57 euros unha vez revisado o prezo do contrato de acordo coa variación experimentada polo IPC nacional no periodo decembro2003-decembro 2004.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

19(134).-SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE EDIFICIOS DOADOS POR D. JOSÉ GARCÍA BARBÓN AO CONCELLO DE VIGO POR INCUMPRIMENTO DE CARGAS, CONDICIÓN E OBRIGAS IMPOSTAS NA DOAZÓN. DESESTIMADA. EXPTE. 15014/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 3.02.05, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Decreto de 27 de maio de 1955, Regulamento de Bens municipais e provinciais.
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locales.
- Código Civil.

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Don José García Barbón donou en data 27 de outubro de 1904 á cidade e termo municipal de Vigo, a perpetuidade e en pleno dominio, tres fincas urbanas, dous edificios e o patio sito entre ambos, sitios na actualidade na rúa García Barbón nº 5 coas limitacións que fai constar en 12 cláusulas recollidas na escritura de doazón.

Segundo.- Na Cláusula Segunda da escritura de doazón establécese a obriga do Concello de Vigo de facilitar nos edificios doados ensino gratuito técnico ó obreiro e á muller e a soste nelas ou noutro local adecuado a biblioteca pública e segundo a Cláusula Terceira da mesma o incumprimento total o parcial destas obrigas durante dous anos consecutivos será causa de rescisión total e as fincas doadas pasarán a ser propiedade da persoa que, acreditando ser parente do señor otorgante, reclamare primeramente o seu dereito ante o Tribunal competente, sempre que pola súa parte e coa súa conducta non houber contribuído o devandito incumprimento.

Terceiro.- Segundo a Cláusula Oitava da escritura de doazón queda obrigada a Corporación municipal a soste os edificios doados en bo estado de conservación mediante as reparacións ordinarias e extraordinarias que sexan precisas e a aseguralos contra incendios.

Cuarto.- Entre abril do ano 1999 e decembro de 2001 foi preciso pechar o centro para a realización de obras necesarias para a conservación do edificio tendo continuidade as clases noutras dependencias: na Casa do Concello, na Casa das Artes e no Edificio Asefal.

Quinto.- Don José Carlos Calderón Oya e Don Oscar Calderón Oya, ambos conxuntamente como apoderados mancomunados dos herdeiros de Don José García Barbón en virtude dos poderes que lles foron conferidos en escritura de mandato de xestión autorizada notarialmente, formulan reclamación administrativa previa ó exercicio de accións na vía xudicial civil, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 4 de setembro de 2002, solicitando que se declare por parte deste Concello o incumprimento das cargas, condicións e/ou obrigacións que o Sr. García Barbón impuso na doazón dos edificios sitos na actualidade na rúa García Barbón nº 5 dado que o Concello deixou de destinar os mencionados edificios doados a escola gratuita de artes e industria a favor dos obreiros e mulleres de Vigo durante máis de dous anos ininterrompidos e, en base o anterior incumprimento, declare a resolución de pleno dereito da mencionada doazón e acorde a devolución ós lexítimos descendentes e sucesores do Sr. García Barbón dos edificios en plena propiedade e libres de toda carga e se esto non fose posíbel se proceda a aboar a éstos unha indemnización igual ó valor actual de mercado de tales edificios.

Sexto.- Informe do Director da Universidade Popular, de data 27 de febreiro de 2003, manifestando que “non houbo endexamais incumprimento por parte do Concello. Cando pola realización das obras obrigadas foi preciso pechar o centro, o Concello non suspendeu as clases, senon que deu continuidade a todas elas en outras dependencias... Non obriga o Sr. García Barbón a buscar un local alternativo para o desenvolvemento das clases mentres dure o obrigado peche por obras, pero o Concello foi máis alá, co conseguinte gasto que representou o traslado do material das aulas e talleres e o aluguer de novas dependencias. É presumible que cando se fai referencia na escritura a “el incumplimiento total o parcial de las obligaciones (...) durante dos años consecutivos” na memoria do doante figuraba a posibilidade de que, dun xeito caprichoso, o Concello tomara a determinación de suspender as clases”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- O Concello de Vigo é propietario do inmovible denominado Universidade Popular sito na rúa García Barbón nº 5 que consta no Inventario Municipal de bens e dereitos co nº 53 de propiedade, ben de dominio público destinado ó servizo público cultural e social, adquirido a título gratuito por doazón de Don José García Barbón, en escritura de doazón de data 27 de outubro de 1904.

Segundo.- O derogado Decreto de 27 de maio de 1955, Regulamento de Bens municipais e provinciais dispoñía no seu artigo 12 que “se os bens houberen sido adquiridos baixo condición ou modalidade da súa afectación permanente a determinados destiños, entenderase cumprida y consumada cando durante trinta anos houberen servido ó mesmo ou deixaren de estalo por circunstancias sobrevenidas de interés público” disposición recollida na actualidade no artigo 13 do RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locales.

Terceiro.- A disposición adicional primeira do Decreto de 27 de maio de 1955 conferíalle vixencia dende a súa publicación no Boletín Oficial do Estado, que tuvo lugar en data 14 de xaneiro de 1956 e consonte a disposición adicional cuarta “cantos beneficios se recoñecen ós bens das Entidades locais serán de aplicación dende o momento en que entre en vigor este Regulamento” o que unido ó feito de que o edificio da Universidade Popular foi afectado ó servizo público dende o momento da aceptación da doazón sendo adicado a impartir ensino gratuito (e continúa na actualidade adicado a estes fins) tal e como o impuso o doante na cláusula segunda da escritura de doazón nos leva a conclusión de que prescindindo de iniciarlo cómputo no momento da doazón, ano 1904, e iniciándoo na data de entrada en vigor do Regulamento de Servizos de 1955, 14 de xaneiro de 1956, en 14 de xaneiro de 1986 terían transcorrido 30 anos, co cal nesa data produxose a cesación e extinción da condición imposta ó Concello na escritura de doazón aplicando o artigo 12 do citado regulamento (Sentenza do Tribunal Supremo de 20 de xuño de 1990).

Cuarto.- Consonte o disposto no artigo 79.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local son bens de dominio público os destinados a uso ou servizo público, considerando o artigo 265 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, o artigo 74.2 Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril polo que aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local e o artigo 4 do RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locales como bens de servizo público local os destinados directamente o cumprimento de fins públicos de responsabilidade das Entidades Locais. Os bens e dereitos demaniais perderán esta condición, adquirindo a de patrimoniais, nos casos nos que se produza su desafectación, por deixar de destinarse ó uso xeral ou ó servizo público (artigo 69 Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas). A facultade das Entidades Locais para proceder a alteración da calificación xurídica dos seus bens está recoñecida nos artigos 81 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local, 269 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e 8 do RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locales, que requiren a tramitación dun expediente no que se acrediten súa oportunidade e legalidade. No presente caso o edificio da Universidade Popular nunca foi desafectado do servizo público de insino gratuito nin houbo por parte deste Concello intención de desafectalo e dedicalo a fins distintos do imposto pola vontade do doante.

Quinto.- En calquera caso, non houbo incumprimento por parte deste Concello das cláusulas impostas polo Sr. García Barbón á doazón posto que dende a data da mesma o edificio foi adicado ininterrompidamente ó ensino gratuito e se permaneceu pechado durante un prazo superior a dous anos (dous anos e medio) foi debido a necesidade de realizar obras precisas para o seu adecuado mantemento habida conta da antigüidade do mesmo para o cal se solicitaron cumpridos informes tanto de técnicos municipais como análises técnicos de empresas privadas como GOC e INTEMAC así como o concurso do Colexio Oficial de Arquitectos e si non se cumprío durante este tempo a carga establecida polo donante na súa totalidade (continúa o ensino pero en dependencias distintas) non é por culpa o feito dependiente da vontade dos doatarios, por tanto de acordo coa doutrina do Tribunal Supremo (Sentenza de 12 de novembro de 1990) non pode imputarse os doatarios incumprimento de cargas ou condicións impostas polo doante, o que impide que a doazón poida ser revocada a teor do artigo 647 do Código Civil. É máis, o Concello incrementou o ensino de novas artes e oficios e tivo sempre presente as necesidades do momento, interpretando as cláusulas da doazón cosonte o disposto nos artigos 3.1, 1258 e 7.1 do Código Civil, e dicir, a) as normas han de interpretarse segundo o sentido propio de sus palabras, en relación co contexto, os antecedentes históricos e legislativos e a realidade social do tempo en que han de ser aplicados, atendendo fundamentalmente ó espírito e finalidade de aquelas, b) os dereitos deberán exercitarse consonte as esixencias da boa fe, e c) que os contratos non obrigan so ó expresamente pactado senon a totalas consecuencias que deriven da boa fe.

Sexto.- A acción revocatoria que textualmente confire ó doante o artigo 647 cando o doatario deixe de cumprir algunha das condicións que o doante lle impuso teñe carácter persoalísimo tal é como establecen as sentenzas do Tribunal Supremo de 3 de decembro de 1928, 11 de decembro de 1975 e 17 de decembro de 1987, entre outras, polo que existen dudas sobre a lexitimidade dos reclamantes para exercitar a acción de revocación de doazóns xa que consonte a STS de 11 de marzo de 1988 “las donaciones con cláusula de reversión necesariamente hay que incluírlas en la modalidad de donaciones condicionales, en su verdadera acepción técnica, pues tal pacto supone el recobro por el donante de lo que regaló (para cualquier caso y circunstancias), o el paso de lo donado, desde el donatario a terceras personas (con el límite de las sustituciones fideicomisarias)...”. O límite imposto as substitucións fideicomisarias polo artigo 781 do Código Civil é que non pasen do segundo grado ou que sexan feitas a favor de persoas que vivan o tempo do falecemento do testador, límite superado por todos os reclamantes.

Séptimo.- Consorte o artigo 127.1.f da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local, corresponde a Xunta de Goberno Local a xestión, adquisición e a enaxenación do patrimonio.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación administrativa previa ó exercicio de accións na vía xudicial civil formulada por Don José Carlos Calderón Oya e Don Oscar Calderón Oya, ambos conxuntamente como apoderados mancomunados dos heredeiros de Don José García Barbón”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

20(135).- RECLAMACIÓN DE DANOS:

a) DOLORES VARELA PATIÑO. EXPTE 13743/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Administración Xeral do servizo Patrimonio e Contratación do 29.11.04, en relación coa reclamación de D^a. Dolores Varela Patiño por danos persoais sufridos por unha caída a consecuencia dunha lousa que estaba levantada na praza de América, visto o dictame favorable 20.01.05 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 28.01.05, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Estimar a reclamación de Dna. Dolores Varela Patiño por corresponder ao Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público, e indemnizala coa cantidade de 2.370,46 euros.

2º.- Comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-13i) do devandito Regulamento”.

b) MIGUEL VILLAMARÍN ALVAREZ. EXPTE 15946/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Administración Xeral do servizo de Patrimonio e Contratación do 29.11.04, en relación coa reclamación de D. Miguel Villamarin Alvarez por danos no seu vehículo cando circulaba pola calzada e viuse sorprendido por unha focha sin sinalizar na rúa Baixada ao Castaño, visto o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia do 20.01.05 e da acordo co informe-proposta da devandita técnica do 26.01.05, conformado polo xefe de Rexime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial de D. Miguel Villamarin Álvarez, indemnizándolle na contía de 475,17 euros, correspondente ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

c) EUGENIO RODRÍGUEZ GARCÍA. EXPTE 16374/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 29.11.04, en relación coa reclamación de D. Eugenio Rodríguez García por danos no seu vehículo causados por unha pedra enorme que atopou no seu carril na avda. de Europa, visto o informe favorable do Consello Consultivo de Galicia de 20.01.05 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 26.01.05, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Estimar a reclamación de D. Eugenio Rodríguez García, indemnizandolle na contía de 761,37 euros, correspondente ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

d) ZURICH ESPAÑA (ANGEL ALONSO BASTOS). EXPTE.168/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 17.12.04, en relación coa reclamación de Zurich España, Compañía de Seguros y Reaseguros S.A. en representación de D. Angel Alonso Bastos por danos nos baixos do seu vehículo, ocasionados cando circulaba polo túnel de Beiramar cunha reixa dun sumidoiro, visto o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia do 20.01.05 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 28.01.05, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Estimar a reclamación de Zurich España, compañía de seguros y reaseguros, S.A. en nome de D. Angel Alonso Bastos, indemnizándolle na contía de 350,90 euros, correspondente ó valor da reparación do vehículo propiedade de D. Ángel Alonso Bastos.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento”

21(136).-DEVOLUCIÓN DE FIANZA A NUÑEZ MOTOR, S.L. CONSTITUÍDA POLA SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULOS PARA A POLICÍA LOCAL. EXPTE. 510/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 3.02.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Núñez Motor S.L. as fianzas de 1.843,91 e 2.516 € constituídas para responder da subministración de vehículos para a Policía Local xa que foron recibidos conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

22(137).- ABOAMENTO DE PRODUCTIVIDADE A D. JUAN A. BARREIRO VILA (PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE OUTUBRO E 31 DE DECEMBRO DE 2004). EXPTE 15568/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 26.01.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer e aboar ao traballador D. Juan A. Barreiro Vila, con cargo á partida de produtividade, a a cantidade de 322,14 Euros, polas diferencias retributivas existentes entre os complementos específico e de destino asignados ao seu posto de traballo e os asignados ao posto de operador de informática, correspondentes ao período comprendido entre o 1 de outubro de 2004 ao 31 de decembro de 2004.

23(138).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE AO PERSOAL ADSCRITO AO POSTO DE CONDUCTOR DA ALCALDÍA CORRESPONDENTE O SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2004. EXPTE 15580/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 4.02.05 e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización, do 2.02.05, conformado pola Excm. Alcaldesa, a Xunta de Goberno acorda:

Aboar aos seguintes funcionarios as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento do seu posto de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril:

- D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, 2.273,99 €.
- D. Cesáreo Rocha Paramés, núm. persoal 12256, conductor da Alcaldía, 2.305,88 €.

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.

24(139).- CONTRATACIÓN EN PRÁCTICAS DE D. DIEGO NOVOA GIL COMO AUXILIAR DE LABORATORIO, POR RENUNCIA VOLUNTARIA DO AUXILIAR D. ALBERTO ROMERO CANCELAS. EXPTE 15585/220.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 3.02.05, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno local, en sesión ordinaria de 24 de maio de 2004, adoptou acordo aprobando as bases de selección para a contratación laboral temporal en prácticas de dous auxiliares de laboratorio (Expte. 1502/220), debidamente publicadas no B.O.P. de Pontevedra de 9 de xuño de 2004.

Realizado o correspondente proceso selectivo, e a proposta do Tribunal calificador, acordouse por Resolución da Alcaldía de 13 de xuño de 2004 a contratación dos aspirantes D^a. Eva Brea Iglesias e D. Luis Alberto Romero Cancelas para con data de 15 de xullo de 2004.

Con data 01.02.05, o Director do Laboratorio Municipal comunica a renuncia voluntaria do traballador Sr. Romero Cancelas con efectos do vindeiro 08.02.05, ao tempo que solicita unha nova contratación en prácticas á maior brevidade co obxecto de non paraliza-la actividade que viña sendo desenvolta polo referido traballador no laboratorio.

Segundo os datos obrantes nas actas que rexiron o proceso selectivo para esta contratación en prácticas conséntase que o seguinte aspirante por orde de puntuacións emitidas do Tribunal calificador resulta ser D. DIEGO NOVOA GIL, con D.N.I. 36.146.508 F, con 10,95 puntos no total da baremación contida na acta de 12 de xullo de 2004.

Consecuentemente deben darse por cumprimentados os principios de publicidade, mérito e capacidade que rexiron o proceso selectivo oportunamente convocado, polo que se propón á Xunta de Goberno local, previo informe de fiscalización da Intervención xeral, a adopción do seguinte acordo :

“Autorizar a contratación de D. DIEGO NOVOA GIL, con D.N.I. 36.146.508 F baixo a modalidade dun contrato laboral en prácticas como auxiliar de laboratorio.

Con carácter previo á contratación acreditaranse os requisitos documentais de titulación esixidos na correspondente convocatoria.

A duración do contrato será dun ano, prorrogable por outro e o período de proba será dun mes.

Durante o desenvolvemento do contrato o traballador percibirá o 60 % das retribucións do posto, durante o primeiro ano e o 75% durante o segundo en relación ao salario fixado para un empregado municipal que desenvolva o mesmo ou equivalente posto de traballo nesta Administración “.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

25(140).-SOLICITUDE DE ABOAMENTO AO FUNCIONARIO DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, D. MANUEL LÓPEZ RODRÍGUEZ, DE IMPORTE DE PÓLIZA ASISTENCIA SANITARIA NO EXTRANXEIRO, POR IMPORTE DE 262,00 €. EXPTE 15485/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 20.12.04, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar ao funcionario adscrito ao servizo de Extinción de Incendios D. Manuel López Rodríguez, con NIF 36.123.646-F e núm. persoal 76.514, o importe de 262,00 €, correspondente á póliza de seguro de asistencia sanitaria no extranxeiro, polo período de tres meses, de conformidade co disposto no art. 35 do acordo regulador das condicións de traballo do persoal municipal.

26(141).- FIXACIÓN DO CALENDARIO FISCAL PARA OS TRIBUTOS DE COBRO PERIÓDICO E NOTIFICACIÓN COLECTIVA DO PRESENTE EXERCICIO IMPOSITIVO PERTENCENTE AO ANO 2005. EXPTE 2604/703.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do tesoureiro municipal, do 26.01.05, a Xunta de Goberno local acorda aprobar o seguinte calendario fiscal para os tributos de cobro periódico e notificación colectiva do presente exercicio impositivo pertencente ao ano 2005:

TRIBUTO	INICIO PERÍODO VOLUNTARIO	FIN PERÍODO VOLUNTARIO
Imposto vehículos tracción mecánica	31 de marzo	31 de maio
Taxa recollida do lixo	1 de xuño	1 de agosto
Exaccións unificadas industriais	1 de xuño	1 de agosto
Imposto sobre bens inmobles	1 de setembro	2 de novembro
Imposto actividades económicas	1 de setembro	2 de novembro

27(142).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO DELIMITADO POLAS RÚAS SAN XOAN E PADRE CELSO. EXPTE. 4507/401.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do servizo de Planeamento e Xestión, do 7.02.05, que di o seguinte:

FEITOS

1.- No 13/04/2003 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou:

"Primeiro.- Aprobar definitivamente, coas finalidades sinaladas na parte expositiva do presente acordo, a delimitación dun polígono de 3.195,82 m² de superficie, entre as rúas San Xoan e Padre Celso, integrado polas parcelas que seguen: (...).

Segundo.- Aprobar definitivamente a determinación do sistema de compensación como sistema de actuación no polígono delimitado (...)"

2.- En data 10/02/2004 o representante da entidade mercantil "COLOGA SL" interpuxo nesta Administración municipal solicitude de tramitación e aprobación do Proxecto de Urbanización do referido polígono. Achegou ó efecto o correspondente Proxecto, asinado polo arquitecto D. David Mahía Castelao. Dita solicitude e documentación inicial foi completada -previo requirimento dos servizos municipais- por outra posterior presentada nos días 30/03/2004, 16/04/2004, 22/04/2004, 28/04/2004 e 18/06/2004.

No 21/06/2004 o enxeñeiro industrial municipal da oficina de Servizos Electromecánicos emitiu sendos Informes favorables sobre o Proxecto de Urbanización, se ben efectuando certas puntualizacións a ter en conta no momento de execución das obras.

En data resepectivas 08/07/2004 e 01/10/2004 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas e o técnico de administración xeral emitiron senllos Informes favorables. No primeiro deles fíxose constar, entroutros extremos, o seguinte:

"El trazado del nuevo vial, sigue fielmente el planteado en los planos del vigente PGOU, con un ancho total entre alineaciones de catorce metros (14,-m), aceras de dos metros y medio (2,50m), y calzada de nueve metros (9,-m). La urbanización dispone de todos los servicios urbanísticos habituales, red de pluviales, saneamiento, abastecimiento y riego, red eléctrica, alumbrado público, gas, comunicaciones, mobiliario urbano, señalización, diversos pavimentos y obras de contención necesarias para resolver las diferencias de nivel. No contiene por tanto unidades de obra singulares.El Proyecto cumple con las vigentes NN.UU., con los artículos 67 al 70 del RPU, y con el Decreto 35/2000 de accesibilidad (...)"

3.- En data 18/10/2004 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente o Proxecto de Urbanización. A continuación abríuse un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante publicación de anuncio no BOP núm. 218, do 11/11/2004 e no diario Faro de Vigo do 12/11/2004.

No 29/12/2004 D. Alberto Vidal Táboas, D. José Santos Romero, D. Antonio Filgueira Nogueira, D. Augusto Rodríguez Rodríguez, D^a María Pérez Meiriño, D^a Consuelo Prieto Álvarez e D. Jaime A. Prieto Álvarez (comunidade de herdeiros de D. Antonio Prieto) interpuxeron un escrito de alegacións, opoñéndose á aprobación definitiva deste Proxecto de Urbanización.

Déuselle traslado dunha copia desas alegacións á entidade "Cologa Vigo SL", que procedeu a respostalas noutro escrito presentado na Xerencia de Urbanismo no 24/01/2005.

Previo requirimento municipal, no día 04/02/2005 o representante de "Cologa Vigo SL" presentou a versión definitiva do Proxecto de Urbanización, corrixido á vista das citadas alegacións.

No 07/02/2005 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitíu Informe favorable á aprobación da última versión do Proxecto de Urbanización

4.- Paralelamente, co núm. de expte. 4508/401 aprobarase o proxecto de equidistribución dese polígono.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- Este procedemento tramitouse consonte co disposto no Art. 110.4 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA).

O Proxecto de Urbanización subordínase ó disposto no Art. 110 LOUGA, no que se especifica que: "Os Proxectos de Urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executa-los servicios e dotacións establecidos no planeamento. (...) non poderán modifica-las previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectua-las adaptacións esixidas pola execución material das obras". Así mesmo, cumpre o preceptuado no Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro, de Supresión de Barreiras Arquitectónicas.

O solo afectado polo Proxecto de Urbanización ten a clasificación de urbano no vixente PXOU aprobado no 29/04/1993, non remitido a planeamento secundario. As aliñacións do vial de referencia veñen grafiadas precisa e directamente nos planos de ordenación do referido Plan Xeral.

2.- Alegacións interpostas por D. Alberto Vidal Táboas, D. José Santos Romero, D. Antonio Filgueira Nogueira, D. Augusto Rodríguez Rodríguez, D^a María Pérez Meiriño, D^a Consuelo Prieto Álvarez e D. Jaime A. Prieto Álvarez (comunidade de herdeiros de D. Antonio Prieto) no 29/12/2004 (rex. 401332225)

Manifestan a súa oposición á delimitación do polígono, e ó proxecto de urbanización que agora se pretende aprobar definitivamente.

A delimitación do polígono de referencia foi aprobada definitivamente por Acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 13/03/2003, previo trámite de información pública con publicación de anuncios e notificación individualizada ós propietarios incluídos no polígono. Nese procedemento acreditouse que o ámbito delimitado era de entidade suficiente para poder executar nese concreto lugar a embocadura e o primeiro tramo do novo vial trazado no vixente Plan Xeral, con distribución de cargas e beneficios entre os propietarios afectados. Dito acordo adquiriu firmeza na vía administrativa e xudicial. Por tratarse dun acto de xestión urbanística non cabe interpor recurso indirecto contra él.

No que se refire ó Proxecto de Urbanización tramitado neste expediente, as alegacións poden estimarse no senso de limitar o ámbito do Proxecto de Urbanización ós terreos incluídos no polígono, sen afectar ós exteriores ó mesmo. Efectivamente, o art. 14.2.d) Lei 6/1998, do 13 de abril, de Réxime do Solo e Valoracións obriga a distribuír as cargas e beneficios do planeamento en solo urbano non consolidado antes do inicio da súa execución material. Polo tanto non se pode aprobar definitivamente un Proxecto de Urbanización en solo urbano non consolidado sen a previa ou simultánea aprobación do correspondente proxecto de equidistribución das fincas afectadas, salvo no caso dos sistemas xerais (art. 167 LOUGA).

Proponse en consecuencia a estimación parcial destas alegacións, no senso de circunscribir o ámbito de intervención do Proxecto de Urbanización exclusivamente ós terreos incluídos dentro do citado polígono, sen afectar ós exteriores ó mesmo.

O Proxecto de Urbanización que agora se pretende aprobar definitivamente, xa foi corrixido no senso exposto, limitándose a intervir nas fincas incluídas dentro do polígono de referencia. Por tal motivo, o seu presuposto de execución reducíuse ata o importe de 79.238,21 euros.

3.- De conformidade co disposto no Apdo. 8.8.11.i) PXOU-93 (páx. 78 BOP nº 133 do 14/07/93), no Informe do Enxeñeiro Técnico Municipal de Obras Públicas antes citado e no Art. 20.2 LOUGA, para poder solicitar Licenza de Obras antes da finalización e recepción definitiva das obras de urbanización, deberá constituírse a correspondente fianza ou aval por importe de 79.238,21 euros.

Finalmente, a aprobación definitiva deste Proxecto de Urbanización require da previa ou simultánea aprobación do Proxecto de Equidistribución do polígono, consonte esixe o art. 20.1.d) LOUGA.

É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Estimar parcialmente as alegacións formuladas por D. Alberto Vidal Táboas, D. José Santos Romero, D. Antonio Filgueira Nogueira, D. Augusto Rodríguez Rodríguez, D^a María Pérez Meiriño, D^a Consuelo Prieto Álvarez e D. Jaime A. Prieto Álvarez (comunidade de herdeiros de D. Antonio Prieto) no expediente de referencia, no senso e polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo.

SEGUNDO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización do polígono delimitado entre as rúas San Xoan e Padre Celso, promovido pola entidade mercantil "Cologa S.L." e redactado polo Arquitecto D. David Mahía Castelao, na súa última versión, visado polo COAG no 03/02/2005 (Expte. 4507/401).

TERCEIRO: Para poder solicitar Licenza de Obras antes da finalización e recepción definitiva das obras de urbanización, deberá constituírse a correspondente garantía por importe de 79.238,21 euros. Comunicarase o inicio das obras ó Coordinador municipal da área de servizos.

CUARTO: Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós propietarios do polígono e ós alegantes, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquese tamén ó coordinador municipal dos servizos municipais e ó equipo redactor do novo Plan Xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(143).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA U.A. 14 PEDREIRA. EXPTE. 4510/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 12.01.05, que di o seguinte:

FEITOS

En data 23/12/1995 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente o Estudio de Detalle da UA 14 "Pedreira" -San Miguel de Oia- (expte. 3166/411, BOP núm. 27, do 07/02/1996).

No 17/09/1998 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente os Estatutos e Bases de Actuación da Xunta de Compensación (XC) dese polígono (DOG 102, do 29/05/1998).

A XC constituíuse no 07/04/1999 mediante Escritura Pública outorgada perante o notario de Vigo D^a Palmira Delgado Martín, co núm. 616 do seu Protocolo. Inscribiuse no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras en virtude de Resolución do Director Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia do 27/03/2000.

No 12/03/2002 o Director Xeral de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Expropiación polo sistema de taxación conxunta das fincas non incorporadas á Xunta de Compensación (expte. 120/413). No día 20/12/2002 outorgáronse as Actas de Ocupación e Pago, consignándose na Caixa Xeral de Depósitos o prezo xusto dos que non compareceron.

No 20/09/2004 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación do devandito polígono (expte. 4529/401).

No 16/02/2004 o representante da Xunta de Compensación interpuxo nesta Administración municipal solicitude de tramitación e aprobación do correspondente Proxecto de Urbanización. Achegou ó efecto a pertinente documentación técnica, asinada polo enxeñeiro de camiños D. Alberto Moreno García, que foi rectificadada e completada con outra posterior presentada nos días 18/10/2004 e 03/12/2004.

Nos días respectivos 17/11/2004 e 13/12/2004 os enxeñeiros municipais dos departamentos de "montes, parques e xardíns" e "servizos electromecánicos" emitiron senllos informes favorables, con certas precisións que deberán cumprirse no momento de execución das obras.

En data 15/11/2004 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitiu Informe favorable. Nél manifestou, entroutros extremos, o seguinte:

"A los efectos fiscales que corresponda, el Presupuesto de Ejecución Material asciende a la cantidad 479.483,89 Euros por lo que de acuerdo con el apartado 3.8.1.2.i de las vigentes NN. UU., deberán presentar aval por el 100 % a la aprobación definitiva. El Proyecto consiste en la urbanización de un tramo de la calle Cesáreo Álvarez con la sección prevista en el PGOU, aproximadamente entre el nº 36 y el camino de Bouzo, la ampliación de este camino también al ancho previsto, del camino público que arranca en la esquina del nº 17 de la calle Cesáreo Álvarez, y a la apertura y urbanización de un tramo de unos 160 metros lineales de un vial de 16 metros de anchura incluído como previsión en el planeamiento general vigente. A propósito de este último vial, el PGOM en marcha también incluye este corredor. Incorpora unas pequeñas zonas verdes, tal y como se definen en el planeamiento que desarrolla, y tres viales en fondo de saco para resolver el acceso rodado a parcelas, sin utilizar el vial principal. El Proyecto contiene las obras necesarias para la implantación de los servicios urbanísticos habituales. El Proyecto cumple con las vigentes NN.UU., con los artículos 67 al 70 del RPU, y con el Decreto 35/2000 de accesibilidad. El inicio de las obras será puesto en conocimiento del Coordinador del Area de Servicios para efectuar un seguimiento de estas y coordinar los diversos departamentos municipales que hayan de tener competencias una vez sean entregadas al Ayuntamiento. Al solicitar la recepción de las mismas, se facilitará lo realmente ejecutado en soporte informático. La Dirección facultativa de las obras estará obligada a entregar a la inspección municipal de las obras, aquellos ensayos y/o documentos que avalen la idoneidad de las unidades de obra que por aquella fuesen considerados necesarios, conforme al articulado del Pliego de Prescripciones Técnicas. El acuerdo de aprobación inicial, así como el inicio del periodo de exposición pública se notificará al coordinador del área de servicios, y a las empresas Unión Fenosa, Aqualia, y a las de comunicaciones Telefónica y R".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Este procedemento debe tramitarse consonte co disposto no art. 110 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA).

Tal e como se deduce dos Informes técnicos obrantes no expediente, o proxecto axústase ó preceptuado no art. 110 LOUGA, no que se especifica que: "Os proxectos de Urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executa-los servizos e dotacións establecidos no planeamento. (...) non poderán modifica-las previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectua-las adaptacións esixidas pola execución material das obras". Así mesmo, tamén cumpre o disposto no Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro, de Supresión de Barreiras Arquitectónicas.

De conformidade co disposto no apdo. 8.8.11.i) PXOU-93 (páx. 78 BOP nº 133 do 14/07/93), no Informe do Enxeñeiro Técnico Municipal de Obras Públicas antes citado e no art. 20.2 LOUGA, para poder solicitar Licenza de Obras antes da finalización e recepción definitiva da urbanización, deberá constituírse a correspondente fianza ou aval por importe de 479.483,89 euros.

Por último, no momento de recepción das obras de urbanización, deberá constituírse unha entidade urbanística de conservación (art. 110 LOUGA), tal e como se dispón no vixente PXOU-93.

É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, previo dictame do Consello da Xerencia de Urbanismo, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o proxecto de Urbanización da UA 14 Pedreira (Oia), promovido pola Xunta de Compensación dese polígono, redactado polo enxeñeiro D. Alberto Moreno García, visado en datas 22/10/2002 e 02/12/2004 (Expte. 4510/401).

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e nun diario dos de maior circulación na Provincia. Notifíquese o contido íntegro deste Acordo á Xunta de Compensación xunto cunha copia do Informe do servizo municipal de electromecánicos do 13/12/2004. Notifíquese tamén a tódolos propietarios do polígono, ás entidades concesionarias de servizos públicos, infraestructuras de telecomunicacións e equipo redactor do novo Plan Xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(144).- APROBACIÓN DEFINITIVA DE CAMBIO DE SISTEMA DE COMPENSACIÓN A CONCERTO E PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN DO POLÍGONO DELIMITADO ENTRE AS RÚAS SAN XOÁN DO MONTE E PADRE CELSO. EXPTE. 4508/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 24.01.05, que di o seguinte:

FEITOS

.- En data 13/04/2003 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou:

"Primeiro.- Aprobar definitivamente, coas finalidades sinaladas na parte expositiva do presente acordo, a delimitación dun polígono de 3.195,82 m² de superficie, entre as rúas San Xoan e Padre Celso, integrado polas parcelas que seguen: (...). Expte. 4403/401

Segundo.- Aprobar definitivamente a determinación do sistema de compensación como sistema de actuación no polígono delimitado (...)."

2.- No 10/02/2004 o representante da entidade mercantil "Cologa Vigo SL" interpuxo nesta Administración municipal un escrito no que comunicou a súa adquisición da totalidade dos terreos do polígono e solicitou o cambio de sistema de compensación a concerto, así como a simultánea aprobación do correspondente proxecto de equidistribución. Achegou con dito escrito un proxecto asinado polo arquitecto D. David Mahia Castelao.

Mediante sendos oficios de datas respectivas 28/04/2004 e 13/09/2004 requiríuselle á entidade solicitante que aportase nova documentación así como a rectificación de certos extremos do proxecto de equidistribución.

No 05/10/2004 a mercantil "Cologa Vigo SL" presentou nesta Administración municipal a versión final do Proxecto de Equidistribución, formalizada en Escritura outorgada perante o Notario de Vigo D. Mariano Vaqueiro Rumbao no 01/10/2004 co número 1.567 do seu protocolo.

Achegou tamén certificacións e notas informativas do Rexistro da Propiedade acreditativas da súa condición de único propietario no devandito polígono.

3.- En data 07/10/2004 o Arquitecto municipal emitiu Informe técnico sobre o proxecto de equidistribución, en senso favorable á súa aprobación inicial.

En resume, dito proxecto ten o seguinte contido:

1.- Ámbito (total):	3.208'00m ²
Propiedades particulares:	3.208'00m ²
Propiedades municipais:	0'00 m ²
2.- Cesión viario:	735'00 m ²
5.- Parcelas resultantes:	2.473'00 m ²
6.- Edificabilidade (a construír):	2.348'691 m ²
7.- Aproveitamento municipal:	234'868 m ² (Parcelas 2 e 3).

No 08/10/2004 o técnico de administración xeral da Xerencia de Urbanismo emitíu un Informe xurídico ó respecto.

4.- A entidade mercantil promotora solicitou tamén a monetarización e adquisición do aproveitamento municipal, valorándoo en 107.123,25 euros. O Arquitecto municipal, no seu Informe do 07/10/2004 antes citado elevou dita valoración, previa xustificación, ó importe de 157.762,31 euros.

5.- En data 25/10/2004 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente o cambio de sistema de compensación a concerto e o proxecto de equidistribución do citado polígono. A continuación abríuse un trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante publicación de anuncio no BOP núm. 236, do 09/12/2004 e notificación individualizada ós interesados.

Durante dito período non se interpuxo ningún escrito de alegacións, segundo acredita o Secretario da Xerencia na súa Certificación do 18/01/2005.

Finalmente sinalar que paralelamente e co núm. de expte. 4507/401 estase tramitando o Proxecto de Urbanización deste ámbito.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- As parcelas incluídas no polígono de referencia pertencen a un único propietario, segundo se deduce das Escrituras públicas de compraventa e agrupación de fincas e notas rexistradas achegadas pola entidade mercantil solicitante.

Nos arts. 150 e ss. da recente Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) estableceuse un sistema de xestión específico e simplificado para os polígonos dun único propietario, denominado "sistema de concerto". Por outra banda, suprimiuse o procedemento abreviado de "propietario único" no sistema de compensación, antes regulado no art. 133.1 'in fine' LSG-97. Quere elo dicir que coa nova lexislación, a aprobación do Proxecto de Compensación esixe en todo caso da previa constitución de Xunta de Compensación, aínda na hipótese de que o polígono pertencese a un único propietario ou a varios con unánime consenso (art. 154 LOUGA).

Neste suposto, resultou axeitada e incluso recomendable a incoación dun procedemento de cambio de sistema, de compensación a concerto. Elo permite aproba-lo proxecto de equidistribución do propietario único do polígono dun xeito máis áxil e sinxelo.

II.- O procedemento de modificación do sistema de actuación regúlase no art. 127.2 LOUGA. A tramitación do Proxecto de Equidistribución establécese no art. 153.1 LOUGA, no que se dispón que:

"A proposta de equidistribución formulada polos propietarios afectados e formalizada en escritura pública será sometida a información pública durante vinte días mediante anuncio publicado no BOP e obxecto de informe polos servizos municipais correspondentes, e seralle elevada ao municipio para que se pronuncie sobre a aprobación definitiva".

De conformidade co disposto no art. 73 Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRXA-PAC) acumuláronse ambos procedementos nun único expediente, tramitándose conxuntamente.

III.- A entidade promotora do polígono solicitou a monetarización e adquisición directa do 10% do aproveitamento urbanístico (atribuído 'ex lege' ó Concello). Dito aproveitamento municipal materialízase en dúas cotas indivisas nas parcelas resultantes "2" e "3", con ordenanzas de aplicación, respectivamente, "1.3.B" e "1.2.A". Certamente a situación en pro indiviso dese aproveitamento dificulta ou impide que se adique ós fins propios do patrimonio municipal do solo. Circunstancia que aconsella a súa monetarización, destiñándose a cantidade en metálico obtida ós referidos fins públicos.

Sen embargo, o art. 177.2 LOUGA, resultante da modificación aprobada por Lei 15/2004, do 29 de decembro, dispoñe que en todo caso o alleamento ou permuta do patrimonio público do solo da Administración local efectuarase, por prezo non inferior ao do seu aproveitamento urbanístico, mediante concurso público por procedemento aberto, na forma establecida na lexislación de contratación das administracións públicas.

Por tal motivo, a devandita solicitude só se pode estimar parcialmente, no único senso de inicia-los trámites para allear ese aproveitamento municipal en concurso público por procedemento aberto.

IV.- É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, consonte co disposto no art. 127.d) Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL), modificada por Lei 57/2003.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o cambio de sistema de compensación a concerto do polígono delimitado entre as rúas San Xoán do Monte e Padre Celso (expte. 4508/401).

SEGUNDO: Aprobar definitivamente o proxecto de equidistribución do polígono, promovido pola entidade mercantil "Cologa Vigo SA" e redactado polo Arquitecto D. David Mahia Castelao, formalizado en Escritura Pública outorgada perante o notario de Vigo D. Mariano Vaqueiro Rumbao no 01/10/2004, co núm. 1.567 do seu protocolo, complementada por outra do 04/10/2004 (núm. 1.575).

TERCEIRO: Incoar un procedemento de concurso por procedemento aberto para o alleamento do aproveitamento urbanístico atribuído ó Concello neste polígono, segundo o disposto no art. 177.2 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia, modificado por Lei 15/2004, do 29 de decembro.

CUARTO: Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós interesados, coa advertencia de que contra él cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo de un mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(145).-RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA A APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA NA TRAVESÍA DE ESPÍNEIRO-TEIS. ESTIMADO PARCIALMENTE. EXPTE. 169/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 28.01.05, que di o seguinte:

1.- En data 27/09/1996 a Comisión Municipal de Goberno acordou:

"1º.- Aprobar inicialmente o Proxecto de Urbanización do Vial Transversal ó camiño de Espiñeiro (...) coas seguintes condicións e/ou especificacións:

a) Os promotores da actuación deberán avalar, unha vez aprobado definitivamente este proxecto, a cantidade de 2.960.000 pesetas para responder dos custes de expropiación dos terreos necesarios para a execución do vial que se proxecta. b) Asemade, deberán avalar (tamén logo da aprobación definitiva), a cantidade de 12.610.329 pesetas, correspondentes ó 100% do importe das obras de urbanización. c) O prazo de execución da totalidade das obras comprendidas no proxecto fíxase en 12 meses, contados dende a efectiva dispoñibilidade dos terreos (...)"

No día 07/02/1997 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou: "(...) Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización do Vial Transversal ó Camiño de Espiñeiro-Teis, formulado por D^a Pilar Álvarez Díez e D. Jesús Fernández González, redactado polo arquitecto D. Ricardo Salgado Salgado, de conformidade cos condicionantes da súa aprobación inicial e coa memoria xustificativa do cumprimento da ordenanza municipal para a mellora de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, visada polo COAG o 10 de xaneiro de 1997" (expte. 3988/401).

2.- No 28/10/1998 "Promociones Tabulatum, S.L." interpuxo nesta Administración Municipal solicitude de licenza de obras para a construción dun edificio de 30 vivendas no lugar de referencia (expte. 32304/421). No 20/05/1999 o interesado presentou xustificante de constitución dos dous avais requiridos nos anteriores Acordos de aprobación do Proxecto de Urbanización, un deles polo importe de 2.960.000 pts. e o outro por 12.610.329 ptas (contabilizados no 20/05/1999 cos núms. 199900019179 e 199900019180).

En data 18/06/1999 o Alcalde-Presidente acordou conceder a licenza de obras solicitada, co seguinte condicionante: "As obras de urbanización do dito vial deberán executarse simultaneamente coa construción da edificación, conforme ás determinacións do proxecto de urbanización aprobado e estarán rematadas e recibidas polo Concello antes da concesión da licenza de primeira ocupación do edificio (...)"

3.- Posteriormente esta Administración municipal requiríulle sen éxito á entidade mercantil "Promociones Tabulatum, S.L." a presentación do correspondente proxecto expropiatorio dos terreos privados afectados pola urbanización do referido vial. En resposta á súa negativa, en data 27/02/2003 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou:

"PRIMEIRO: Denega-las solicitudes formuladas pola entidade mercantil "Promociones Tabulatum, S.L." de devolución de avais e de outorgamento de licenza de primeira ocupación en relación á edificación sita na Travesía do Camiño de Espiñeiro núm. 6, polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo (exptes. 3988/401 e 32304/421).

SEGUNDO: Executa-los avais constituídos pola entidade "Promociones Tabulatum, S.L.", polo importe de 2.960.000 ptas. e 12.610.329 ptas, en garantía, respectivamente, do pago do prezo xusto expropiatorio dos predios afectados polo Proxecto de Urbanización do vial transversal ó camiño de Espiñeiro (Teis) e dos custes de urbanización dese vial (contabilizados no día 20/05/1999 cos núms. 199900019179 e 199900019180).

TERCEIRO: Esta Administración municipal asumirá ditos custes (expropiación e urbanización) ata o límite das cantidades garantidas nos avais executados, procedendo á contratación directa das obras de urbanización.

CUARTO: Requirit os propietarios do edificio sito na Travesía do camiño de Espiñeiro núm. 6 para que no prazo dun mes presenten nesta Administración municipal o correspondente proxecto expropiatorio das fincas afectadas polo proxecto de urbanización, cos documentos esixidos no Art. 143 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (...)"

Dito Acordo foi impugnado pola interesada perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo 1 de Vigo no Procedemento Ordinario 88/2003. No 09/03/2004 o Xulgado dictou Sentenza desestimatoria do recurso.

4.- En data 05/07/2004 a Xunta de Goberno Local acordou:

"(...) Terceiro: Aprobar definitivamente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta dos terreos afectados polo ensanche e urbanización da Travesía do Camiño de Espiñeiro en Teis, coas valoracións e follas de prezo xusto redactadas polos técnicos municipais en data de 24 de maio de 2.004" ..

Dito Acordo foille notificado na forma legalmente establecida a D. Darío Rey Mosteiro e a D^a Dolores Melón Pérez no día 10/08/2004.

5.- No 30/08/2004 D. Darío Rey Mosteiro interpuxo na Xerencia de Urbanismo Recurso de Reposición contra dito Acordo. Motivou dito Recurso únicamente en que: "le afectan al porche, pudiendo caer la placa". Completou ese escrito con outro posterior, presentado no 07/09/2004, no que incluíu unha valoración contradictoria dos bens expropiados, cun Informe pericial.

No día 03/09/2004 D^a Dolores Melón Pérez presentou por correo certificado un escrito no que manifestou a súa discrepancia coas superficies e valoracións afectadas, achegando folla de prezo xusto contradictoria. No 30/09/2004 presentou outro escrito na oficina de correos completando o anterior.

Déuselle traslado dunha copia deses escritos á Comunidade de Propietarios da r/ Espiñeiro 6, que procedeu a respostalos mediante outro presentado no 07/12/2004.

No 20/01/2005 o arquitecto técnico municipal da oficina de Planeamento emitíu un Informe sobre os devanditos escritos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Recurso de reposición e alegacións de D. Darío Rey Mosteiro (30/08/2004, doc. 40088877 e 07/09/2004 doc. 40091639).

Manifesta a súa desconformidade coa superficie afectada pola expropiación e coas valoracións efectuadas pola Administración.

O arquitecto técnico municipal manifestou ó respecto, no seu citado Informe do 20/01/2005 que:

"Os planos empregados no expediente de expropiación baséanse no planos do proxecto de urbanización aprobado do vial previsto no plan xeral, cunha sección de 12 metros. A proposta xa presentada no trámite das alegacións e xa contestada modificaría as aliñacións previstas no plan xeral, reducindo a sección prevista que figura nos planos do plan xeral. O expediente de expropiación xustifícase na apertura dun vial previsto nos planos do plan xeral vixente

aprobado definitivamente o 29 de abril de 1993, independente da situación e parcelación das propiedades afectadas. En canto a valorar a totalidade da edificación auxiliar, realizado un novo levantamento topográfico pola oficina de cartografía da Xerencia de Urbanismo en xaneiro de 2005, púidose comprobar que coa sección do vial previsto, non sería necesaria a afección da citada construción auxiliar.

Non obstante a superficie do terreo afectada e segundo o levantamento topográfico citado ascende a 56,00 m2 e non ós 50,94 a que se refire o escrito presentado. En canto á valoración presentada, propón un valor en venta de 1.800 €/m2 de edificación, (o que significaría para unha vivenda de 225 m2 construídos un valor en venta de 304.262,38 € equivalentes ás 50.625.000,00 das antigas ptas), valor de mercado excesivo para a zona cun entorno de calidade baixa, con escasos atractivos de uso residencial, con falta de equipamentos, zonas verdes, etc. O valor estimado carece de xustificación e só sería posible en actuacións en urbanizacións de vivendas en fortes desenvolvementos e en zonas de calidade alta. Ademais rebaixa sen xustificación o custe por m2 edificable que figura no proxecto de urbanización aprobado.

En canto á construción destinada a garaxe, trátase dunha estrutura metálica de antiga construción, estimando o técnico que subscribe que o valor establecido na folla de aprecio, axústase ó valor real de reposición tendo en conta os materiais, a conservación e a antigüidade da mesma.

En canto ó acceso á construción auxiliar, situada no fondo da propiedade, dispón de acceso dende a propia edificación principal."

En consecuencia, propónse a estimación parcial do recurso de reposición no senso de excluír da expropiación a citada construción auxiliar. Por outra banda, remitirase copia do expediente ó Xurado Provincial de Expropiación Forzosa para que se pronuncie sobre as valoracións controvertidas. A folla de prezo xusto expropiatorio, corrixida trala estimación parcial deste recurso, é a seguinte:

FOLLA DE PREZO XUSTO			
PARCELA Nº: 02			
PROPIETARIO: DARIO REY MOSTEIRO			
DIRECCIÓN: RÚA ESPÍÑEIRO, Nº 30 - VIGO			
RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS			
UNIDADE	CONCEPTO	PREZO	IMPORTE €
56,00 m2	Terreo	61,55 €/m2	3.446,80
72,00 m2	Peches de bloque e tela metálica	40,00 €/m2	2.880,00
36,00 m2	Estructura metálica	60,10 €/m2	2.163,60
1,00 ud	Árbore	30,05 €/ud	30,05
1,00 ud	Pórches entrada	400,00 €/ud	400,00
1,00 ud	Traslado portalón	250,00 €/ud	250,00
Suma			9.170,45
5% premio afección.....			458,52
Total Valoración.....			9.628,97

II.- Recurso de reposición e alegacións de D^a. Dolores Melón Pérez (03/09/2004, doc. 40091546 e 30/09/2004 doc. 40099826).

Solicita información sobre a situación de "fóra de ordenación" da edificación existente na finca afectada pola expropiación. Manifesta desconformidade cos conceptos expropiados e coa súa valoración.

O Arquitecto técnico municipal sinalou no seu mentado Informe do 20/01/2005, que:

"(...) Tal como se informou na alegación presentada no tramite de exposición ó público da aprobación inicial do expediente de expropiación, o proxecto de expropiación aprobado, ten como obxecto cumprimentar o disposto no punto 4º do acordo do Consello da Xerencia de Urbanismo de data 27 de febreiro de 2003, sobre a petición de cancelación de avais a favor da sociedade Promocións Tabulatum, SL, e denegación de licenza de primeira ocupación da edificación promovida pola citada sociedade. O proxecto presentado do vial previsto no plan xeral vixente, contempla a expropiación do terreo necesario dunha serie de fincas, e as construcións existentes sobre as mesmas, para poder completar a urbanización do viario previsto no proxecto de urbanización aprobado definitivamente, expediente 3988/401, denominado vial transversal do Camiño de Espiñeiro, proxecto presentado pola sociedade Promocións Tabulatum, SL e non executado na súa totalidade. Este vial figura previsto no plan xeral vixente, sendo a súa sección de 12 metros e non de 10 como se alega.

O trazado do vial non afecta á edificación existente sobre a parcela, edificación por outra parte fóra de ordenación dende un principio de acordo ás determinacións da ordenanza de aplicación do plan xeral vixente, ó non dispoñer a parcela primitiva da superficie mínima de 500 m² que esixe a ordenanza, ademáis de non gardar recuados mínimos de 4 metros tanto ó fronte como ao lateral esquerdo e superar o índice de edificabilidade máxima de 0,5 m²/m² de parcela que establece o plan xeral. Polo tanto o feito de que o vial previsto no plan xeral afecte a unha parte da parcela non cambia as circunstancias de fóra de ordenación xa existentes da edificación. Non obstante e de acordo o plan xeral vixente pódense realizar obras de mantemento, ornato, hixiene e conservación da mesma sen alterar tanto a ocupación, volume edificabilidade existente.

En canto a que os peches afectados dispoñan dunha superficie construída de 55,72 m², non se axusta á realidade, xa que o que está expoñendo o alegante é que a parte afectada dispón dun peche continuo de 25 m cunha altura de 2,22 metros, cando na realidade a maior parte do peche encóntrase derruído, como puido observarse "in situ".

En canto ó valor na folla de aprecio do pozo en 1.200 € e a árbore en 30 €, entende o técnico que subscribe que os valores empregados son máis que xenerosos, xa que o citado pozo non é útil por encontrarse inutilizable e cheo de malezas tanto no seu interior como no exterior e a "árbore" presenta un estado lamentable. Dubidando moito o que subscribe que a citada árbore poida dar algunha produción de froitas (...).

En consecuencia propónse a desestimación deste recurso de reposición e alegacións complementarias, así como a remisión do expediente ó Xurado Provincial de Expropiación Forzosa no que se refire ás valoracións contradictorias.

III.- É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127 LBRL e art. 116.1 Lei 30/1992, do 26 de novembro.

En virtude do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a fin de que, previo dictame do Consello da Xerencia de Urbanismo, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Estimar parcialmente o recurso de reposición interposto por D. Darío Rey Mosteiro contra o Acordo da Xunta de Goberno Local do 05/07/2004 de aprobación definitiva do proxecto de expropiación por taxación conxunta na Travesía de Espiñeiro (Teis), rectificando a Folla do Prezo Xusto expropiatorio da parcela núm. "2" no senso recollido na parte expositiva deste Acordo. Desestima-lo recurso de reposición e alegacións interpostos por D^a Dolores Melón Pérez (expte. 169/413).

SEGUNDO: Remítase unha copia compulsada do expediente ó Xurado Provincial de Expropiación Forzosa, ós efectos previstos no art. 143.7 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA).

TERCEIRO: Notifíquese este Acordo ós recorrentes e á comunidade de propietarios r/ Travesía Espiñeiro 6, coa indicación de que contra o disposto no seu Apto. "PRIMEIRO" cabe interpór recurso contencioso-administrativo

perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquese tamén ás oficinas de Servizos Centrais e Intervención para que axilicen a confiscación e execución dos avais constituídos pola entidade "Promociones Tabulatum SL".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(146).-RECURSO DE ALZADA CONTRA ACORDO DE DATA 12.11.04 DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO ÚNICO DO PERI II-05 ROCÍO. PROPOSTA DESESTIMATORIA.EXPTE. 4569/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 28.01.05, que di o seguinte:

FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Asemblea Xeral da Xunta de Compensación (XC) do polígono único do PERI II-05 «ROCIO», acordou, na súa reunión do 20.04.2004, someter a información pública e audiencia de todos os afectados o Proxecto de Compensación (PC) segundo o disposto no Art. 157.3 da LOUGA, habilitando ó seu Presidente para a realización de todas as xestións necesarias a ese fin. A tal efecto, notificouse a todos os propietarios a apertura do trámite de exposición ó público e publicouse o oportuno anuncio no BOP nº 91, do 13.05.2004, con indicación do prazo de presentación de alegacións (20 días) e do lugar e horario para a consulta do documento do PC.

I.2. Na Asemblea Xeral extraordinaria desa XC, realizada o 12.11.2004, aprobouse, no punto núm. 2 da Orde do día, o informe-contestación ás alegacións presentadas -en número de oito- durante o trámite de información pública do PC e o propio instrumento de equidistribución, cunha porcentaxe do 74,448% das cotas de participación, segundo así consta na certificación expedida polo secretario da XC o 19.11.2004.

I.3. En sesión do 20.12.2004 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar definitivamente o PC do PERI II-05 «ROCIO» (exp. nº 4520/401), nas condicións que no mesmo se indican, con estimación parcial dalgunhas das alegacións presentadas (as de Dª Mª Asunción, Dª Antonia e Dª Mª Josefa Vicente del Pazo, Dª Modesta Fernández Fernández, D. Antonio Arias Varela, Dª Amabelia Arias Varela, D. Manuel Ventura Fernández Fernández e D. Raimundo Iglesias Pérez) e desestimación doutras (as de «Picosur, S.L.» e de D. Manuel Rodríguez Pérez).

I.4. Mediante escrito de data 13.12.2004 (Correos), que tivo entrada no Rexistro xeral da XMU o 14.12.2004 (nº doc. 40126638), D. Manuel Ventura Fernández e outros presentaron RECURSO DE ALZADA contra o acordo da XC adoptado na precitada Asemblea xeral extraordinaria do 12.11.2004, aprobatorio do informe-contestación das alegacións e do PC.

I.5. As deficiencias do escrito de recurso, relacionadas nas notificacións que lles foron practicadas ós interesados, subsanáronse mediante escrito presentado por D. Manuel Ventura Fernández Fernández en data 12.01.2005 (nº doc. 50002465).

I.6. Ó abeiro do disposto no artigo 112.2 da LRX-PAC e mediante oficio de data 22.12.2004, deuselle traslado do recurso ó presidente da XC a fin de que puidese alegar o que estimase procedente. No prazo concedido para estes efectos (10 días), non se presentou escrito ningún.

I.7. O 26.01.2005 remítese pola Oficina de Planeamento-Xestión o expediente incoado ó técnico que abaixo asina, para que se emita o informe-proposta que en Dereito proceda.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común).
- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- LRSV (L.6/1998, do 13 de abril, sobre Réxime do solo e Valoracións).
- TRLS/92 (RDLex.1/1992, do 26 de xuño, Texto Refundido da Lei sobre réxime do Solo e Ordenación urbana).
- LSG (L.1/1997, do 24 de marzo, do Solo de Galicia).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- RXU (RD.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión Urbanística; aplicable nos termos da Disposición transitoria 6ª LOUGA).
- RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
- PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).
- PERI II-05 «ROCIO» (BOP nº 56, do 21.03.2002).

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. Constitúe o obxecto deste recurso o acordo adoptado pola Asemblea Xeral da XC do PERI II-05 «ROCIO» realizada o 12.11.2004, en canto ó punto núm. 2 da súa Orde do día, relativo a: «Aprobación de la contestación de las alegaciones presentadas al Proyecto de Compensación expuesto al público y aprobación por parte de la Junta de Compensación del Proyecto de Compensación».

III.2. Pretende fundamentarse no disposto nos Artigos 115 da LRX-PAC e 17.G] e 46 dos Estatutos da XC e non se solicita a suspensión dos actos impugnados (art. 111 LRX-PAC e 45 Estatutos).

III.3. Na substanciación do recurso cumpriuse co previsto no Artigo 112.2 da LRX-PAC, dándosele traslado do mesmo á XC, sen que, por outra banda e para os efectos do Artigo 112.1 do mesmo texto legal, deban terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario, determinantes noutro caso do preceptivo trámite de audiencia ós interesados.

III.4. Sen prexuízo de que, en rigor e consonte co propio Art. 115 da LRX-PAC invocado (por relación co Art. 107.1 LRX-PAC), o recurso podería ser declarado inadmisíbel no que fai a impugnación do acordo de aprobación inicial do PC, por tratarse dun mero acto de trámite que non decide directa nin indirectamente o fondo do asunto nin impide a continuación do procedemento nin provoca indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, entendemos que -en calquera caso- debe desestimarse integramente porque o mesmo límitase a reproducir idénticos argumentos ós que figuraban na alegación presentada polos interesados durante o período de información pública do PC (Rexistro xeral XMU 08.06.2004; nº rxtro. 40059273); alegación que xa foi expresamente resolta, con estimación parcial, no acordo de aprobación definitiva do instrumento de equidistribución adoptado o 20.12.2004 pola Xunta de Goberno Local.

Así:

1. En relación coa valoración dos elementos indemnizables existentes na parcela orixinal nº 7, considerouse tanto polos técnicos da XC como polo aparelador municipal que o importe total da indemnización a percibir debía ser de 48.310,92 €, en lugar dos 39.342,78 € previstos no PC sometido a información pública e dos 57.569,40 solicitados. Aclárase que no documento do PC aprobado pola XC e polo Concello figura un anexo de taxacións (Anexo nº 1: «Taxación de los derechos, edificaciones, construcciones o plantaciones que deben extinguirse o

destruírse para la ejecución del Plan») asinado polo arquitecto-técnico D. Rafael Docampo Fernández e visado polo COAAT de Pontevedra o 18.11.2004.

2. Tampouco non se considerou procedente a valoración do cese de actividade e traslado do bar que viña funcionando na planta baixa do inmovible sinalado co núm. 92 da rúa Tomas Paredes, por canto que o mesmo, segundo se acreditaba polos interesados coa declaración presentada a efectos do IAE (30.06.2001), produciuse con anterioridade á aprobación definitiva do PERI II-05 «ROCIO» (Pleno 29.10.2001), no que se delimitaba todo o ámbito como un único Polígono, a executar mediante o sistema de compensación; momento ó que deben entenderse referidas as valoracións (Art. 24.b] LRSV por relación cos Arts. 101.a] e 174 RXU e Art. 117.1 LOUGA). E isto á marxe de que os alegantes, hoxe recorrentes, nin achegaron entón nin achegan agora ningún documento que sosteña ó seu favor aquel hipotético dereito indemnizatorio, toda vez que o único que acompañaban e acompañan é aquela declaración de cese da actividade de bar presentada non por el senón por D^a Nieves Vázquez Costas. Tampouco habería lugar a un eventual dereito de realoxo/retorno ó abeiro do disposto na Disposición adicional 4^a do TRLS/92.
3. Reitérase igualmente polos agora recorrentes que a edificación existente no núm. 79 da rúa Pardaiña quedaría «fóra de ordenación» (por incumprir o recuado mínimo lateral), sendo ademáis a parcela na que se situa inferior á mínima esixible (500 m².), polo que solicitaban que non se mantivese e se fixase a valoración correspondente conforme co disposto nos Arts. 90 e 91 do RXU e 116.2 da LOUGA. Tal petición foi expresamente desestimada xa que: (1) Só se estiman como elementos non conservables aqueles cuxa eliminación sexa necesaria para executar as obras de urbanización [Art. 98.2 RXU e Base de actuación 6^a]; (2) A parcela resultante n^o 3 ten unha superficie de 600 m²., superior polo tanto á establecida como mínima no planeamento e correspóndelle unha edificabilidade de 300 m²c. (3) A superficie edificada que alega o interesado quedaría, pois, comprendida nunha parcela resultante de maiores dimensións, o que determina a aplicabilidade do Art. 90.d] do RXU e, en consecuencia, a adxudicación prevista no PC ós primitivos propietarios do predio resultante núm. 3.
4. Por último, sobre a titularidade orixinal desa edificación e a adxudicación da nova parcela regularizada conforme ó PC, insistimos en que os interesados asinaron en data 14.04.2004 un documento privado cos representantes de «Promociones Costa Galicia, S.L.» e «Bouza Alta, S.L.» (presentado no Rexistro xeral da XMU o 02.12.2004; n^o doc. 40122779) no que manifestaron de forma expresa a súa conformidade coa proposta de adxudicación de predios resultantes alí reseñada e logo recollida fielmente no PC aprobado; proposta na que, precisamente, se asignaba a D. Luís Fernández Fernández o pleno dominio da totalidade das parcelas núms. 3 e 4.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 107 e 115 da LRX-PAC, propónse á Xunta de Goberno Local, por proposta do Consello de Xerencia da XMU, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Desestimar, con base no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste acordo, o recurso dealzada interposto por D. Manuel Ventura Fernández Fernández e outros contra o acordo adoptado pola Xunta de Compensación do polígono único do PERI II-05 ROCIO na Asemblea xeral extraordinaria realizada o 12.11.2004, polo que se aprobou o informe-contestación ás alegacións presentadas durante o trámite de información pública do Proxecto de Compensación e o propio instrumento de equidistribución, cunha porcentaxe do 74,448% das cotas de participación.

SEGUNDO: *Notificar o acordo ós recorrentes e á Xunta de Compensación, con indicación de que contra a resolución deste recurso no cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 118.1 da LRX-PAC, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste acordo».*

Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(147).-DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE GRAVINA VILLAS Y PROMOCIONES, S.A. CONSTITUÍDA PARA REALIZAR TRABALLOS DE RECOLLIDA DE ESCOMBROS. EXPTE 43671/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 8.02.05, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con motivo das obras autorizadas, con número de expediente 31527/421 e 31528/421, derruba interior e desmontase fachadas das edificación cos números de orde 2, 4 e 5 da rúa Gravina e posterior construción dun edificio. Ingresouse na Tesorería municipal unha fianza con número de operación 200100033674 de data 27-06-2001 e por un importe de 6.250.000 ptas. (37.563,256 euros), para os traballos de recollida de escombros.

Solicitada a devolución de fianza, con documento de entrada no Rexistro Xeral número 50005931 de 21-01-2005. Xiróuse visita de inspección con data 28-01-2005, indícase que o pavimento quedou en perfectas condicións, procedendo polo tanto a devolución da fianza constituída.

Polo que se PROPON:

Proceder á devolución da fianza de (6.250.000 pts. – 37.563,256 €), a favor de GRAVINA VILLAS Y PROMOCIONES, S.A.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a devolución da devandita fianza.

33(148).-DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE OIBEDO, S.L. CONSTITUÍDA PARA INSTALAR UN VALADO DE OBRA NA ESTRADA PROVINCIAL PARTE TRASEIRA DA AVDA. DE MADRID, 18. EXPTE 43674/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 8.02.05, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 27 de febreiro de 2001 e con núm. de expediente 32045/250, autorizouse a ocupación da vía pública cun valado de obra na Estrada Provincial (parte traseira Av. Madrid, 18), condicionada o depósito dunha fianza de 255.000 ptas. (1.532,58 €), ingresada na Tesourería Municipal con número de operación 200100009341 de data 27-02-2001.

Solicitada a baixa da ocupación da vía pública nos expdtes. 14512/511, 18512/511 e 19270/511, indícase nos informes do inspector que sigue a facerse uso da vía pública polo que remítese novamente a Tributos Especiais para súa inclusión novamente no rexistro de vallas, e que existen diversas anomalías na vía pública que deberá subsanar.

Con data 25-01-2005 e con número de documento 50006675, solicita a devolución de fianza, polo que se remite a inspección para informe. Xirada visita de inspección, se comproba que o valado foi retirado da vía pública e o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPON:

Proceder á devolución da fianza de (255.000 pts. – 1.532,58 €), a favor de OIBEDO, S.L. depositada na Tesourería municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a devolución da devandita fianza.

34(149).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramento remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAVOR
BALLESTA DE DIEGO JOSE	0440803	400,00	366,06	33,94	
CARNEIRO MEÑINO PILAR	0463739	24.000,00	24.000,00		
DIAZ DE BUSTAMANTE MARIA PILAR	0457924	901,52	901,43	0,09	
EGEA TORRON PILAR	0501337	571,94	471,94	100,00	
“	0501336	95,56	95,56		
FERNANDEZ FERNANDEZ PAZ	0461336	1.955,56	1.955,56		
FERNANDEZ RIOBO JESUS MIGUEL	0442798	2.300,00	2.404,85		104,85
GONZALEZ CARNERO JUAN RAMON	0501211	472,32	472,32		
GONZALEZ DOMINGUEZ LUZ MARIA	0501253	16.700,00	15.950,00	750,00	
LOPEZ CUESTA ISABEL	0454803	95.193,00	90.920,50	4.272,50	
MAGDALENA VILA MARIA JESUS	0459472	300,00	257,97	42,03	
MEDIERO RODRIGUEZ BELEN	0445659	1.500,00	1.478,53	21,47	
OTERO LAMAS FRANCISCO	0452569	1.000,00	923,28	76,72	
ROCHA PARAMES CESAREO	0436908	41,47	41,47		
RODRIGUEZ VAZQUEZ MANUEL	0444817	6.010,00	6.010,00		
SANLUIS COSTAS AVELINO	0435751	6.300,00	6.228,00	72,00	
“	0449686	4.000,00	3.964,33	35,67	
“	0450254	2.500,00	2.436,44	63,56	
SANROMAN VARELA MARIA JESUS	0450855	5.097,91	4.343,06	754,85	
NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAVOR
SOUTO GONZALEZ MARTA	0453461	828,79	488,55	340,24	

THOMAS BERBEN MARIA JOSE	0462680	1.000,00	999,00	1,00	
TOTAL			164.708,85		

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

35(150).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DA U.E. I-06 ROSALÍA DE CASTRO 2. EXPTE. 4389/401.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 10.02.05, conformada polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- No vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana, aprobado definitivamente no 29/04/1993 (PXOU-93) delimitouse a Unidade de Execución "UE I-06 Rosalía de Castro II", cunha cualificación de solo urbano, edificabilidade media de 4 m²/m² e sistema de actuación por compensación.

2.- En data 20/06/1994 o Pleno do Concello acordou aprobar a delimitación definitiva e as Bases e Estatutos da Xunta de Compensación dese polígono, as cales foron posteriormente modificadas mediante Acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 09/05/2002 (expte. 4315/401 -BOP núm. 13, do 18/01/2002 e núm. 105, do 04/06/2002). A Xunta de Compensación (XC) constituíuse no día 22/09/1994, inscribíndose no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras por acordo da entón Comisión Provincial de Urbanismo da CPTOPV da Xunta de Galicia do 23/12/1994 (Expte. 122/94).

O 03/05/1995 o pleno do Concello acordou aprobar definitivamente un Estudio de Detalle para a ordenación de volumes nese polígono (expte. 3402/411). Dito instrumento de planeamento foi impugnado por Eduardo Canabal Sanz perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) no recurso cont.-ad. 2/5420/1995. No día 04/07/1996 o TSXG dictou Sentenza desestimatoria do recurso (firme).

3.- En data 22/08/2002 o representante da devandita XC interpuxo un escrito nesta Administración municipal solicitando a tramitación e aprobación do correspondente Proxecto de Compensación. Achegou con él diversa documentación, composta de memoria e planos, así como dunha copia auténtica da Acta outorgada no 22/07/2002 polo notario de Vigo D. Antonio A. Salgueiro Armada co núm. 1097 do seu protocolo. Na mesma dase constancia da Asemblea Xeral do mesmo día, na que se acordou, pola maioría das cotas de urbanización, a aprobación do Proxecto de Compensación do citado polígono.

Mediante senllos oficios de datas respectivas 09/09/2002 e 22/11/2002 os técnicos municipais requiriron a rectificación de certos extremos do Proxecto de Compensación. No día 30/01/2003 o Presidente da XC interpuxo outro escrito, aportando nova documentación e solicitando a aprobación dun "Texto Refundido" do Proxecto de Compensación, adaptado ó requirido polos servizos técnicos municipais. Aportou xunto co Proxecto unha copia

auténtica da Acta outorgada polo notario de Vigo D. J.M. Rueda Pérez no 22/01/2003 (núm. 115 de protocolo) na que se acredita que na asemblea xeral celebrada nesa data aprobouse co voto unánime dos asistentes (81,9011 das cotas de participación) o Texto Refundido do Proxecto de Compensación.

En datas respectivas 18/02/2003 o arquitecto técnico e o letrado municipais emitiron senllos Informes sobre o referido Proxecto de Compensación.

3.- A continuación abríuse un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncio no DOG núm. 44, do 04/03/2003 e notificación individualizada ós interesados.

Posteriormente interpuxéronse 8 escritos de alegacións, subscritos, respectivamente por D. José Carlos Santodomingo Azpeitia (Santodomingo e Hijos SL) -20/03/2003-, D. Domingo Fernández Rodríguez -24/03/2003-, D. José Novoa Diéguez -26/03/2003-, D. Jaime Estévez Vila -31/03/2003-, D. Ramón Ángel Zarauza Ozores -26/03/2003-, Eduardo Canabal Sanz -27/03/2003-, D. Rafael Figueroa Ibáñez -01/04/2003- e D^a Adolfinia Fernández Freire -04/04/2003-. No 16/04/2003 D^a Adolfinia Fernández Freire presentou un escrito desistindo das súas alegacións.

Déuselle traslado dunha copia deses escritos á XC, que procedeu a respostalos mediante un Informe presentado na Xerencia de Urbanismo no día 22/04/2003. Á vista dos escritos de alegacións, e da contestación da XC, os técnicos municipais efectuaron diversas comprobacións. A resultados delo, en data 06/10/2003 o entón Concelleiro-Delegado de Urbanismo requiríulle á XC a subsanación de diversos extremos do Proxecto de Compensación.

4.- No día 15/09/2004 o representante da XC interpuxo nesta Administración municipal un escrito no que comunicou a redacción dun novo proxecto de compensación corrixido á vista das alegacións presentadas e do anterior requirimento do Concelleiro de Urbanismo. Dito novo proxecto de compensación aprobouse pola XC en asemblea do 01/09/2004, co voto favorable do 76,9345% das cotas de participación, segundo se acredita na Acta outorgada polo notario de Vigo D. Antonio A. Salgueiro Armada (núm. 1552 de protocolo).

No 13/10/2004 o técnico de administración xeral da oficina municipal de Planeamento emitíu un Informe ó respecto. A continuación abríuse un novo trámite de información pública, mediante publicación de anuncio no DOG núm. 210, do 28/10/2004 e notificación individualizada ós interesados.

Durante dito período interpuxéronse 13 escritos de alegacións, subscritos, respectivamente, por D. José Carlos Santomingo Azpeitia (Santodomingo e Hijos SL) -17/11/2004, D. José Novoa Diéguez -19/11/2004-, D. Carlos Rotea Villanueva -19/11/2004-, D^a Josefa González Rodríguez -23/11/2004-, D. Manuel Mallo Pérez -23/11/2004-, D. Felipe A. Estévez Vila -23/11/2004, D. Ramón Ángel Zarauza Ozores -29/11/2004-, D. Eduardo Guillén Vázquez (comunidade herdeiros de D. Higinio Vázquez Rodríguez) -2 escritos, no 29/11/2004-, D. José María Rivas González -02/12/2004-, D. Rafael Figueroa Ibáñez -02/12/2004- e D. Eladio Fernández Rodríguez -07/12/2004-.

Remitiúselle unha copia deses escritos á XC, que procedeu a respostalas noutro Informe presentado nesta Administración municipal no 15/12/2004.

No 13/01/2005 D. Eduardo Guillén Vázquez interpuxo un escrito desistindo da súa alegación 2^a do 29/11/2004 (rex. 50002974).

En data 07/02/2005 a XC presentou na Xerencia de Urbanismo un escrito no que comunicou que con motivo da recente compravenda da finca primitiva "8" de D. Antonio Lorenzo Muradás e outros púidose efectuar unha reasignación das titularidades sobre a parcela resultante "8", satisfacéndose así as pretensións dos alegantes

D. Manuel Mallo Pérez, D. José María Rivas González, D. Eduardo Guillén Vázquez e D. Eladio Fernández Rodríguez.

No 09/02/2005 D. Benito Malvar Egerique, en representación das entidades mercantís “Pau Urban SL” e “Cid-17-40 SL” interpuxo un escrito aceptando a asignación final de aproveitamentos na parcela resultante “8” motivada nas referidas alegacións. Na mesma data, D. José María Rivas González e D. Eladio Fernández Rodríguez presentaron senllos escritos desistindo das súas alegacións interpostas durante o trámite de información pública. No mesmo día 09/02/2005 o representante da XC presentou as correccións do proxecto de compensación derivadas das devanditas alegacións. Finalmente no 10/02/2005 D. Eduardo Guillén Vázquez interpuxo outro escrito desistindo da súa alegación primeira.

5.- No día 10/02/2005 o arquitecto técnico municipal da oficina de Planeamento emitiu un Informe sobre as alegacións formuladas durante a Información Pública.

En síntese, o Proxecto de Compensación ten o seguinte contido:

PARCELA ADJ.	ADXUDICACIÓN - TITULAR	SUPERFICIE	EDIFICABILIDADE P.COMPENSACION	PARCELA PRIMITIVA	CARGAS	OBSERVACIONES
01-A	NELSO PEREIRA Y OTROS	433,00	3.788,00	4	6,4461	
01-B	M ^a RIAL IGLESIAS BENIGNO ALBORES COUTO E OUTROS	409,00	3.534,00	6-22.B	6,0138	
2	METROVACESA DE VIVIENDAS, S.L.	991,00	5.011,00	3	8,5273	
3	PROMOCIONES MANUEL VAZQUEZ, S.L	795,50	6.000,00	1	10,2103	
4	PAU URBAN, S.L.	633,00	5.702,00	5-9	9,7032	
5	CONCELLO DE VIGO	329,00	3.030,00	10%	5,1562	
6	PROMOCIONES MANUEL VAZQUEZ, S.L	789,50	5.658,00	1	9,6283	
7	GONZALO SANTAMARINA GUERRA Y OTROS / CONCELLO DE VIGO	106,00	424,00	27/10%	0,7215	25%CONCELLO
8	G. RIVAS, S.A./PAU URBAN/CID 17-40 S.L./CC.HH. HIGINIO VAZQUEZ RODRIGUEZ.	339,00	3.346,00	11-23-10-15-16-17-8	5,6939	
9	PROMOCIONES INMOBILIARIAS APARTIUM, S.L.	621,00	4.770,00	2-22	8,1172	
10	ATLANTICO CONSTRUCCIONES Y PROMOCIONES, S.L.	651,00	6.355,00	URBANI-ZACION POLIGONO	10,8144	
PARCELA ADX.	ADXUDICACIÓN - TITULAR	SUPERFICIE	EDIFICABILIDADE	PARCELA PRIMITIVA	CARGAS	OBSERVACIONES

			P.COMPENSA- CION			
12-14	EIDO FERNANDEZ, S.L./ JOSE MANUEL FERNANDEZ DOMINGUEZ Y OTRA	506,00	4.955,00	7-12-14-18- 19-20/13- 25.A	8,4320	
13	FELIPE ESTEVEZ VILA E OUTROS/ CONCELLO DE VIGO	336,00	2.633,00	28 /10%	4,4806	60,8051% DO CONCELLO
15	CC.PP. GARCIA BARBON 121 CC.PP. GARCIA BARBON 123	525,00	873,00	2-A 2-B	1,4856	
16	ATLANTICO CONSTRUCCIONES Y PROMOCIONES,S.L.	215,00	2.685,00	URBANI- ZACION POLIGONO	4,5691	
11	CONCELLO DE VIGO	508,00	5.500,00		0,0000	EQUIPAMENTO
	TOTAL ADXUDICACIONES	8.187,00	64.264,00		99,9995	
CESIONS						
17	VIAL/ CONCELLO DE VIGO	4.058,00	0,00		0,0000	CESION VIAL
18	VIAL/ CONCELLO DE VIGO	1.233,00	0,00		0,0000	CESION VIAL
19	ZONA VERDE/ CONCELLO DE VIGO	500,00	0,00		0,0000	CESION Z.VERDE
20	PRAZA PUBLICA/ CONCELLO DE VIGO	1.416,00	0,00		0,0000	CESION PRAZA
11	EQUIPAMENTO	508,00	5.500,00		0,0000	CESION EQUIP.
TOTAL CESIONS		7.207,00				
TOTAL AMBITO		15.394,00	64.264,00			

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Este Proxecto de Compensación tramitouse consonte co disposto nos Arts. 133 e 102 Lei 1/1997, do 24 de marzo, do Solo de Galicia (LSG-97), ós que se remite a Disp. Trans. novena Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA).

II.- Ó teor do preceptuado na Disp. Trans. primeira.1.c) LOUGA, modificada por Lei 15/2004, do 29 de decembro, a edificabilidade e reservas para espazos libres previstos no Plan Xeral prevalecen sobre os estándares regulados nesa nova Lei.

III.- O subsolo baixo espazos de dominio público será tamén de titularidade pública.

IV.- O aproveitamento urbanístico do 10 % do total da actuación, adjudicado ó Concello no Proxecto de Compensación, intégrase no “Patrimonio Municipal do Solo”, debendo ser destinado ós fins que lle caracterizan segundo a lexislación vixente (arts. 174 e ss. LOUGA).

V.- Os propietarios e arrendatarios que discrepen do importe das indemnizacións establecidas na última versión do Proxecto de Compensación, poderán presentar nesta Administración municipal unha folla

contradictoria e xustificada de prezo-xusto, no prazo de 20 días dende a notificación do Acordo de aprobación. Nese caso remitirase o expediente ó Xurado Provincial de Expropiación Forzosa consonte co disposto no art. 133.7 LSG-97.

VI.- Sobre as alegacións formuladas durante o último trámite de información pública cabe sinalar o seguinte:

* V.1.- Alegante: D. José Carlos Santodomingo Azpeitia (Santodomingo e Hijos SL)

Data: 17/11/2004. Rex. 40116834.

Parcela: Avda. García Barbón 117, Caleixón Miragalla 11.

Obxecto: Reclama unha indemnización como consecuencia dos hipotéticos prexuizos que lle supón a urbanización do caleixón de Miragalla, en particular no que se refire a unha porta de acceso ó soto dunha edificación con fronte lateral a dito caleixón.

Informe: Tal e como sinalou a Xunta de Compensación (XC) no seu escrito do 15/12/2004, e o arquitecto técnico municipal no seu Informe antes citado, na licenza de obras que autorizou o edificio construído na Avda. García Barbón 117 non se preveía ningunha porta de acceso directo ó caleixón de Miragalla dende os sotos do edificio. Dita licenza tomou como rasante da edificación a tódolos efectos a da rúa García Barbón. Tampouco se autorizou ningún uso industrial nese soto, uso que por outra banda resultaría prohibido e incompatible co planeamento urbanístico. Os recibos aportados polo alegante refírense a outra nave existente nese caleixón, xa derrubada. Por outra banda, como afirma a XC, a urbanización do caleixón de Miragalla redundará en claro beneficio dos titulares da edificación, ó posibilitar a adicación dos baixos con fronte a ese vial a un uso comercial (na actualidade ubícanse 2 m. por enriba da rasante do caleixón). En consecuencia, as obras de urbanización deste polígono non lle ocasionan ós alegantes ningún prexuízo indemnizable.

Proposta: Desestimar a alegación.

* V.2.- Alegante: D. José Novoa Diéguez

Data: 19/11/2004. Rex. 40117660.

Parcela: Rúa Areal 114 (arrendatario).

Obxecto: Solicita un incremento da indemnización recoñecida no Proxecto de Compensación pola extinción do seu arrendamento, de 115.386 euros a 156.608,72 euros.

Informe: O arquitecto técnico municipal, no seu Informe antes citado, considerou correctamente valorada a indemnización prevista no Proxecto de Compensación, axustándose ós criterios establecidos na vixente Lei de Expropiación Forzosa. Únicamente debe incrementarse nun 5% por premio de afección (art. 47 LEF).

Proposta: Estimar parcialmente a alegación, no único senso de incrementar nun 5% a indemnización prevista no Proxecto de Compensación, que ascende así a 121.155,30 euros.

* V.3.- Alegante: D. Carlos Rotea Villanueva

Data: 19/11/2004. Rex. 40117856.

Parcela: Rúa Areal 128 (arrendatario).

Obxecto: Reclama unha indemnización como consecuencia da extinción de dous supostos arrendamentos constituídos sobre un baixo sito na r/ Areal 128, Caleixón de Yáñez 10, cunha superficie total de 112,70 m². O importe solicitado ascende a 827.208 euros.

Informe: A XC considera que a superficie total do espacio efectivamente utilizado para a actividade arrendada non supera os 70 m². Tamén que no contrato de arrendamento non se autorizou o uso do local para “estanco” senón exclusivamente para venda de materiais da construción, como confirmou a Audiencia Provincial de Pontevedra na súa Sentenza do 30 de xuño de 1992. O arquitecto municipal sinalou o seguinte a este respecto no seu Informe antes citado:

“Na rúa Areal, nº 128 existe un local destinado a estanco dunha superficie de 46,70 m², de forma sensiblemente rectangular, cun fronte duns 3,50 m e un fondo de 15,90 m. A citada actividade figura con licenza de apertura de

data 10 de outubro de 1989 concedida pola comisión de goberno a nome de Vicente Rotea Villanueva. Na traseira do citado local, colindante a él, separado por un antigo patio de parcela e sin comunicación actual entre ambos, existe unha antiga construción sen uso e nun estado moi deficiente de conservación que por manifestación do arrendatario, trátase do segundo local a que fai referencia na alegación. Esta edificación dispoñía de acceso pola rúa Yañez nº 10 e no contrato de arrendamento anexo á alegación, figura como local de planta baixa. Actualmente o citado local carece de uso. No proxecto de compensación, figura o cálculo de indemnización polo desaloxo do local sito na rúa Areal, 128. No citado cálculo figura a indemnización calculada pola diferenza da renda futura e a renda actual, así como uns gastos de traslado. Estimamos que o citado importe xustifica sobradamente a indemnización polo desaloxo. Deberá incluírse o 5% de premio de afección no calculo da indemnización. En canto á superficie, non ofrece dúbidas o local sito na rúa Areal nº 128 de 46,70 m². A discrepancia parece surdir na edificación ruínosa posterior que o alegante cifra en 66,00 m² e a xunta de compensación en 23,30 m². O alegante manifesta que a edificación posterior é de dúas plantas, cando no contrato de arrendamento figura un local de planta baixa no que poderán establecerse entresuelos para almacenar mercaderías.

A vista do exposto, o técnico que subscribe unha vez xirada visita de inspección e ante a imposibilidade de acceder ó interior da citada edificación actualmente sen uso polo seu estado de abandono e deterioro, estima que ós efectos de establecer a superficie total indemnizable, a superficie a ter en conta total é de 75,01 m², dos cales 46,70 m² pertencen ó local de "Areal 128" e 28,31 m² á superficie útil da edificación nº 10 da rúa Yañez (...)"..

Por outra banda, o alegante reclama unha indemnización por custes de traslado e lucro cesante, pero non acredita mínimamente o importe reclamado (nin sequera aporta a declaración da renda dos últimos 3 anos referida á explotación do local).

De tódolos xeitos, o alegante dispón aínda da posibilidade de xustificar ditos extremos presentando folla contradictoria de prezo xusto trala aprobación definitiva do Proxecto de Compensación, a fin de que o Xurado Provincial de Expropiación Forzosa se pronuncie ó respecto.

Proposta: Estimar parcialmente a alegación, no único senso de recoñecer que a superficie adicada efectivamente a local comercial é de 75,01 m², correspondendo 46,70 m² á r/ Areal 128 e 28,31 m² á rúa Yañez 10; así como en incrementar o importe do prezo xusto nun 5% sobre o total en concepto de premio de afección.

* V.4.- Alegante: D^a Josefa González Rodríguez

Data: 23/11/2004. Rex. 40118608.

Parcela: Rúa Areal 126, "Bar Chinto" (arrendatario).

Obxecto: Discrepa do importe indemnizatorio determinado no Proxecto de Compensación pola extinción do arrendamento do "Bar Chinto", que ascende a 67.523 euros.

Informe: O arquitecto técnico municipal sinalou sobre esta alegación no seu Informe antes citado que: "(...) No proxecto de compensación, figura a folla de cálculo de indemnización polo local sito na rúa Areal, 126. No citado cálculo figura a indemnización calculada pola diferenza da renda futura e a renda actual, así como uns gastos de traslado e o lucro cesante. En canto ó emprego da Lei 6/1998 de 13 de abril para o cálculo das indemnizacións, non son de aplicación os artigos citados pola alegante, xa que estes deben ser valorados de acordo a lei de expropiación forzosa

Os prezos da indemnización son a xuízo do técnico que subscribe acordos coa lexislación aplicable".

A alegante non precisa a concreta cantidade que reclama, nin se respalda en ningunha norma que obrigue a incrementa-la determinada na última versión do Proxecto de Compensación.

Proposta: Estimar parcialmente a alegación, no único senso de incrementar nun 5% a indemnización prevista no Proxecto de Compensación, que ascende así a 70.899 euros.

* V.5.- Alegante: D. Manuel Mallo Pérez

Data: 23/11/2004. Rex. 40118696.

Parcela: primitiva "16".

Obxecto: Solicita se lle asigne a edificabilidade correspondente no lugar máis próximo posible ó de situación da

súa parcela primixenia.

Informe: A XC no seu escrito do 07/02/2005 propuxo estimar esta alegación no senso de atribuírle a D. Manuel Mallo Pérez o seu aproveitamento urbanístico na parcela resultante "8", con fronte á rúa Areal, tal e como se reflicte na última versión corrixida do Proxecto de Compensación.

Proposta: Estimar a alegación.

* V.6. e V.7.- Alegante: D. Felipe A. Estévez Vila ("Mayeuser SL")

Data: 23/11/2004. Rex. 40118979 e 40118980.

Parcela: Rúa Areal 118.

Obxecto: Manifesta que se reserva tódolos dereitos que lle puidesen corresponder no proxecto de compensación, quedando á espera da sinatura dun convenio definitivo.

Informe: Tal e como sinala a XC no seu escrito do 15/12/2005, na última versión do Proxecto de Compensación garántense dun xeito suficiente os dereitos que lle puidesen corresponder ó alegante.

Proposta: Tomar coñecemento das precedentes alegacións, ós oportunos efectos.

* V.8.- Alegante: D. Ramón Ángel Zarauza Ozores

Data: 29/11/2004. Rex. 40120818.

Parcela: "21.b", Rúa Areal 114,1º.

Obxecto: Manifesta a súa discrepancia co Estudio de Detalle deste ámbito, coa delimitación do polígono e cos compromisos adquiridos pola XC coa empresa urbanizadora. Engade que na súa opinión existen fincas non incorporadas á XC, que deben ser expropiadas. Impugna o criterio proporcional de valoración das fincas primitivas e resultantes. Sinala que debe corrixirse a superficie da finca orixinaria "21.b", acadando 156 m2 con 23 dm2. Oponse á monetarización do aproveitamento urbanístico dos propietarios minoritarios, solicitando que o derivado da finca primitiva "21.b" se lle adjudique na parcela resultante "13". Finalmente oponse ás compensacións adjudicadas ós arrendatarios, á valoración do piso do alegante, á ubicación do aproveitamento adjudicado ó concello e á suposta falla de previsión dun aparcamento público soterrado.

Informe:

1) A delimitación do polígono e os estatutos e bases de actuación da XC aprobáronse definitivamente mediante senllos acordos plenarios municipais do 20/06/1994, axustados á lexislación entón vixente (BOP 157, do 17/08/1994 e 247, do 27/12/1994). Os estatutos e bases de actuación modificáronse máis recentemente en virtude de Acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 09/05/2002 (expte. 4315/401 -BOP núm. 13, do 18/01/2002 e núm. 105, do 04/06/2002). Eses acordos, firmes e consentidos polo alegante, non poden ser impugnados por él a estas alturas, nin sequera indirectamente, tratándose, como se tratan, de actos de xestión urbanística. Así o considerou o Tribunal Supremo, entre outras moitas, na súa sentenza do 04/07/2000 (RJ 7005, relator: Excmo. Sr. Sanz Bayón), na que afirmou o seguinte:

"(...) como ya tiene declarada esta Sala en sentencias de 22 noviembre 1994 (RJ 8643), 21 de junio de 2000 (RJ 5474), entre otras, la delimitación de una Unidad de Actuación o su modificación, para su ejecución, y las determinaciones que efectúa al efecto el Plan, carecen de los elementos necesarios que permitan calificar a tal Delimitación como una verdadera norma o disposición administrativa de carácter general, sino más bien, siendo concretos y determinados sus destinatarios y su vigencia no indefinida sino referida a un concreto período de ejecución, la calificación adecuada debe ser la de acto administrativo singular, por lo que en definitiva, y al no tener la consideración de norma jurídica de carácter general, la delimitación divisional de los polígonos A y B, es llano que no cabe contra la impugnación de la misma, la vía del recurso indirecto planteado en base a los apartados 2 y 4 del art. 39 de la Ley Jurisdiccional, procediendo pues la desestimación de este motivo y de la impugnación indirecta del Plan Especial en cuanto a esa delimitación poligonal, así como de su consecuencia anulatoria de los Estatutos y Bases de Actuación del polígono B."

Tamén considerou o Tribunal Supremo na súa sentenza do 04/07/2000 (RJ 7005, relator: Excmo. Sr. Sanz Bayón) que:

"(...) las bases de actuación atacadas indirectamente son un instrumento urbanístico regulador de operaciones concretas de compensación y urbanización que se agotan con su cumplimiento; su regulación se refiere a un caso concreto e irrepitable, por lo que no constituyen disposiciones de carácter general. En consecuencia la doctrina de la Sentencia recurrida al entender que no cabe su impugnación indirecta es conforme a Derecho, por lo que decaen los dos motivos de casación formulados."

2).- O Estudio de Detalle da "UE I-06 Rosalía de Castro II" aprobouse definitivamente no 03/05/1995 (expte. 3402/411). Dito instrumento de planeamento foi impugnado exclusivamente por Eduardo Canabal Sanz, no recurso cont.-ad. 2/5420/1995 que se tramitou perante o TSXG e concluíu con Sentenza firme desestimatoria, dictada no 04/07/1996. O alegante, D. Ramón Ángel Zarauza Ozores tivo cumprido coñecemento dese Estudio de Detalle cando se aprobou, consentíndoo e renunciando a impugnaloo. Resultan polo tanto extemporáneas e contrarias ós máis elementais principios da boa fe e da seguridade xurídica estas alegacións, formuladas 10 anos despois da aprobación do Estudio de Detalle. Elo sen prexuízo de que dito instrumento de planeamento axústase á lexislación vixente cando se aprobou (art. 65 RPU e art. 91 TRLS-92). O aparcamento soterrado baixo espazos públicos será de titularidade pública. Trátase por outra banda dunha dotación perfectamente compatible coa ordenación prevista no vixente Plan Xeral, como considerou o Tribunal Supremo na súa interesante Sentenza do 06/10/2003 (RJ 7070, Sª 3ª, Secc. 7ª, relator: Excmo. Sr. Goded Miranda) nun caso semellante.

3) A substitución do aproveitamento urbanístico do alegante por unha indemnización en metálico resulta acorde a dereito. Ao alegante correspóndenlle tan só unha cota en proindiviso equivalente a 17 m2 de solo da parcela primixenia sita na r/ Areal 114. O aproveitamento urbanístico a él adxudicable no proxecto de compensación (51 m2) resulta moi inferior ó 15% da parcela mínima edificable (157,50 m2). Tanto o art. 101.g) LSG-97 como o art. 116.3.b) LOUGA dispoñen que: "(...) se a contía deses dereitos non alcanzase o 15% da parcela mínima edificable, a adxudicación poderá substituírse por unha indemnización en metálico". A XC exercitou polo tanto unha opción lexítima, amparada na lexislación vixente.

4) No que se refire ós convenios subscritos pola XC co Concello e a empresa urbanizadora, incidir que, ó igual que os Estatutos e Bases de Actuación da XC, foron consentidos polo alegante, adquirindo firmeza. Non se aprecia ningún "oscurantismo" na actuación da XC, constando dita documentación nos expedientes obrantes no Concello e nas Actas notariais das distintas Asembleas da XC, expostas o público no seu día.

5) A valoración das fincas orixinais e resultantes axústase ós criterios establecidos nas Bases de actuación do polígono, firmes e consentidas polo alegante. A disposición transitoria novena da LOUGA permite continuar tramitando os instrumentos de xestión urbanística iniciados antes da súa entrada en vigor de acordo co disposto na precedente Lei 1/1997, do 24 de marzo (LSG-97). Dita remisión á LSG-97 efectúase sen matices, incluíndo polo tanto o réxime procedimental como o substantivo previsto nesa Lei.

6) No que se refire á concreta valoración das indemnizacións correspondentes ó alegante (derrubas incluídas) sorprende en primeiro lugar que non concrete na súa alegación a cuantía que reclama. E en segundo lugar que non aporte informes periciais acreditativos das súas afirmacións. Por outra banda o arquitecto técnico municipal considerou correctas as indemnizacións previstas no proxecto de compensación. Elo sen prexuízo de que, se así o desexa o alegante, presente logo folla contradictoria de prezo xusto, con resmisión do expediente ó Xurado Provincial de Expropiación Forzosa.

7) No momento actual tódalas fincas incluídas no polígono figuran incorporadas á XC, sen que o alegante demostrase o contrario. Por outra banda, a xurisprudenza e doutrina maioritarias consideran que nos casos de proindivisión basta a aceptación do 50% das cotas indivisas para poder considerar incorporada a finca á XC (STS

do 07/12/2001 –relator: Excmo. Sr. Enríquez Sancho-, entre outras).

8) Neste expediente administrativo figura copia dos títulos de propiedade das fincas orixinais do polígono, en tres tomos. O alegante puido consultalos libremente tanto no trámite de información pública, como en calquer outro momento. A medición real da superficie da finca primitiva “21.b” foi comprobada polos servizos técnicos municipais, correspondéndose coa consignada no Proxecto de Compensación. O art. 103.3 do Regulamento de Xestión Urbanística (RXU) expresamente dispón que: “(...) no caso de discordancia entre os títulos e a realidade física das fincas prevalecerá ésta sobre aqueles no expediente da reparcelación”.

9) Os dereitos municipais aparecen conviñentemente garantidos no proxecto de Compensación. Adxudícaselle dúas parcelas resultantes en plena propiedade (cunha edificabilidade de 8.530 m²), e outras dúas en proindiviso (25% da parcela “7” e 60,8 % da parcela “13”). A obriga legal e estatutaria de adxudica-las fincas resultantes no lugar máis próximo posible ó das iniciais, así como as concretas características e ordenación deste polígono, impide evitar esa situación parcial de proindiviso. Circunstancia que, por outra banda, tamén afecta a outros propietarios. Finalmente, no proxecto de compensación adxudícaselle ó Concello o sistema viario e de zonas verdes públicas do polígono. Dita adxudicación inclúe, obviamente, solo e subsolo.

Proposta: Desestimar as alegacións.

V.9.- Alegante: D. Rafael Figueroa Ibáñez

Data: 02/12/2004. Rex. 40122832.

Parcela: “21.b”, Rúa Areal 114,1º.

Obxecto: Esta alegación constitúe copia literal da anterior, formulada por D. Ramón Ángel Zarauza Ozores.

Informe: Ídem que a anterior.

Proposta: Desestimar a alegación.

V.10.- Alegante: D. Eduardo Guillén Vázquez (comunidade de herdeiros de D. Higinio Vázquez Rodríguez)

Data: 29/11/2004. Rex. 40121244.

Parcela: primitiva núm. “10”, r/ García Barbón 115.

Obxecto: Manifesta a súa discrepancia coa valoración do aproveitamento urbanístico dos propietarios minoritarios a efectos da súa monetarización. No seu caso concreto estima que se lle debe compensar con 1.625,96 euros/m² (270.537,25 pts/m²). Tamén solicita que se fixe un prazo concreto para o pago desas compensacións e indemnizacións, e que se reflecten no Rexistro da Propiedade como cargas reais das fincas resultantes nas que se adxudique dito aproveitamento monetarizado.

Informe: O arquitecto técnico municipal no seu Informe antes citado considerou axeitada a valoración establecida pola XC de 1.050 euros/m², atendendo a que, consonte co disposto no art. 24.b) Lei 6/1998, do 13 de abril, de Réxime do Solo e Valoracións, éstas deben efectuarse con referencia ó momento do inicio do expediente e non ó da súa conclusión. De tódolos xeitos, a XC no seu escrito do 07/02/2005 propuxo aceptar esta alegación, no senso de non monetarizar o aproveitamento urbanístico desta comunidade de herdeiros, adxudicándollo na finca resultante “8”, e posteriormente no día 10/02/2005 o interesado presentou un escrito desistindo desta Alegación.

Proposta: Ter por desistido desta alegación a D. Eduardo Guillén Vázquez e á comunidade de herdeiros por él representada, adxudicándosele o seu aproveitamento urbanístico na finca resultante “8”, sen monetarizalo.

V.11.- Alegante: D. Eduardo Guillén Vázquez (comunidade de herdeiros de D. Higinio Vázquez Rodríguez)

Data: 29/11/2004. Rex. 40121239.

Parcela: primitiva núm. “10”, r/ García Barbón 115.

Obxecto: Solicita a rectificación da superficie da parcela resultante núm. “8”, incrementándoa en 11 m².

Informe: En escrito do 13/01/2005 desistiu desta alegación, coa condición de que se corrixisse o replanteo da referida parcela, tal e como xa aparece na última versión do Proxecto de Compensación.

Proposta: Ter por desistido a D. Eduardo Guillén Vázquez e á comunidade de herdeiros por él representada na súa alegación 2ª.

V.12.- Alegante: D. José María Rivas González

Data: 02/12/2004. Rex. 40122829.

Parcela: primitiva núm. "11" (G. RIVAS, S.A.).

Obxecto: Oponse á monetarización do seu aproveitamento urbanístico. Subsidiariamente solicita que se incremente a súa valoración a 2.573,55 euros/m2 (428.203 ptas/m2).

Informe: En escrito presentado no 09/02/2005 desiste da súa alegación.

Proposta: Ter por desistido a D. José María Rivas González (G Rivas SA) na súa alegación.

V.13.- Alegante: D. Eladio Fernández Rodríguez e Dª María Manuela Soto Guede

Data: 07/12/2004. Rex. 40124154.

Parcela: "17", caleixón de Miragalla 1.

Obxecto: Solicita a rectificación da superficie da súa parcela primitiva, ata acadar 53 m2, e en consecuencia do aproveitamento resultante a él adxudicado. Opóñese á monetarización de seu aproveitamento urbanístico.

Informe: En escrito presentado no 09/02/2005, asinado polo alegante e a súa dona Dª María Manuela Soto Guede, desistiu da súa alegación.

Proposta: Ter por desistido a D. Eladio Fernández Rodríguez e Dª María Manuela Soto Guede na súa alegación.

VI.- É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127 Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Estimar, estimar parcialmente e desestimar as alegacións interpostas durante o trámite de información pública no procedemento de referencia, no senso e polos motivos que se sinala na parte expositiva deste Acordo.

SEGUNDO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación da UE "I-6 Rosalía de Castro 2", na súa última versión corrixida, con memoria e planos datados en setembro de 2004 e febreiro de 2005 (expte. 4389/401).

TERCEIRO: Os propietarios e arrendatarios disconformes co importe das indemnizacións a eles adxudicadas no Proxecto de Compensación, disporán do prazo de vinte días hábiles para presentar nesta Administración municipal folla de prezo xusto contradictoria, que logo se remitirá, xunto cunha copia do expediente, ó Xurado Provincial de Expropiación Forzosa.

CUARTO: A Xunta de Compensación deberá inscribir o Proxecto de Compensación no Rexistro da Propiedade e achegar a esta Administración municipal unha copia do mesmo coa referencia rexistral das fincas resultantes inscritas. Deberá pagar ou consignar as indemnizacións previstas no Proxecto de Compensación no prazo máximo de 6 meses.

QUINTO: Notifíquese este Acordo ós propietarios do polígono, alegantes e demais interesados, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquesele tamén á oficina municipal de patrimonio para que inscriba no rexistro de bens as parcelas adxudicadas ó Concello.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

36(151).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO REFORMADO DE URBANIZACIÓN DA U.E. I-06 ROSALÍA DE CASTRO 2. EXPTE. 4401/401.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 10.02.05, conformado polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- No vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana, aprobado definitivamente no 29/04/1993 (PXOU-93) delimitouse a Unidade de Execución "UE I-06 Rosalía de Castro II", cunha cualificación de solo urbano, edificabilidade media de 4 m²/m² e sistema de actuación por compensación.

2.- En data 20/06/1994 o Pleno do Concello acordou aprobar a delimitación definitiva e as Bases e Estatutos da Xunta de Compensación dese polígono, as cales foron posteriormente modificadas mediante Acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 09/05/2002 (expte. 4315/401 -BOP núm. 13, do 18/01/2002 e núm. 105, do 04/06/2002). A Xunta de Compensación (XC) constituíuse no día 22/09/1994, inscribíndose no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras por acordo da entón Comisión Provincial de Urbanismo da CPTOPV da Xunta de Galicia do 23/12/1994 (Expte. 122/94).

O data 03/05/1995 o pleno do Concello acordou aprobar definitivamente un Estudio de Detalle para a ordenación de volumes nese polígono (expte. 3402/411). Dito instrumento de planeamento foi impugnado por Eduardo Canabal Sanz perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) no recurso cont.-ad. 2/5420/1995. No día 04/07/1996 o TSXG dictou Sentenza desestimatoria do recurso (firme).

3.- En data 18/10/2002 o representante da devandita XC interpuxo un escrito nesta Administración municipal solicitando a tramitación e aprobación do correspondente Proxecto de Urbanización. Achegou con él diversa documentación, composta de memoria e planos, que foi rectificada e completada en días posteriores, previo requirimento dos técnicos municipais.

No 11/12/2002 o xefe da oficina municipal de patrimonio histórico emitiu un Informe no que propuxo a adopción de certas cautelas para a protección arqueolóxica do ámbito obxecto do Proxecto de Urbanización.

Nos días 21/01/2003, 24/01/2003 e 07/02/2003 os enxeñeiros das oficinas municipais de electro-mecánicos e parques e xardíns e o Xefe de Área de Tráfico e Circulación dictaron os seus respectivos informes favorables sobre o Proxecto de Urbanización. O 07/02/2003 e o 12/02/2003 o enxeñeiro técnico de obras públicas e o técnico de administración xeral da Xerencia de Urbanismo emitiron senllos informes favorables.

4.- En data 20/02/2003 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar inicialmente o Proxecto de Urbanización. A continuación abriuse un trámite de información pública, mediante publicación de anuncios no BOP núm. 45, do 06/03/2003 e no diario Faro de Vigo do 28/02/2003, así como notificación individualizada ós interesados. Tamén se lle notificou á oficina municipal de "Patrimonio Histórico" e á Consellería de Cultura.

Durante dito período interpuxéronse 6 escritos de alegacións, subscritos respectivamente por D. José Carlos Santodomingo Azpeitia (13/03/2003), D. Carlos Rotea Villanueva (18/03/2003), Eduardo Canabal Sanz

(27/03/2003) e D. Felipe A. Estévez Vila -3- (26/03/2003). Remítuselle unha copia deles á Xunta de Compensación, que procedeu a respostalos mediante un Informe presentado na Xerencia de Urbanismo no día 22/04/2003. No día 10/02/2005 o representante da XC presentou unha última documentación corrixida do Proxecto de Urbanización, que foi informada favorablemente polo enxeñeiro técnico municipal de obras públicas no mesmo día.

5.- O Proxecto de Urbanización que agora se pretende aprobar definitivamente foi redactado polo arquitecto D. José María Catalán Pérez de Lis, visado polo COAG nos días 31/12/2002, 07/02/2003 e 10/02/2005. Ten como obxectivo fundamental completar o trazado da rúa Rosalía de Castro ata a súa conexión coa rúa García Barbón, transformar en rúa o actual camiño de Miragalla e crear unha plaza pública con entrada dende a rúa Areal. O seu presuposto de execución ascende a 915.101,74 euros.

6.- Paralelamente e co núm. de expte. 4389/401 tramítase o Proxecto de Compensación deste polígono.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Este Proxecto de Urbanización axústase ó disposto no art. 31 Lei 1/1997, do 24 de marzo do Solo de Galicia (LSG-97) e art. 110 Lei 2/2002, do 30 de decembro de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA). Cumpre tamén co preceptuado nas normas de accesibilidade consonte se acredita nos informes técnicos antes citados.

II.- Tal e como se especificou nas Bases de Actuación do polígono (modificadas) e no Proxecto de Compensación (que se tramita paralelamente), o subsolo baixo espazos de dominio público será tamén de titularidade pública.

III.- De conformidade co disposto no Apdo. 8.8.11.i) PXOU-93 (páx. 78 BOP nº 133 do 14/07/93), no Informe do Enxeñeiro Técnico Municipal de Obras Públicas antes citado e no Art. 20.2 LOUGA, para poder solicitar Licenza de Obras antes da finalización e recepción definitiva das obras de urbanización, deberá constituírse a correspondente garantía por importe de 915.101,74 euros.

Finalmente, a aprobación definitiva deste Proxecto de Urbanización require da previa ou simultánea aprobación do Proxecto de Equidistribución do polígono, consonte esixe o art. 20.1.d) LOUGA.

IV.- Sobre as alegacións formuladas durante o último trámite de información pública cabe sinalar o seguinte:

* IV.1.- Alegante: D. José Carlos Santodomingo Azpeitia (Santodomingo e Hijos SL)

Data: 13/03/2003. Rex. 373979.

Parcela: Avda. García Barbón 117, Caleixón Miragalla 11.

Obxecto: Reclama unha indemnización como consecuencia dos hipotéticos prexuízos que lle supón a urbanización do caleixón de Miragalla, en particular no que se refire a unha porta de acceso ó soto dunha edificación con fronte a dito caleixón.

Informe: As determinacións do Proxecto de Urbanización sobre o caleixón de Miragalla axústanse ó planeamento vixente. O alegante non solicita a modificación das características técnicas do Proxecto de Urbanización, senón a adxudicación dunha indemnización no Proxecto de Compensación. Polo tanto esta cuestión será examinada e resolta no expediente paralelo no que se tramita dito proxecto de equidistribución (núm. 4389/401).

Proposta: Desestimar a alegación no que ó Proxecto de Urbanización se refire, remitíndoa o expediente do Proxecto de Compensación.

* IV.2.- Alegante: D. Carlos Rotea Villanueva

Data: 18/03/2003. Rex. 374231.

Parcela: Rúa Areal 128 (arrendatario).

Obxecto: Sinala que se subrogou na posición do seu pai D. Vicente Rotea Martínez como arrendatario dun "estanco" na r/ Areal 128, e dun baixo e piso na r/ Yáñez 10. Solicita se lle teña por parte interesada no expediente.

Informe: Non existe ningún inconviñente en considerar ó alegante como parte interesada no procedemento de aprobación deste Proxecto de Urbanización, notificándosele ás resolucións que se dicten nél. Os seus dereitos indemnizatorios derivados da extinción do arrendamento trátanse polo miúdo no expediente do Proxecto de Compensación.

Proposta: Estimar a alegación, no senso de ter por personado ó alegante como interesado neste procedemento, notificándosele as resolucións que se dicten nél.

* IV.3.- Alegante: Eduardo Canabal Sanz

Data: 27/03/2003. Rex. 375027.

Parcela: Ningunha.

Obxecto: Manifesta a súa discrepancia co estudio de detalle deste ámbito, e coa delimitación e bases e estatutos do polígono, motivada, entre outros aspectos, na falla de publicación da "Ficha de Características" deste ámbito contida no PXOU-93.

Informe:

A delimitación do polígono e os estatutos e bases de actuación da XC aprobáronse definitivamente mediante senllos acordos plenarios municipais do 20/06/1994, axustados á lexislación entón vixente (BOP 157, do 17/08/1994 e 247, do 27/12/1994). Os estatutos e bases de actuación modificáronse máis recentemente en virtude de Acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 09/05/2002 (expte. 4315/401 -BOP núm. 13, do 18/01/2002 e núm. 105, do 04/06/2002). Eses acordos, firmes e consentidos polo alegante, non poden ser impugnados por él a estas alturas, nin sequera indirectamente, tratándose, como se tratan, de actos de xestión urbanística. Así o considerou o Tribunal Supremo, entre outras moitas, na súa sentenza do 04/07/2000 (RJ 7005, relator: Excmo. Sr. Sanz Bayón), na que afirmou o seguinte:

"(...) como ya tiene declarada esta Sala en sentencias de 22 noviembre 1994 (RJ 8643), 21 de junio de 2000 (RJ 5474), entre otras, la delimitación de una Unidad de Actuación o su modificación, para su ejecución, y las determinaciones que efectúa al efecto el Plan, carecen de los elementos necesarios que permitan calificar a tal Delimitación como una verdadera norma o disposición administrativa de carácter general, sino más bien, siendo concretos y determinados sus destinatarios y su vigencia no indefinida sino referida a un concreto período de ejecución, la calificación adecuada debe ser la de acto administrativo singular, por lo que en definitiva, y al no tener la consideración de norma jurídica de carácter general, la delimitación divisional de los polígonos A y B, es llano que no cabe contra la impugnación de la misma, la vía del recurso indirecto planteado en base a los apartados 2 y 4 del art. 39 de la Ley Jurisdiccional, procediendo pues la desestimación de este motivo y de la impugnación indirecta del Plan Especial en cuanto a esa delimitación poligonal, así como de su consecuencia anulatoria de los Estatutos y Bases de Actuación del polígono B."

Tamén considerou o Tribunal Supremo na súa sentenza do 04/07/2000 (RJ 7005, relator: Excmo. Sr. Sanz Bayón) que:

"(...) las bases de actuación atacadas indirectamente son un instrumento urbanístico regulador de operaciones concretas de compensación y urbanización que se agotan con su cumplimiento; su regulación se refiere a un caso concreto e irrepetible, por lo que no constituyen disposiciones de carácter general. En consecuencia la doctrina de la Sentencia recurrida al entender que no cabe su impugnación indirecta es conforme a Derecho, por lo que decaen los dos motivos de casación formulados."

O Estudio de Detalle da "UE I-06 Rosalía de Castro II" aprobouse definitivamente no 03/05/1995 (expte. 3402/411). Dito instrumento de planeamento foi impugnado exclusivamente polo alegante Eduardo Canabal Sanz, no recurso cont.-ad. 2/5420/1995 que se tramitou perante o TSXG e concluíu con Sentenza firme desestimatoria,

dictada no 04/07/1996. Resultan polo tanto extemporáneas e contrarias ós máis elementais principios da boa fe e da seguridade xurídica estas alegacións, formuladas 10 anos despois da aprobación do Estudio de Detalle. Elo sen prexuízo de que dito instrumento de planeamento axústase á lexislación vixente cando se aprobou (art. 65 RPU e art. 91 TRLS-92).

Sen prexuízo delo, o aparcamento soterrado baixo espazos públicos será de titularidade pública. Trátase por outra banda dunha dotación perfectamente compatible coa ordenación prevista no planeamento, como considerou o Tribunal Supremo na súa interesante Sentenza do 06/10/2003 (RJ 7070, Sª 3ª, Secc. 7ª, relator: Excmo. Sr. Goded Miranda) nun caso semellante.

Por outra banda, non se aprecia ningunha "orfandad de equipamentos". Na última versión do Proxecto de Compensación adxudícaselle ó Concello o aproveitamento urbanístico que lle corresponde por atribución legal e do planeamento. O alegante non acredita no seu escrito as hipotéticas deficiencias que denuncia.

Finalmente, o Acordo de aprobación do PXOU-93 publicouse no DOG núm. 87, do 10/05/1993. As súas normas e ordenanzas publicáronse tamén no BOP núm. 133, do 14/07/1993 e no núm. 163, do 26/08/1997. Cumriuse así o disposto no Art. 70.2 Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local -LBRL- (e nos posteriores Art. 48 Lei 1/1997, do 24 de marzo, do Solo de Galicia, e Art. 92.2 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia).

A "Ficha de Características" deste polígono non innova nada sobre o disposto nas ordenanzas xerais publicadas no BOP. Limitase a establecer como sistema de actuación o de compensación, remitíndose directamente ós planos de ordenación do PXOU, que se aplicarán en concordancia co disposto na ordenanza do Plan Xeral "1.1.B" de edificación pechada, debidamente publicada no BOP antes citado.

Por outra banda, os referidos preceptos unicamente esixen a publicación do "articulado das normas e ordenanzas". Non dos demais documentos dos plans urbanísticos (Memoria, planos, estudio económico-financieiro, "fichas"). Así o considerou o Tribunal Supremo nas súas Sentencias do 18/06/2002, 25/02/2002 e 03/12/2001 (Arz. 2002\202, relator: Excmo. Sr. Enríquez Sancho), entre outras.

Proposta: Desestimar a alegación.

* IV.4, IV.5 e IV.6.- Alegante: D. Felipe A. Estévez Vila ("Mayeuser SL")

Data: 26/03/2003. Rex. 374981, 374983 e 374989.

Parcela: Rúa Areal 118.

Obxecto: Non cuestiona ningunha determinación do Proxecto de Urbanización. Limitase a facer reserva dos seus dereitos no Proxecto de Compensación, que se tramita noutro expediente diferente.

Proposta: Desestimar as alegacións, por non referirse ó Proxecto de Urbanización, único que se analiza neste concreto procedemento.

V.- É competente para adoptalo Acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Estimar e desestimar as alegacións formuladas durante o período de información pública no procedemento de referencia no senso e polos motivos sinalados na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización da UE I-06-Rosalía de Castro 2, promovido pola Xunta de Compensación dese polígono, redactado polo arquitecto D. José María Catalán Pérez de Lis, con Memoria e Planos visados polo COAG nos días 31/12/2002, 07/02/2003 e 10/02/2005. (expte. 4401/401).

TERCEIRO: Habida conta da probabilidade de que no ámbito deste polígono se atopen restos arqueolóxicos de interese, con anterioridade ó inicio das obras deberá redactarse e aprobarse un proxecto de protección arqueolóxica, que se executará baixo a supervisión do departamento municipal de Patrimonio Histórico e, no seu caso, da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

CUARTO: Comunicarase o inicio das obras ó Coordinador municipal da área de servizos. Para poder solicitar Licenza de edificación antes da finalización e recepción definitiva das obras de urbanización, deberá constituírse a correspondente garantía por importe de 915.101,74 euros. A dirección técnica das obras presentará un plan de control de calidade, e aqueles ensaios e/ou documentos que avalen a idoneidade das unidades de obra necesarias, conforme ó articulado do prego de prescripcóns técnicas e ó mentado control de calidade.

QUINTO: Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós propietarios do polígono e ós alegantes, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquese tamén ó coordinar municipal dos servizos municipais e ó equipo redactor do novo Plan Xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

37(152).- APROBACIÓN DO PROXECTO ORDINARIO DE OBRAS PARA O ACONDICIONAMENTO DAS RÚAS ELIO ANTONIO DE NEBRIJA E TOMÁS A. ALONSO. EXPTE. 4577/401.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión do 10.02.05, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

En data 10/02/2005 o representante da entidade mercantil "Afra Gestiones SL" interpuxo nesta Administración municipal solicitude de aprobación dun Proxecto de Obras Ordinarias para acondicionamento do entronque das rúas Tomás Alonso e Antonio Nebrija. Dito proxecto vencéllase ó expediente de licenza de obras núm. 45498/421.

No 10/02/2005 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitíu Informe favorable sobre o devandito proxecto.

O proxecto de obras ordinarias que agora se pretende aprobar, foi asinado polos arquitectos D. Teodoro de Francisco Antes e D. Leopoldo Salceda Alvite, visado polo COAG no 10/02/2005.

Con esta obra preténdese completar os servizos urbanísticos dun pequeno tramo da rúa Elio Antonio de Nebrija, de acordo co disposto no planeamento vixente. O presuposto total da obra é de 24.165 euros (4.020.718 ptas).

A interesada constituíu Aval do Banco de Galicia por dito importe en garantía da correcta execución das obras que agora se pretenden autorizar (data 10/02/2005, operación 200500003502).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O proxecto de obras ordinarias de referencia resulta acorde co disposto no Art. 90 R.D.Leg. 781/1986 do 18 de abril polo que se aprobou o Texto Refundido de Réxime Local, Arts. 124 e 51 R.D.Leg. 2/2000, do 16 de xuño (TRLCAP), Art. 67.3 R.D. 2159/1978, do 23 de xuño (RPU), Arts. 14 e ss. Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, aprobatorio do Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia (RDUG) e preceptos concordantes do Decreto de 17 de xuño de 1955 (RSCL). Axústase tamén ás previsións do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana tal e como se deduce do Informe do enxeñeiro técnico municipal de obras públicas antes citado.

É competente para emiti-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a fin de que, previo dictame do Consello da Xerencia de Urbanismo, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar o proxecto de obras ordinarias para acondicionamento do encontro entre as rúas Elio Antonio de Nebrija e Tomás Alonso, promovido pola entidade mercantil "Afra Gestiones SL", redactado polos arquitectos D. Teodoro de Francisco Antes e D. Leopoldo Salceda Alvite, cun presuposto de execución de 24.165 euros. (expte. 4577/401), visado polo COAG no 10/02/2005.

SEGUNDO: A interesada constituíu Aval do Banco de Galicia por 24.165 euros en garantía da correcta execución das obras que agora se autorizan (data 10/02/2005, operación 200500003502).

TERCEIRO: O inicio das obras deberá comunicarse ó coordinador municipal da Área de Servizos, para o seu control e seguimento. A dirección técnica das obras presentará un plan de control de calidade, e aqueles ensaios e/ou documentos que avalen a idoneidade das unidades de obra necesarias, conforme ó articulado do prego de prescripcóns técnicas e ó mentado control de calidade

CUARTO: Notifíquese este Acordo ós interesados, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquese tamén á oficina municipal de Licenzas, ó coordinador da Área de Servizos e á oficina de Servizos centrais da Xerencia.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

38(153).- BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DURANTE O ANO 2005. EXPTE. 5132/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 21.01.05, do xefe da Área de Réxime Interior, e o informe-proposta do director deportivo do IMD. Do 21.01.05, conformado pola concelleira delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e a interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar as bases da convocatoria para a concesión de subvencións a entidades deportivas para a organización de eventos deportivos durante o ano 2005, condicionadas ao informe do Asesor Xurídico municipal.

2º.- Autorizar un crédito de 180.000 € con cargo á partida 4521 489 00 01 do orzamento de 2005, o expediente se tramita como anticipado de gasto.

Bases da convocatoria para a concesión de subvencións a entidades deportivas para a organización de eventos deportivos durante o ano 2005.

Exposición de motivos:

O Servicio de Deportes, nos últimos

anos, ven desenvolvendo un programa para subvencionar os eventos deportivos que as entidades desenvolven na cidade de Vigo.

O outorgamento das subvencións se realizou baixo o marco das bases que cada ano aprobaba o Concello de Vigo. Tendo en conta a experiencia destes anos no desenvolvemento deste programa, e co obxecto de perfeccionar distintos aspectos na tramitación do expediente é polo que se revisan as Bases, axustándoas á realidade actual, na que presentan actividades deportivas unhas 32 modalidades.

Cómpre subliñar que en Vigo, cada ano, se desenvolven sobre 160 eventos deportivos, sendo competencia deste servizo o instrumentar programas destinados ó fomento dos eventos máis axeitados para a dinámica deportiva da cidade.

A Lei 11/1997, de 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia, no seu artigo 13.1 sinala como competencia dos concellos a de fomentar e promover a actividade deportiva: Esta convocatoria vai a instrumentar o programa de subvencións a entidades deportivas sen fin de lucro para a organización de eventos deportivos. Con tal motivo e no marco das súas competencias o Concello de Vigo, a través do Servicio de Deportes, regula o acceso ás subvencións a través destas Bases e a tal fin destina no seu orzamento do ano 2005 a cantidade de 180.000 Euros con cargo á partida orzamentaria “4521 489 00 01- Subvención a eventos deportivos” do orzamento para 2005.

Por todo isto se convocan as subvencións para as entidades deportivas para a organización de eventos deportivos en Vigo. A convocatoria destas subvencións se efectuará baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

Artigo 1. Lexislación aplicable.

A lexislación aplicable ás Bases desta convocatoria é a seguinte: lexislación básica do estado, con carácter supletorio, a lexislación estatal non básica, a normativa autonómica, e as normas, que no uso da súa potestade regulamentariamente aprobe, ou teña aprobadas, o Concello de Vigo.

Artigo 2. Natureza e contía das axudas.

2.1. A presente convocatoria ten por finalidade promover en réxime de concorrencia competitiva entre as entidades deportivas sen fin de lucro que reunan os requisitos establecidos nesta Bases, co obxecto de fomentar o deporte. Sendo o seu finalidade o promocionar a organización de eventos deportivos e actividades organizadas polos clubs e entidades deportivas durante o ano 2005.

2.2 A contía da subvención se determinará pola Xunta de Goberno Local consonte cos criterios de avaliación establecidos no artigo 12 das presentes Bases, tralos informes correspondentes.

2.3 A entidade deportiva solicitante deberá declarar todas as subvencións que teña obtido ou solicitado para a organización do evento subvencionable que teña solicitado.

2.4 A subvención concedida se destinará exclusivamente a cubrir os gastos directamente relacionados coa organización do evento ou actividade para o que se solicita a subvención.

Artigo 3. Requisitos dos solicitantes e beneficiarios.

3.1. Poderán solicitar axudas á presente convocatoria os clubs deportivos, asociacións deportivas, e entidades deportivas que cumpran os requisitos que establece esta convocatoria, e que desenvolvan a actividade ou evento a subvencionar na cidade de Vigo. Asemade deben ter personalidade xurídica propia e sen finalidade lucrativa.

3.2 Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As entidades que teñan fin lucrativo.
- As entidades deportivas que teñan carácter profesional.
- As entidades deportivas as que, o Servicio de Deportes, lles outorgue trofeos polo importe da subvención con cargo ó orzamento de 2005.

Artigo 4. Financiamento da convocatoria.

A financiamento das axudas e subvencións concedidas ó amparo destas Bases, será con cargo á partida orzamentaria do orzamento para 2005 – 4521 489 00 01- Subvencións a eventos deportivos- por un importe total de (180.000 Euros).

Artigo 5. Formalización das solicitudes e documentación.

5.1 Comprende a instancia de solicitude e os distintos cuestionarios de solicitude e a documentación requirida nestas Bases. Os cuestionarios de solicitude, os impresos de solicitude e demais documentación se atopan a disposición dos interesados nas oficinas do Servicio de Deportes do Concello de Vigo, Praza do Rei s/n. 10ª planta.

5.2. A instancia de solicitude estará dirixida á Concelleira Delegada da Área de Promoción Economía e Desenvolvemento Local. A formula o representante legal da entidade peticionaria e se presentará no Rexistro Xeral do Concello de Vigo; ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións do Procedemento Administrativo Común.

5.3. A cada exemplar de instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación.

- a) Modelos dos Cuestionarios e certificados de solicitude correspondentes do anexo
- b) Datos referentes o evento para o que se solicita a subvención: características xerais, categoría do evento, numero de deportistas participantes, e de selo caso, de equipos participantes, así como os aspectos máis salientables en relación coa importancia do evento.
- c) Certificado do secretario da entidade do orzamento de ingresos para a organización do evento.
- d) Certificado do secretario da entidade do orzamento de gastos para a organización do evento.
- e) Certificado da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante.
- g) Certificado de estar o corrente do pagamento coas obrigas tributarias do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos.
- h) Fotocopia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- i) Tódolos datos referidos ó enderezo, código postal, etc.
- j) Acreditación doutras axudas públicas concedidas para financiar a actividade ou evento para o que solicita a presente subvención.

Artigo 6. Prazo de presentación.

Os organizadores do evento ou da actividade deportiva poden facer a súa solicitude dende o día seguinte á publicación destas Bases na prensa local e no Taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, e ata o día 28 de outubro de 2005. En todo caso as solicitudes realizaranse a lo menos cun prazo de 15 días naturais antes do desenvolvemento do evento. Agás as que xa se celebraran antes desta convocatoria e dentro do ano 2005. E tamén as que se celebren nos 15 días seguintes ó día da publicación destas Bases.

Artigo 7. Subsanación da solicitude.

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presenta convocatoria, o solicitante será requirido para que, no prazo de 10 días naturais, contados a partir da recepción da notificación, complete a documentación ou amaíe a falla, con advertencia de que se non o fixera, se lle terá por desistida a súa solicitude, e arquivarase o expediente.

Artigo 8. Avaliación e proposta de resolución.

8.1 A avaliación das solicitudes presentadas a esta convocatoria, se realizará mediante un proceso interno de avaliación que levará a cabo o técnico do Servicio de Deportes.

8.2 O Servicio de Deportes valorará as solicitudes presentadas tendo en conta os criterios e baremos que figuran no artigo 12. Os datos a baremar corresponderán á actividade ou evento para o que se solicita subvención.

8.3 O Servicio de Deportes elevará a proposta de resolución a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

Artigo 9. Aceptación e obrigas que comportan a concesión de subvención.

9.1 A aceptación por parte dos adxudicatarios da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades sen fin de lucro.

9.2 O órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

9.3 Os beneficiarios das subvencións obríganse a:

- a) Cumprir todas as normas establecidas nas Bases da convocatoria
- b) Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- c) Deberán emprega-lo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan.
- d) Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude.
- e) En todas as publicacións, carteis, rótulos...etc, é indispensable mencionar ó “Concello de Vigo” como entidade financiadora.
- f) Deberá figurar no lugar no que se desenvolve o evento unha pancarta ou cartel coa leenda “CONCELLO DE VIGO”.

9.4 Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo a través dos seus servicios municipais, poderá comproba-lo correcto destino da subvención, procedendo no suposto de non se-lo prefixado, á revocación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar do Concello de Vigo novas peticións. Igualmente actuará coas solicitudes que non presenten os xustificantes en tempo e forma.

Artigo 10. Xustificación das axudas

10.1 A resolución da Xunta de Goberno Local seralles notificada ós interesados. Para tramita-lo pago do importe da subvención concedida, terán que achegar, a seguinte documentación:

Xustificantes (facturas orixinais que deberán recolle-lo número de CIF, a data, o número de factura e o IVE correspondente) dos gastos relacionados coa solicitude da subvención solicitada pola entidade deportiva. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas polo art. 3 do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas se computara o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que este exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos ocasionados pola organización da actividade ou evento.

Os cuestionarios e documentación, debidamente cumprimentada que figura no anexo destas Bases (Modelos para a xustificación).

Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación co outorgamento da subvención.

As facturas que se presenten como xustificante terán que estar conformadas pola entidade emisora.

10.2 Ningunha entidade deportiva adxudicataria das subvencións, poderá percibila, mentres teña débedas por calquera concepto co Concello de Vigo e os seus organismos autónomos. A tal efecto presentarán certificado no que conste estes extremos.

10.3 No caso de non presenta-la documentación deste apartado, o expediente de subvención será revocado coa conseguinte perda da subvención.

10.4 A presentación de xustificantes en ningún caso excederá o prazo do 15 de decembro de 2005. En caso contrario perderase o dereito a percibi-la axuda. Non obstante o anterior a Xunta de Goberno Local poderá ampliar o prazo destas xustificacións se ocorreran excepcionais debidamente acreditadas.

Artigo 11. Reintegro das contías percibidas:

Segundo o Texto Refundido da LGP, e demais normativa local en materia de facendas locais, procederá ó reintegro das contías percibidas e a esixencia do interese de demora dende o momento do pago das subvencións, nos seguintes casos:

Incumprimento da obriga da xustificación

Obte-la subvención sen reuni-las condicións requiridas, unha vez acreditados pola administración municipal tales extremos.

Incumprimento da finalidade para a que a subvención foi concedida

Incumprimento das condicións impostas as entidades colaboradoras e beneficiarios con motivo da concesión da subvención.

Realización por parte do beneficiario dunha actividade ou prestación dun servizo, cun custo inferior á subvención recibida, proveña desta administración ou de distinta ou ente público ou privado, estatal ou internacional.

Sen prexuízo do previsto no presente artigo, a falsidade ou calquera outra conduta punitiva porase en coñecemento da xurisdicción penal por parte do Concello de Vigo.

Artigo 12. Baremo e criterios de avaliación.

O baremo e criterios para avaliar as solicitudes desta convocatoria é o seguinte:

1.- Eventos periódicos ou de especial relevancia.

- Pola difusión da imaxe da cidade: ata un máximo de 30.000 Euros.
- Pola importancia deportiva do evento: ata un máximo de 24.000 Euros.

2.- Resto dos eventos.

a) Polo ámbito do evento:

- Eventos de ámbito estatal (Final campionato de España ou similar): ata un máximo de 12.000 Euros.
- Eventos de ámbito galego (Campionato galego ou similar): ata un máximo de 3000 Euros.
- Eventos de ámbito provincial ou local. Ata un máximo de 2.000 Euros

b) Importancia do evento ou actividade deportiva para a cidade: ata un máximo de 6.000 Euros (valorarase a repercusión que tivo ou pode ter a actividade para Vigo, en aspectos como imaxe para cidade, repercusión deportiva...etc).

c) Importancia social do evento: ata un máximo de 3.000Euros.

d) Número máximo de participantes (real ou previsto). Ata un máximo de 3.000 Euros.

f) Outros aspectos sobranceiros. Ata un máximo de 3.000 Euros.

39(154).- PROPOSTA DE CREACIÓN DUNHA OFICINA DE SUPERVISIÓN DE PROXECTOS E INSPECCIÓN TÉCNICA DE OBRAS. EXPTE. 11123/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe favorable do xefe da Unidade de Persoal do 9.02.05, dáse conta da proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 8.02.05, conformada polo concelleiro da Área de Servizos Xerais e o concelleiro de Infraestructuras, que di o seguinte:

1.- *Antecedentes*

Actualmente os proxectos redactados por outras administracións (COTOP, Deputación Provincial, Zona Franca, Fomento, etc.) e que posteriormente serán executados dentro do término municipal do Concello de Vigo, son remitidos para a súa supervisión ós distintos departamentos dentro do Concello (Medio ambiente, Infraestructuras, Patrimonio Histórico, Urbanismo ou Vías e Obras). Xa que tales obras e instalacións unha vez recepcionadas pasan a ser competencia da Área de Servizos Xerais (Vías e Obras, Parques e Xardíns e Electro-Mecánicos) no relativo o seu mantemento e explotación, é necesario que sexan os servizos desta área os que informen este tipo de proxectos, independentemente dos informes necesarios doutras áreas.

En canto os proxectos de urbanizacións tanto de iniciativa pública como privada, que posteriormente pasarán a ser de competencia municipal, faise preciso que sexan revisados, informados e inspeccionados durante a execución das obras e recepcionados ó remate das mesmas.

Así mesmo, cando sexa precisa a humanización dalgunha rúa ou praza, a supervisión e seguemento do proxecto correspondente, deberá ser feita nun único centro que englobe os requerimentos de tódolos servizos afectados (Vías e Obras, Parques e Xardíns e Electromecánicos), así como un aproveitamento sinérxico durante a inspección conxunta de tales servizos, e a recepción global de tódalas instalacións tanto no caso de obras feitas pola propia administración como si se trata de obras contratadas.

O mesmo tempo e según se indica no Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, no seu artigo 128, “Antes da aprobación do proxecto, cando a súa cuantía sexa igual ou superior a 300.506,05 Euros, os órganos de contratación deberán solicitar un informe das correspondentes oficinas ou unidades de supervisión dos proxectos encargadas de verificar que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario, así como a normativa técnica, que resulten de aplicación para cada tipo de proxecto. A responsabilidade pola aplicación incorrecta das mesmas nos diferentes estudos e cálculos esixirásese de conformidade co disposto no artigo 124.5. Nos proxectos de cuantía inferior á sinalada, o informe terá carácter facultativo, salvo que se trate de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra, en cuio caso o informe de supervisión será igualmente preceptivo”.

Ademais esta oficina de Supervisión de Proxectos deberá asumir as funcións previstas no artigo 136 do Regulamento de Contratos e que son as seguintes:

- Proponer ao órgano de contratación criterios e orientacións de carácter técnico para a súa inclusión, no seu caso, na norma ou instrucción correspondente.*
- Examinar que os prezos dos materiais e das unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato.*
- Verificar que o proxecto contén o estudio de seguridade e saúde, ou no seu caso, o estudio básico de seguridade e saúde.*
- As demais funcións que lle encomende a Xunta de Goberno Local.*

Inicialmente a citada oficina debería ser dotada, como mínimo, co seguinte persoal:

- 1 Técnico superior; con titulación Enxeñeiro ou Arquitecto.*
- 2 Técnicos de grado medio; con titulación Enxeñeiro Técnico ou Arquitecto Técnico.*
- 1 Administrativo.*
- 1 Delineante.*
- 2 Inspectores de obra.*

Nembargantes sendo conscientes das dificultades presupuestarias que suporía dotar a esta Oficina, de persoal de novo ingreso, propónse que sexa creada esta unidade cunha reasignación de efectivos do persoal en servizo activo que a continuación se relaciona:

- Jorge Muñoz Rama, nº persoal 77169, Enxeñeiro Técnico Obras Públicas. Actualmente adscrito o servizo de Vías e Obras.*
- José M^a. Richard Marín, nº de persoal 8190, Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas. Actualmente adscrito a Infraestructuras.*
- Miguel Angel Carrera Mouriño, nº de persoal 9308, Arquitecto Técnico - Aparellador, actualmente adscrito a Deportes.*
- Ramón Vázquez Rial, nº de persoal 13273, Inspector de Urbanismo. Actualmente adscrito a Infraestructuras.*
- Jose Eugenio Matilde Viñas, nº persoal 11831, Oficial Albanel. Actualmente adscrito o servizo de Vías e Obras.*
- Eugenio Lago González, nº de persoal 6801, Jefe de equipo de oficios. Actualmente adscrito o servizo de Vías e Obras.*

Sen perxuízo de que en próximos exercicios se prevea a necesaria dotación de prazas para esta unidade.

Polo exposto anteriormente, e no exercicio das facultades atribuídas a Xunta de Goberno Local, art. 127.1.H, da Ley de Bases de Réxime Local, sométese a ésta, a consideración da seguinte

PROPOSTA:

- 1.- Creación dentro da Área de Servizos Xerais dunha Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras, como unha unidade independente, composta inicialmente polo persoal que se indica a continuación:*
 - Jorge Muñoz Rama, nº persoal 77169, Enxeñeiro Técnico Obras Públicas. Actualmente adscrito o servizo de Vías e Obras.*
 - José M^a. Richard Marín, nº de persoal 8190, Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas. Actualmente adscrito a Infraestructuras.*
 - Miguel Angel Carrera Mouriño, nº de persoal 9308, Arquitecto Técnico - Aparellador, actualmente adscrito a Deportes.*
 - Ramón Vázquez Rial, nº de persoal 13273, Inspector de Urbanismo. Actualmente adscrito a Infraestructuras.*
 - Jose Eugenio Matilde Viñas, nº persoal 11831, Oficial Albanel. Actualmente adscrito o servizo de Vías e Obras.*
 - Eugenio Lago González, nº de persoal 6801, Jefe de equipo de oficios. Actualmente adscrito o servizo de Vías e Obras.*
- 2.- Readscribir ao citado persoal a devandita unidade administrativa.*

- 3.- *Que na vindeira Relación de Postos de Traballo (RPT), se engadan os cambios organizativos antes citados.*

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

40(155).- CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE SEIS OPERARIOS-PEÓNS PAVIMENTADORES POR UN PERÍODO DE TRES MESES PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 15575/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de organización da Unidade de Persoal, do 31.01.05, que di o seguinte:

Antecedentes.

Con data 20 de maio de 2004 asinouse un convenio de colaboración entre a Excm. Diputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, sobre cooperación económica, para o financiamento de diversas obras de pavimentado en rúas e camiños da cidade.

Con data 30 de setembro de 2004, o coordinador dos servizos xerais deste Concello solicitou a contratación de seis operarios pavimentadores-obras públicas, xa que o Servizo de Vías e Obras conta con unha dotación mínima insuficiente de persoal , o que leva a que nesta situación non é posible atender ás obras de asfaltado de camiños públicos a realizar baixo o referido convenio.

En consecuencia, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 18 de outubro de 2004 acordou a contratación de dous operarios-peóns que formaban parte da lista de substitucións prevista nas Bases da derradeira oferta de emprego público, toda vez que os catro restantes renunciaron por escrito a formaliza-la contratación proposta.

Toda vez que a lista atopábase esgotada, no referido acordo, autorizouse o pertinente proceso selectivo para proceder a contratación dos catro operarios restantes, que unha vez seleccionados pola correspondente comisión de valoración, foron contratados por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 16 de novembro de 2005, con efectos de 18 de novembro de 2004, ata o vindeiro 17 de febreiro de 2005.

Con data 10 de xaneiro pasado, a coordinador dos servizos xerais deste Concello, propón a prórroga dos referidos contratos por continuar as mesmas circunstancias que se deron para a contratación e, dado que o contrato eventual por circunstancias da produción por acumulación de tarefas, permite unha duración máxima de seis meses, con carácter improrrogable e, existindo consignación presupostaria suficiente para facer fronte o gasto, segundo informe da Intervención de data 14 de xaneiro de 2005, a Iltma. Sra. Alcaldesa dictou Resolución pola que se procedeu a prórroga dos contratos dos seis operarios por outros tres meses improrrobables.

Con data 10 e 18 de xaneiro de 2005, o coordinador dos servizos xerais deste Concello solicita a contratatación de seis novos operarios pavimentadores para reforza-as brigadas de pavimentación, toda vez que a Deputación acaba de aportar máis maquinaria para reducir o prazo de execución das obras

Na acta de data 16 de novembro de 2004, da Comisión de Valoración encargada da selección dos operarios anteriormente contratados, figuran D. Antonio Callejo Conde, NIF 36.131.616-L, D. Cándido Agrafojo Bastón,

NIF 36.086.304-V, D. Fernando J. Araujo Casal, NIF 36.081.022-W e D. Eduardo Sampedro Lustres, NIF 36.062.270-H, aspirantes que superaron a proba de que constou a oposición e que obtiveron os postos n°s 5°,6°,7° e 8° respectivamente.

Consecuentemente, e, o non dispoñer de ningunha outra lista de substitucións, resulta preciso artellar un proceso de cubrición áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización das contratacións laborais propostas.

Fundamentos legais.

De conformidade co disposto no artigo 9.2 da lei 4/88, de 26 de maio da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.

Nembargantes, e consonte ó parágrafo 3º do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Ó aveiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.

O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, esto e, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público.

Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cos principios de mérito e capacidade, tal e como dispón o artigo 35 do RD 364/95 .

Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral o concurso, excepto nos casos de urxencia.

Así mesmo, lei 56/03, de 16 de decembro, de emprego, configura ós servizos autonómicos de emprego, como un servizo público e gratuito, que terá como funcións, axudar ós traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos, todo elo a través dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren inscritos no rexistro de ofertas de emprego.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, esta definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Entendese, por outra banda, amparada ésta contratación ó aveiro do disposto no artigo 20.2 da lei 61/2003, de presupostos xerais do Estado para o ano 2004, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servizo de recepción obrigatoria como a que nos ocupa.

Por todo elo, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local dicte a seguinte proposta de Resolución:...”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Consta no expediente visto informe de Intervención Xeral do 10.02.05 e a conformidade do concelleiro da Área de Xestión Municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Contratar como operarios-peóns por un periodo de tres meses, a D. Antonio Callejo Conde, NIF 36.131.616-L, D. Cándido Agrafojo Bastón, NIF 36.086.304-V, D. Fernando J. Araujo Casal, NIF 36.081.022-W e D. Eduardo Sampedro Lustres, NIF 36.062.270-H, aspirantes que superaron a proba de que constou a oposición e que obtiveron os postos nºs 5º, 6º, 7º e 8º respectivamente, baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

2º.- Solicitar do Servicio Galego de Colocación unha oferta xenérica para que sexan remitidos doce candidatos/as que resposten ás seguintes características:

Titulación esixida: Certificado de Escolaridade ou equivalente, e contar con experiencia acreditada en pavimentación de viais.

3º.- Que por una comisión de valoración composta polo concelleiro-delegado de Persoal ou concelleiro en quen delegue –que actuará como Presidente-, o xefe do servizo de Vías e Obras, un/unha representante designado polo Comité de Persoal e o Xefe da Unidade de Persoal ou técnico en quen delegue –que actuará como secretario-, propoña catro candidatos/as co obxecto de formaliza-la contratación.

A tales efectos, o proceso de selección constará dunha proba práctica sobre coñecementos das tarefas propias do posto de traballo, que se avaliará de cero a dez puntos, tendo esta proba carácter excluinte se o/a candidato/a non obten un mínimo de cinco puntos.

A comisión propondrá para a contratación ós/ás candidatos/as que resulten seleccionados por orde de puntuación.

4º.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos correspondentes contratos ós candidatos/as propostos pola citada Comisión, sendo éstos/as contratados/as baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e

art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

41(156).- SOLICITUDE DE PRODUCTIVIDADE Á AUXILIAR DA ALCALDÍA D^a DOLORES BARCIELA FERNÁNDEZ. EXPTE. 15557/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposita do xefe da Unidade de Persoal do 19.01.05, conformado polo concelleiro de Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes

Con data 30 de setembro de 2004, a Il^{ma}. Sra. Alcaldesa ordeou o traslado ó Gabinete da Alcaldía da auxiliar administrativa en réxime laboral D^a. M^a. Dolores Barciela Fernández, nº persoal 23691, adscrita á Intervención Xeral, consecuencia da xubilación voluntaria da funcionaria de carreira que prestaba servizos na Alcaldía D^a. M^a. Inmaculada Echegaray Rey.

Con data 18 de xaneiro de 2005 a Alcaldía Presidencia emite instrución de servizo dispoñendo a incoación dun expediente de productividade a favor da referida empregada municipal, motivada polas diferenzas retributivas existentes entre o posto base de auxiliar ó que figura adscrito á traballadora e as asignadas aos postos de auxiliar da Alcaldía que contan cunhas retribucións complementarias sensiblemente superiores, establecidas en función da propia singularidade desa Unidade administrativa, que suxire unha especial dedicación así coma unha estreita vinculación de confianza co máximo órgano municipal de goberno.

Fundamentos de dereito :

De conformidade co disposto no artigo 20 do Convenio laboral vixente, aprobado por acordo plenario de 28 de decembro de 1998, a estrutura das retribucións do persoal laboral queda equiparada ao réxime retributivo do persoal funcionario.

Realizada por convenio laboral unha remisión xenérica á normativa funcional en materia salarial, procede informar o seguinte :

De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de productividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da productividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Segundo dispón o antedito precepto , correspóndelle ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de productividade, e ó Alcalde Presidente da

Corporación a distribución de dita contía entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de produtividade, con suxección ós criterios que, de se-lo caso, teña establecido o Pleno , sen prexuízo das delegacións que teña conferidas con arranxo ó establecido na Lei 7/ 85, de 2 de abril.

Nembargantes, e á vista das novas competencias resolutorias que o artigo 127.1.h) da lei 7/85, Reguladora de bases de réxime local, introducido pola lei 57/2003, de 16 de decembro, lle atribúe á Xunta de goberno local (aprobación de retribucións do persoal de acordo cos orzamentos e demais cuestións de persoal non atribuídas a outros órganos), pode entenderse competencia da Xunta de goberno a aprobación de novos criterios de asignación de productividades en tanto en canto se produza a debida reserva de crédito da partida orzamentaria no presuposto vixente.

O aboamento da productividade proposta non trae orixe das vixentes Instrucións de plantilla, polo que dentro do ámbito competencial da Xunta de Goberno local será este órgano quen de aprobación, no seu caso, á iniciativa da Alcaldía, debéndose significar en todo caso que a motivación exposta na instrucción da Alcaldía de 18 de xaneiro de 2005 puidera ter encaixe dentro do concepto legalmente configurado para este complemento retributivo, circunstancia que lle compete ponderar en todo caso ao órgano resolutor.

De conformidade coas Instrucións de Plantilla vixentes, o aboamento efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións, agás que a produtividade contase con periodicidade, na que se computarían as baixas por accidente de traballo, enfermidade profesional e permisos e licencias.

Neste caso, e considerando a vocación de periodicidade que semella intuírse da proposta de asignación da Alcaldía en tanto non se configure o posto da traballadora coas retribucións complementarias dos demais postos de auxiliar da Alcaldía, o cálculo do complemento de produtividade practícase de xeito unitario polo período de devengo reseñado na referida proposta de asignación.

Deste xeito, o importe da produtividade solicitada ascendería a 507,78 € Euros.

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, infórmase en calquera caso que non se trata en ningún caso dun dereito subxectivo preexistente do traballador , senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, non podendo inferirse un devengo automático da produtividade, xa que a asignación desta deberá ponderarse sempre en función do rendemento e dedicación do empregado proposto para a asignación.

Feitas as consideracións precedentes, e para o eventual suposto de que a Xunta de Goberno local optase por dar aprobación ao establecemento deste complemento retributivo e previo informe de fiscalización e consignación de créditos, sométese ao órgano resolutor o texto dunha posible proposta de acordo tal e coma a continuación se transcribe, todo elo en estricto cumprimento da mencionada Instrucción de 18 de xaneiro de 2005:

“ Recoñecer a aboar á auxiliar administrativa en réxime laboral Sra. D^a. Dolores Barciela Fernández un complemento de produtividade por importe de 507,78 € euros, importe calculado en función das diferencias retributivas existentes entre as asignadas ao posto base de auxiliar da traballadora e as establecidas para un posto singularizado de auxiliar da Alcaldía, en relación ao período comprendido entre a súa adscripción á Unidade da Alcaldía ata o 31 de decembro de 2004 .

Dese traslado da presente resolución á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días “.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

42(157).- SOLICITUDE AO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO DE AXUDA PARA INFRAVIVENDA RURAL NO CÑO. SUMATRA 7, FACHO, BEADE. EXPTE. 11273/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 10.02.05, conformado polo xefe de Sector de Acción Social e polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

Solicitar ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, ao abeiro do Decreto 233/2003, de 3 de abril, polo que se regulan as axudas aos Concellos para infravivenda rural, a subvencións a fondo perdido que poida corresponder, segundo orzamento presentado e a nome do beneficiario que se detalla, aceptando os termos da disposición e de conformidade coa memoria, orzamento e prazo presentado para a actuación que se solicita.

<u>PROPIETARIO</u>	<u>DOMICILIO</u>	<u>ORZTO.ACTUACIÓN</u>
Alicia Alfaya Alfaya	Cmño Sumatra, 7-Facho-Bead	31.754,18 €

43(158).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO IV FESTIVAL ALTERNATIVO DE TEATRO E DANZA “VIGO, A OUTRA ALTERNATIVA”. EXPTE. 8727/331.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 8.02.05 e de acordo co informe-proposta do técnico de Actividades Culturais, do 7.02.05, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, o concelleiro da Área de Asuntos Sociais e a interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación cultural Noescafé-Teatro, para a organización do *IV Festival alternativo de teatro e danza “Vigo, a outra alternativa”*.

2º.- Facultar ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 25.000.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura para o exercicio 2004 prorrogado, para facer fronte ao estipulado no convenio e que se aboará á asociación cultural Noescafé-Teatro, CIF G-36891323.

4º.- Que o citado pagamento se realice a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA-CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.”

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO IV FESTIVAL ALTERNATIVO DE TEATRO E DANZA “VIGO, A OUTRA ALTERNATIVA”.

Vigo, o xxxxxx de febreiro de dous mil cinco.

REUNIDOS

Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELEIRO DA ÁREA DE ASUNTOS SOCIAIS e en representación do Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, con enderezo en Vigo, Praza do Rei, s/n; CP 36202; no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, Dª MARÍA DOLORES CORREA SOBRIDO, NIF 36045220-B, PRESIDENTA e en representación da entidade denominada NOESCAFÉ-TEATRO, CIF G-36891323, e con enderezo en Vigo, rúa Pizarro, 89, CP 36204; no sucesivo A ENTIDADE.

MANIFESTAN

- 1. Que a Concellaría de Cultura ten entre as súas principais competencias a promoción, difusión e apoio ás creacións myusicais e teatrais, fundamentalmente mediante a programación de ciclos de representacións de compañías locais e doutras comunidades españolas, por distintos lugares da cidade e dirixido a todo tipo de públicos.*
- 2. Que dende o ano 2002 o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Noescafé-Teatro veñen organizando o Festival alternativo de teatro “Vigo, a outra alternativa”, e que ten acadado unha excelente acollida entre o público e a crítica da nosa cidade.*
- 3. Que a Asociación Cultural Noescafé-Teatro está en condicións de organizar a cuarta edición deste festival conxuntamente co Concello de Vigo.*

Por este motivo, o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Noescafé-Teatro establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é a programación e organización do IV Festival Alternativo de Teatro e Danza “Vigo, a outra alternativa”, que se celebrará na cidade de Vigo no mes de marzo, según o programa que figura como anexo I.

SEGUNDA.- Presuposto e financiamento.

O presuposto xeral do festival, con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo o detalle presentado pola ENTIDADE e que figura como anexo II, ascende a un total de 42.500.-€, dos que 25.000.-(VINTE CINCO MIL EUROS) serán financiados polo Concello de Vigo a través do presente convenio e serán aplicados á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura para o exercicio 2004 prorrogado.

TERCEIRA.- Obrigas da entidade.

As obrigas que asume A ENTIDADE respecto ao Concello de Vigo son as seguintes:

- 1. Xestionar o programa de compañías para o festival, para o que presentará unha completa selección de posibilidades á Concellaría de Cultura. A decisión final do contido do festival tomarase entrambas partes.*
- 2. Xestionar directamente todas as cuestións referentes aos grupos teatrais seleccionados para o festival.*
- 3. Contratar ao seu cargo o material gráfico necesario para a difusión do festival, consistente en carteis, programas, entradas e invitacións; de todos modos, deberán presentar as probas dos distintos elementos gráficos para obter a conformidade previa do persoal técnico da Concellaría de Cultura antes da súa edición definitiva. Tamén será responsabilidade da ENTIDADE a súa distribución.*
- 4. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobando coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias para o bó desenvolvemento das representacións.*
- 5. Asumir todos os gastos que se deriven da contratación das compañías participantes no festival (cachés, desprazamentos, aloxamentos, manutención...); así mesmo, serán os únicos responsables de realizar os pagamentos a cada unha das compañías.*
- 6. Aportar o persoal necesario para a xestión das taquillas e información ao público; este persoal, en cumprimento da ordenanza municipal de Normalización lingüística, deberá utilizar o galego na súa relación co público, salvo petición expresa do uso do castelán.*
- 7. Presentar á Concellaría de Cultura a memoria-avaliación do programa de actividades obxecto deste convenio dentro dos quince días hábiles seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os seguintes datos: afluencias de público, memoria de prensa, rexistro fotográfico ou audiovisual, informe de incidencias, balance económico con detalle dos gastos e ingresos realizados, acompañando a documentación xustificativa correspondente.*
- 8. Incluír o logotipo da Concellaría de Cultura en calidade de organizador en todo o material gráfico que se edite para o festival, así como en toda a difusión aos medios de comunicación que se realice. A presentación oficial do festival xestionarase entrambas partes. Os logotipos das empresas ou entidades colaboradoras no festival, se é o caso, seguirán a orde e prelación de tamaños que corresponda segundo o valor da súa colaboración.*

QUINTA.- Obrigas do Concello-Concellaría de Asuntos Sociais.

As obrigas que asume o Concello de Vigo respecto á ENTIDADE son as seguintes:

- 1. Aportar a cantidade total de 25.000.-€, para a organización e realización do festival.*

2. Reservar as instalacións da lonxa do Concello para a inauguración do festival os días 24, 25 e 26 de febreiro, as do auditorio para os días 2, 3, 4 e 5 de marzo, e xestionar o permiso para a utilización do Salón de actos do MARCO para os días 8, 9, 10, 11 e 12 de marzo.
3. Aportar a produción técnica necesaria para as representacións previstas no festival, dacordo co “rider” que aporten as compañías; a Concellería de Cultura nomeará un responsable de produción que fará de interlocutor coa ENTIDADE e non asumirá ningunha outra cuestión técnica que as reflexadas no citado “rider”.
4. Xestionar e aboar os dereitos de autor que se deriven do festival.

SEXTA.- Prezos de entradas e invitacións.

O prezo da entrada para cada espectáculo fíxase de mutuo acordo en 5.-€, e estabreceranse bonos de cinco actuacións de 20.-€ e para todo o festival de 30.-€; a xestión da recaudación será total responsabilidade da ENTIDADE e será a beneficiaria da mesma. Así mesmo, editaranse invitacións, das que se entregarán un total de 20.- para cada unha das representacións á Concellaría de Cultura, para atender os seus compromisos protocolarios, cunha antelación mínima de tres días ao comezo do festival.

SÉTIMA.- Mecanismo de seguimento.

O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a ENTIDADE e á presenza do persoal técnico da Concellería de Cultura nos propios espectáculos programados.

OITAVA.- Forma de pagamento.

O pagamento da cantidade estipulada na cláusula segunda deste convenio farase segundo o seguinte detalle:

1. Un primeiro pagamento de 15.000.-€, efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0139 32 0040007514 domiciliada en CAIXANOVA, da que é titular a ENTIDADE, que se realizará o día 25 de febreiro.
2. Un segundo pagamento de 6.000.-€, efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0139 32 0040007514 domiciliada en CAIXANOVA, da que é titular a ENTIDADE, que se realizará o día 8 de marzo.
3. Un terceiro e derradeiro pagamento por un importe de 4.000.-€, efectuarase por transferencia bancaria á mencionada conta, trala conformidade do persoal técnico da Concellaría de Cultura ao desenvolvemento xeral do festival e á memoria-avaliación estipulada na cláusula terceira, 6, facendo constar unha certificación de persoa autorizada na que especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio.

En caso de suspensión dalgún dos espectáculos e se non se decide a súa substitución, o Concello de Vigo realizaría os descontos que correspondan segundo os datos que figuran no presuposto no anexo II.

NOVENA.- Difusión e información.

Toda a información sobre o festival, especialmente no material gráfico, estarán integramente en idioma galego. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellaría de Cultura e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

DÉCIMA.- Vixencia, prorrogabilidade e mecanismos de denuncia.

A vixencia do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xuño de 2005. Así mesmo, este convenio non será prorrogable.

Calquera das dúas partes asinantes poderá denunciar o convenio a través dunha notificación escrita oficial (a través do Rexistro Xeral) cunha antelación mínima de dous meses.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Outros compromisos.

O Concello de Vigo e a entidade asinante non asumen ningún outro compromiso dos recollidos no presente convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Resolución de controversias.

O concelleiro da Área de Asuntos Sociais queda facultado para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan o seu cumprimento e bó desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e a un so efecto o presente convenio, no lugar e a data que se indican.

ANEXO I

PROGRAMA

ROLDA DE PRENSA

CIA.	PROCEDENCIA	DATA	HORA	ESPACIO
SOL PICÓ	BARCELONA	10 FEB.	12.00	SALA DE PRENSA do CONCELLO DE VIGO

ACTUACIÓN INAGURAL

CIA.	PROCEDENCIA	DATA	HORA	ESPACIO
LENZ RIFRAZIONI	PARMA.ITALIA	25 FEB.	21.00	LONXA do CONCELLO de VIGO

INTERVENCIÓN NA RÚA

CIA.	PROCEDENCIA	DATA	HORA	ESPACIO
PROYECTO BABEL	ZARAGOZA	26FEB. 2MAR.	/ VARIA S	RÚAS de VIGO

PROGRAMA

CIA.	PROCEDENCIA	DATA	HORA	ESPACIO
AMARANTO	BARCELONA	2 MAR.	21.00	AUDITORIO MUNICIPAL
FERROVIARIA	MURCIA	3 MAR.	21.00	AUDITORIO MUNICIPAL
SEMOLINA TOMIC	CROACIA	4 MAR.	21.00	AUDITORIO MUNICIPAL
PENDIENTE	AIX EN PROVENCE	5 MAR.	21.00	AUDITORIO MUNICIPAL

PROGRAMA ESPECIAL "SOAS EN ESCENA"

ACTRIZ	PROCEDENCIA	DATA	HORA	ESPACIO
LUMA GÓMEZ	SANTIAGO de COMPOSTELA	8MAR.	20.30	MARCO
ALICIA GÓMEZ	MADRID	8MAR.	20.30	MARCO
VIVIANA FIGUEROA	BOS AIRES	9MAR.	20.30	MARCO
LOLA CORREA	VIGO	10MAR.	20.30	MARCO
PEPA PLANA	BARCELONA	11MAR.	20.30	MARCO
MERCÉ DE RANDE	ZURICH	12MAR.	20.30	MARCO

ANEXO II
PRESUPOSTO

INGRESOS

CONVENIO CONCELLO DE VIGO	25.000 €
PRODUCCIÓN TÉCNICA. Xestionada polo Concello de Vigo, según convenio	10.000 €
TAQUILLA (estimación)	3.500 €
CONVENIO IGAEM	3.000 €
BEGANO	1.000 €
TOTAL	42.500 €

GASTOS

PRODUCCIÓN TÉCNICA. Xestionada polo Concello de Vigo, según convenio	10.000 €
ROLDA DE PRENSA. AXUDAS DE CUSTO "SOL PICÓ"	800 €
CÍAS. PROGRAMACIÓN AUDITORIO/LONXA	14.100 €
CÍAS. PROGRAMA "SOAS EN ESCENA"	7.000 €
CÍAS. PROGRAMA "INTERVENCIÓN URBANA"	3.000 €
PUBLICIDADE	3.000 €
XESTIÓN ADMINISTRATIVA	1.300 €
AXUDAS DE CUSTO PERSOAL DA ASOCIACIÓN	2.300 €
TOTAL	42.500 €

44(159).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DEPORTIVA RP3. Expte. 5121/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28.01.05, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do Instituto Municipal dos Deportes do 24.01.05, conformado

pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio para a celebración da Copa do Mundo de Mountain Bike 2005 – Proba Inaugural, entre o Concello de Vigo e a Asociación Deportiva RP3, que de seguido se transcribe.

2º.- Aprobar o gasto de 18.000€, a favor da Asociación Deportiva RP 3 CIF: G-36850378, con enderezo en Abeleira Menendez, 1 36201 VIGO con cargo á partida 45212260800 do vixente presuposto.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DEPORTIVA RP3 PARA A CELEBRACIÓN DA COPA DO MUNDO DE MOUNTAIN BIKE 2005 VIGO- PROBA INAUGURAL,QUE TERÁ LUGAR OS VINDEIROS DÍAS 30 DE ABRIL Ó 1 DE MAIO 2005.

No Concello de Vigo, a de do 2005.

Dunha parte: D.Corina Porro Martinez, Alcaldesa de Vigo.

E Doutra: Dna. Marta Alfageme, en nome e representación da Asociación Deportiva RP3.

Ámbalas días partes recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente convenio.

EXPOÑEN:

Que en aras do interese deportivo que para a cidade de Vigo ten a realización da Copa do Mundo de Mountain Bike 2005 – Proba Inaugural, o Excmo. Concello de Vigo e a Asociación Deportiva RP3, conveñen a realización do mesmo durante os vindeiros días 30 de abril ó 1 de maio de 2005, nos seguintes termos:

ESTIPULACIÓNS:

PRIMEIRA: O Excmo.Concello de Vigo, comprometese a:

- 1.1.- Autorizar a organización da Copa do Mundo de Mountain Bike 2005 – Proba Inaugural á Asociación Deportiva RP3 para a celebración da mesma ós días 30 de abril ó 1 de maio de 2005.*
- 1.2.- A cesión das instalacións deportivas municipais necesarias durante as datas de celebración da Copa do Mundo de Mountain Bike 2005 – Proba Inaugural*
- 1.3.- Abonar á Asociación Deportiva RP3 os gastos relacionados coa organización e celebración da Copa do Mundo de Mountain Bike 2005- Proba Inaugural que ascende a 18.000€, importe que abonarase coa certificación e presentación de facturas orixinais unha vez rematado o convenio.*

SEGUNDA.- A Asociación Deportiva RP3, asume as seguintes obrigas:

- 2.1.- *Organizar a Copa do Mundo de Mountain Bike 2005 Proba Inaugural, nas datas do 30 de abril o 1 de maio de 2005.*
- 2.2.- *Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento, cubrindo unha póliza de responsabilidade civil.*
- 2.3.- *Tódolos medios de promoción e difusión deberan empregar o galego como idioma oficial da Copa do Mundo de Mountain Bike 2005 – Proba Inaugural.*
- 2.4.- *En toda a información e publicidade do evento figurará o logo da Concellería de Deportes. Así mesmo na instalación onde se celebre o evento figurará unha pancarta da Concellería de Deportes.*
- 2.5.- *A organización porá a disposición da Concellería de Deportes as invitacións necesarias para promover o evento na cidade.*

TERCEIRA: O seguimento da execución do presente Convenio será realizado pola Concellería de Deportes do Excmo. Concello de Vigo, comprometéndose a Asociación Deportiva RP3 a xustificar debidamente ante as mesmas os gastos efectuados para a realización da referida Copa do Mundo de Mountain Bike 2005 - Proba Inaugural.

A Concellería de Deportes, aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

CUARTA: Así mesmo acordan que tódolos ingresos derivados da publicidade, así como calquera outro ingreso proveniente da referida Copa do Mundo de Mountain Bike- Proba Inaugural, serán percibidos en beneficio da Asociación Deportiva RP3 para sufragar os gastos da proba e como compensación os servizos prestados o Excmo. Concello de Vigo, sen que teña nada que reclamar por ningún concepto.

QUINTO: O Concelleiro de Deportes do Concello de Vigo queda facultado para solucionar posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio

Así o conveña no lugar e data no encabezamento expresados e asinan por duplicado e presente documento.

45(160).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dez horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Lucía Molares Pérez.